

GRAO EN SOCIOLOXÍA
TRABALLO DE FIN DE GRAO
CURSO ACADÉMICO 2019-20
CONVOCATORIA DE XUÑO

Emigrantes de onte e de hoxe: a adaptación da comunidade galega a Alemaña

**Emigrantes de ayer y de hoy: la adaptación de la comunidad
gallega a Alemania**

**Emigrants of yesterday and today: the adaptation of the Galician
community to Germany**

SERGIO PARCERO MARIÑO
DIRIXIDO POR: ESTEFANÍA CALO GARCÍA

RESUMO

A emigración en Galicia é un proceso clave para entender a realidade do país. Co pasar dos séculos, conformouse como un elemento histórico de carácter estruturador, xa non só a nivel demográfico, senón tamén a nivel social, económico e cultural. A través deste fluxo humano, son miles os galegos e galegas que fixeron as maletas para instalarse noutras provincias do Estado, así como noutros países. Co fin de profundar neste campo, no presente traballo realízase un estudo cualitativo orientado á análise da realidade da Galicia emigrante. Mediante a realización de entrevistas, e centrado no contexto alemán, establécese unha comparativa entre as experiencias da poboación emigrante da década dos 60 e o da actualidade, buscando coñecer a adaptación a este tipo de procesos.

Palabras clave: emigración, emigrante, adaptación, Galicia, Alemaña.

RESUMEN

La emigración en Galicia es un proceso clave para entender la realidad del país. Con el paso de los siglos, se conformó como un elemento histórico de carácter estructurador, ya no solo a nivel demográfico, sino también a nivel social, económico y cultural. A través de este flujo humano, son miles los gallegos y gallegas que hicieron las maletas para instalarse en otras provincias del Estado, así como en otros países. Con el fin de profundizar en este campo, en el presente trabajo se realiza un estudio cualitativo orientado al análisis de la realidad de la Galicia emigrante. Mediante la realización de entrevistas, y centrado en el contexto alemán, se establece una comparativa entre las experiencias de la emigración de la década de los 60 y de la actualidad, buscando conocer la adaptación a este tipo de procesos.

Palabras clave: emigración, emigrante, adaptación, Galicia, Alemania.

ABSTRACT

Emigration in Galicia is a key process to understand the reality of the country. Over the centuries, it was formed as a historical element of a structuring nature, not only demographically, but also socially, economically and culturally. Through this human flow, thousands of Galicians packed their bags to settle in other provinces of the State and in other countries as well. In order to deepen this topic, in the present work a qualitative study is conducted oriented to the analysis of the reality of emigrant Galicia. By conducting interviews, and focusing on the German context, a comparison is made between the emigration experiences of the 60s and today, seeking to know the adaptation to this type of process.

Key words: emigration, emigrant, adaptation, Galicia, Germany.



En Galiza non se pide nada. Emígrase.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Álbum Nós*.

Índice de contidos

1. Introducción.....	6
1.1. Presentación do problema e obxectivos da investigación	7
Obxectivos xerais:	7
Obxectivos específicos:	8
2. Marco teórico	10
2.1. A emigración en Galicia.....	10
2.2. O concepto “adaptación” dende un enfoque sociolóxico.....	11
2.3. A diáspora galega en Alemaña: perspectiva histórica e actual	14
2.3.1. Emigrantes de onte.....	15
Contexto da época.....	15
Política e lexislación sobre a migración.....	18
Vida e adaptación da poboación emigrante	19
2.3.2. Emigrantes de hoxe	24
Contexto actual.....	24
Política e lexislación sobre a migración.....	28
Vida e adaptación da poboación emigrante	29
3. Hipóteses.....	32
4. Metodoloxía	34
4.1. Metodoloxía ideal	35
4.2. Modificacións da metodoloxía	39
4.3. Táboas tipolóxicas	41
5. Resultados.....	43
Obxectivo 1.....	43
Obxectivo 2.....	47
Obxectivo 3.....	51

Obxectivo 4.....	55
6. Conclusións	60
7. Fortalezas e debilidades do traballo.....	63
8. Bibliografía.....	65
9. Anexos.....	69
Guión de entrevista	69
Entrevista 1 (E1)	71
Entrevista 2 (E2)	79
Entrevista 3 (E3)	91
Entrevista 4 (E4)	100
Entrevista 5 (E5)	109

Índice de táboas e figuras

Índice de táboas

Táboa I. Obxectivos específicos da investigación e hipóteses asociadas a cada un	33
Táboa II. Matriz de categorías. Número de entrevistas segundo época e sexo	38
Táboa III. Persoas entrevistadas da Xeración 60/70.....	41
Táboa IV. Persoas entrevistadas da Xeración Actual	42

Índice de figuras

Figura 1. Localización xeográfica das persoas entrevistadas	42
Figura 2. Discursos da poboación emigrante segundo o tipo de adaptación aos valores culturais de Alemaña.....	46

Figura 3: Discursos da poboación emigrante segundo presenza de discriminación ou xenofobia na súa relación co medio alemán..... 54

Figura 4. Discursos da poboación emigrante segundo o grao de contacto coa comunidade galega/española 58

Lista de acrónimos

IGE: Instituto Galego de Estatística.

INE: Instituto Nacional de Estatística.

INXUVE: Instituto da Xuventude.

OIM: Organización Internacional para as Migracións.

PSB: Proceso Social Básico.

RAE: Real Academia Española.

RFA: República Federal Alemá.

UDC: Universidade da Coruña.

UE: Unión Europea.

1. Introducción

O proceso migratorio conta cunha longa tradición na historia de Galicia. Ao longo dos últimos séculos, milleiros de galegos e galegas víronse na obriga de emigrar co fin de buscar un futuro próspero lonxe da súa terra. En contraste co atraso que Galicia viviu sempre, numerosos países estranxeiros ofrecían oportunidades de mellora persoal e familiar.

Poñendo como data inicial da emigración galega o ano 1880, diferéncianse ata os nosos días distintos períodos ben definidos (Álvarez, 1995). Atendendo ao destino do proceso migratorio masivo, pódese diferenciar aquel que tivo por obxectivo América Latina, dende 1880 ata pasado o ecuador do século XX. Nesta etapa, distínguese entre a emigración anterior á Guerra Civil e a posterior. Mentres que a situación da poboación galega era precaria en ámbolos dous casos, logo do conflito bélico levouse a cabo un proceso de industrialización que moldeou de xeito clave os países aos que as xentes galegas chegaban. Por outro lado, distínguese unha emigración máis próxima á actualidade: a emigración de destino continental (anos 60 e 70 do pasado século) (Álvarez, 1995). Por último, coa globalización das sociedades do século XXI, estase levando a cabo un proceso moito máis deslocalizado, tendo como orixe Galicia pero tomando como destino países dispares con contextos heteroxéneos.

Tomando como punto central as emigracións continentais dos 60 e 70, así como a emigración globalizada actual, o presente traballo xorde coa idea de amosar a realidade da diáspora galega en Alemaña, centrándose na súa adaptación ao contexto político, social e económico, así como nos problemas derivados do proceso migratorio. A través dunha labor eminentemente cualitativa, tratarase de comparar o relato emigrante dos anos 60 e 70 co relato actualizado dos que neste século puxeron rumbo ao país xermánico. Para este fin, durante o presente traballo falarase de Xeración 60/70 e Xeración Actual¹.

A importancia da emigración en Galicia é perceptible dende diferentes enfoques. Por unha banda, dende unha perspectiva puramente poboacional e demográfica, é doado entender como os saldos migratorios negativos que Galicia viviu ao longo de décadas pasadas consolidaron ao país como un exportador de poboación. Desta forma, a

¹ O nome co que se denomina a cada xeración é xorde das necesidades do traballo. Non se trata de nomes institucionalizados por teorías ou estudos previos, senón que son apelativos que buscan facer referencia a colectivos homoxéneos delimitados en parte pola natureza do traballo.

estrutura poboacional de Galicia sufriu numerosos cambios apreciables aínda hoxe en día.

A emigración é un fenómeno que incide directamente en eidos como a economía, así como na sociedade e na cultura, menos observables a través de datos cuantitativos. Sobre esta última idea, o traballo preséntase como unha oportunidade para analizar os proxectos migratorios dende un enfoque máis concreto, centrado na realidade e experiencia das xentes que, tras abandonar a súa terra, se viron obrigadas a adaptarse a unha cultura allea á súa. Dentro da variedade de estudos cualitativos acerca da emigración en Galicia, o feito de establecer unha comparativa entre a emigración da segunda metade do século pasado e a actual ofrece unha análise máis profunda e progresiva do que supón a emigración para a idiosincrasia dos galegos e galegas.

Alemaña é (xunto con Suíza) o país con máis poboación galega emigrada durante o período migratorio continental (Instituto Nacional de Estadística [INE], 2019). Na actualidade, Alemaña atópase no terceiro chanzo en canto a inmigrantes galegos, unicamente superado por Suíza e Estados Unidos. Debido a isto, o país xermánico eríxese como un eido de análise interesante e representativo. Este feito dá pé a analizar, nun mesmo contexto xeográfico, os distintos procesos de adaptación e acollida levados a cabo no contexto alemán. Isto, permite ver os cambios experimentados, así como apreciar a evolución que viviu o país no plano político-social e o grao de influencia desta nos distintos relatos recollidos.

1.1. Presentación do problema e obxectivos da investigación

En consecuencia co anteriormente relatado, expóñense de forma esquemática os obxectivos que estruturan a investigación. Dividido en dúas cuestións interrelacionadas, os obxectivos xeral serve de punto de partida para a formulación de catro obxectivos específicos. A través da consecución de todos eles, preténdense extraer conclusións significativas para a investigación.

Obxectivos xerais:

- Analizar os procesos de adaptación da poboación emigrante galega a Alemaña, así como os posibles problemas derivados de dito proceso.

- Establecer unha comparativa entre os procesos de adaptación ao país xermánico nos anos 60-70 e na actualidade.

Obxectivos específicos:

- Determinar a adaptación aos valores culturais e lingüísticos do novo país.
- Descubrir os cambios económicos experimentados a raíz do proceso migratorio.
- Observar a presenza de discriminación ou xenofobia na relación do emigrante co medio alemán.
- Detectar os sentimentos de pertenza á comunidade de orixe, así como á comunidade de acollida.

Para acadar os anteriores obxectivos, este traballo constará de 7 partes diferenciadas. A continuación da presente introdución, atópase o marco teórico. A través dunha revisión bibliográfica en torno a estudos previos, buscarase dotar ao traballo cunha información contrastada e de entidade que consiga acadar unha serie de reflexións. En segundo lugar, sitúase a explicación da metodoloxía. Esta, explicada polo miúdo no propio epígrafe, busca darlle un rumbo concreto á investigación, introducindo e explicando os pasos a seguir para a consecución dos obxectivos presentados previamente.

A través dunha comparativa entre a literatura consultada acerca do tema de estudo e o novo enfoque que rexe este novo estudo, establécese a formulación de hipóteses. Estas ideas preconcebidas teñen por obxectivo o de servir de mecanismo de contraste co que se estudará posteriormente. É así como se chega á cuarta fase do traballo: a análise de resultados. Logo de obter os resultados froito da aplicación da metodoloxía, acadaranse uns resultados que se contrastarán, por unha banda, co marco teórico e, por outra, coas hipóteses mencionadas. Con respecto a estas últimas, o que se busca é probar a súa veracidade.

Por último, o traballo cerrarase cun apartado para as conclusións. Neste, tratarase de condensar toda a información recollida ao longo do proceso, co fin de simplificar as ideas extraídas.

Ao longo do traballo, ademais de desenvolver todas as partes da mellor maneira posible, buscouse reforzar cada unha delas segundo o contexto o reclamaba. Dado que a crise sanitaria condicionou a labor investigadora, epígrafes como o marco teórico foron

aumentados e outros como a metodoloxía foron reformulados, a fin de adaptarse ás esixencias da situación.

2. Marco teórico

2.1. A emigración en Galicia

A palabra migrante trátase dun termo xenérico non definido polo dereito internacional, pero que goza de distintas definicións. En primeiro lugar, cómpre mencionar a elixida pola Organización Internacional para as Migracións (OIM):

[...] Designa a toda persoa que se traslada do seu lugar de residencia habitual, xa sexa dentro dun país ou a través dunha fronteira internacional, de maneira temporal ou permanente, e por diversas razóns. Este termo comprende unha serie de categorías xurídicas ben definidas de persoas, como os traballadores migrantes; as persoas cuxa forma particular de traslado está xuridicamente definida, como os migrantes obxecto de tráfico; así como as persoas cuxa situación ou medio de traslado non estean expresamente definidos no dereito internacional, como os estudantes internacionais (OIM, 2019: 130).

Se dende un punto de vista político se entende da anterior maneira, dende un punto de vista lingüístico tamén se pode entender por fluxo migratorio “aquele número de persoas que traspasan unha fronteira, dentro dun período determinado, co fin de establecer a súa residencia neste novo lugar” (RAE, 2019). Dentro desta idea, diferenciamos entre os fluxos de entrada e de saída (emigración e inmigración). Para o presente traballo, os fluxos de saída son os que ocupan o principal foco de análise.

Ademais do termo emigración, nas seguintes páxinas emprégase a palabra diáspora. Este concepto, segundo explica Koinova (2010), sufriu certa evolución dende enfoques positivistas que a entenderon como un “grupo multi-xeracional de migrantes que comparten unha identidade común e manteñen recorrentes contactos co seu país de orixe” (Koinova, 2010: 150). Co cambio de paradigma, as teses positivistas deron paso a enfoques máis construtivistas que tratan a diáspora como unha “práctica, reclamo, expresión ou proxecto” (Koinova, 2010: 150).

Pola súa parte, Beltrán (2003) entende define diáspora da seguinte maneira:

O concepto de diáspora fai referencia a un tipo de migración específica, unha de cuxas características é a non asimilación na sociedade xeral de acollida. É dicir, os membros das comunidades diaspóricas esfórzanse por non perderen nin a súa

lingua materna nin os vínculos étnicos comunitarios e transnacionais, pois disto depende o seu éxito económico e unha parte importante das súas actividades laborais (p. 12).

Seguindo esta serie de definicións, a diáspora pode entenderse como o total da poboación galega emigrada ao longo dos séculos. Esta, independentemente da época ou do destino, pode entenderse como un grupo étnico de orixe común, o cal comparte e mantén unha serie de características culturais comúns que os diferencia do resto.

Atendendo ás características culturais da sociedade galega, así como á realidade histórica que se vive en cada momento, pódese entender á emigración galega como un colectivo ben definido e diferenciado. De carácter propio, a poboación galega emigrada ao longo da historia sempre mantivo e, en certo modo, reproduciu a súa cultura propia. Por outra banda, sempre se mantén ligada á terra de orixe, especialmente durante os séculos XIX e XX, onde a poboación emigrante buscaba obter ingresos que melloraran a súa posición social en Galicia (Kreienbrink-Herrero, 2000).

Tomando como central este concepto, a súa relación co termo adaptación cobra unha importancia aínda maior. Se os galegos e galegas son entendidos como un colectivo inseparable da súa cultura de orixe, o feito de observar ata que punto se levou a cabo a adaptación á nova cultura sen desligarse da propia cobra un interesante carácter.

Para entender o fenómeno emigratorio galego debemos diferenciar os distintos ciclos sucedidos no tempo. Por unha banda, o máis longo e intenso: o éxodo a América Latina levado a cabo entre 1861 e 1970. Por outro lado, a diáspora europea, levada a cabo durante os anos 60 e 70 (Álvarez, 1995). Se ben estes dous son os períodos de emigración masiva máis recoñecidos, o proceso migratorio é inherente a calquera sociedade e a calquera época, xa sexa con maior ou menor intensidade. Na actualidade galega, debido ao contexto de crise, a emigración segue a ter relativa importancia, sendo 11.168 os rexistros de galegos e galegas emigradas a outros Estados durante o ano 2018 (IGE).

2.2. O concepto “adaptación” dende un enfoque sociolóxico

Posto que é un dos conceptos centrais do presente traballo, cómpre facer un inciso para definir o que significa o termo adaptación. Dende un punto de vista sociolóxico, ao

longo da historia establecéronse distintas ideas ao redor do concepto de adaptación, dependendo de en que contexto se producían ou a que obxecto ían orientadas. Por establecer un punto de partida, podemos tomar a definición que ofrece Luciano Gallino no seu *Diccionario de Sociología* (2001):

Relación dinámica de intercambio entre unha colectividade e o seu ambiente social ou natural, tendente a asegurar as condicións de existencia da colectividade mesma nun determinado nivel de desenvolvemento social e cultural a través do abastecemento de recursos, adecuados cuantitativa e cualitativamente ás necesidades dos seus membros (p. 13).

O concepto de adaptación provén da teoría da evolución das especies, sendo aplicado ao eido sociolóxico por autores que pretendían explicar a evolución social. Así, teóricos como Spencer catalogábanos de “progresiva diferenciación das estruturas sociais, entendidas como a expresión do principio universal mediante o cal a vida consiste na incesante adaptación das relacións internas dun organismo ás súas relacións externas” (Gallino, 2001: 14). A partir desta concepción, Michelangelo Vaccaro (Gallino, 2001) elabora a súa “lei da adaptación”, segundo a cal o individuo tende a adaptarse sempre mellor ao ambiente no que vive. O autor italiano, distingue entre catro formas principais de adaptación: a primeira, entre o home e as forzas cósmicas; a segunda, entre o home e o mundo vexetal; a terceira, entre o home e os animais; e, por último, entre os diversos grupos sociais. Este autor considera que, a pesar de interrupcións e retrasos temporais, estas formas de adaptación non deixaron de mellorar ao longo da historia.

Outro grupo de autores da época, entre os cales destacan Park e Burgess (Gallino, 2001: 14) toma o termo adaptación como a “continua invención e modificación de estruturas sociais, hábitos de comportamento, institucións, técnicas, trazos culturais elaborados para facer fronte ás esixencias de individuos e colectividades no curso da interacción cos máis diversos ambientes físicos e sociais”. Eles propuñan, sen embargo, usar o termo *accomodation* en lugar de adaptación (Gallino, 2001: 14).

Dende un punto de vista máis psicoloxicista atópase a perspectiva de Gabriel Tarde, na súa obra *La logique sociale* (1895), adicado enteiramente aos procesos de adaptación, e en *Les lois sociales* (1898). Para o sociólogo francés, o termo adaptación fai referencia á harmonía entre as ideas na mente do individuo. Dita harmonía maniféstase na súa forma máis elevada na mente do inventor, aquel que en todos os campos aporta á sociedade

novas ideas técnicas, xurídicas, científicas e filosóficas, das cales deriva o progreso. Conclúe pois, que se na mente de cada individuo reina a harmonía entre as súas ideas, a harmonía das diversas mentes que compoñen unha sociedade estará asegurada (Gallino, 2001).

Pola súa parte, Sombart (Gallino, 2001) fala de adaptación da poboación ás necesidades do capitalismo dende principios do século XIX, a cal tivo como resultado a formación do proletariado moderno. Aquí configúrase un axente con perspectiva a longo prazo: o capitalismo industrial e agrícola. Este, “necesita” relacións de propiedade, máxima explotación do chan e dos medios de produción, a xestión racional das empresas, combinación e coordinación de moitos traballadores baixo un só mando e o prezo do traballo favorable ao emprego do capital. Isto, require que a poboación se adapte gradualmente dende o seu triplo punto de vista: concentrándose nas cidades (adaptación espacial), habituándose ao traballo parcial, regular e subordinado da fábrica capitalista (adaptación técnica) e controlando as pretensións salariais ata tal punto que se poida garantir un beneficio do uso do capital (adaptación económica) (Gallino, 2001).

O termo adaptación ocupa un lugar primordial na teoría de autores de notable importancia. Tal e como explica Girola (2010), para Talcott Parsons, a adaptación representa o primeiro chanzo do sistema AGIL. Para o sociólogo norteamericano a adaptación trátase dun mecanismo que permite contrarrestar tensións e conflitos, internalizando os individuos valores e normas que contribúen ao mantemento da orde social.

Segundo a explicación ofrecida polo propio Gallino (2001), a adaptación ao ambiente pode alcanzala unha colectividade de dúas maneiras distintas. Por un lado, mediante unha modificación das relacións internas e doutros elementos da cultura. Por outra banda, a través dunha transformación do ambiente externo, natural ou social. A maior parte das colectividades usan habitualmente ámbolos dous modos en caso de atoparse dentro da súa propia cultura, que pode derivalas a actividades de dominio da natureza ou a formas de contemplación do mundo. Por contra, outras veces, a razón está na dureza do ambiente, a cal impide calquera tipo de adaptación que non sexa unha reorganización interna; ou en presións que xorden dende o interior da colectividade, forzándoa a comprometerse nunha transformación activa do ambiente externo, incluso contra a súa cultura de referencia.

Tal e como se pode comprobar, o concepto adaptación posúe certa tradición na teoría sociolóxica. Sen embargo, case todas as ideas desenvolvidas polos distintos teóricos, ou ben fan referencia á realidade no seu sentido xeral ou ben analizan o mundo segundo as leis do sistema capitalista. Por este motivo, resulta interesante relacionar o concepto de adaptación coa realidade emigratoria galega, a fin de poñer a proba as teorías dos autores nun caso máis concreto.

Como inclúe Gallino (2001) na súa obra, dentro da teoría de Vaccaro, pódese observar a emigración a través da súa “lei de adaptación”, así como encadrala na cuarta das formas de adaptación que propón (adaptación entre grupos). Concretamente, a poboación emigrante galega sería ese grupo destinado a adaptarse ao grupo maior ou dominante: a poboación nativa alemá. Por outro lado, dende a perspectiva de Park e Burges, o seu concepto *accomodation* serviría para explicar os cambios a nivel cultural ou de comportamento que a poboación emigrada debe levar a cabo para adaptarse a novos ambientes físicos e sociais, como ben pode ser o contexto alemán. De igual forma, atendendo á análise de Sombart sobre o capitalismo, pode entenderse o proceso de adaptación espacial, técnico e económico que a emigración galega ten que levar a cabo no seu novo ambiente. Por último, é salientable sinalar a aproximación teórica de Parsons ao concepto de adaptación, o cal aparece inserido na teoría do seu sistema AGIL. A través da teoría do autor norteamericano, pode explicarse como a poboación emigrante se adapta mediante a adopción e interiorización de normas do país de acollida, co fin de manter a orde social vixente (Gallino, 2001).

Tal e como se puido ver tras o exposto anteriormente, a adaptación dunha poboación emigrante ao novo contexto pode analizarse dende distintos enfoques. Aplicando as anteriores definicións ao tema do traballo, para que unha poboación estranxeira se adapte a un novo contexto político, social e económico, é necesario que esta modifique as súas relacións internas. Desta maneira, tratando de cambiarse a si mesma, en lugar de tentar modificar o seu novo contexto, logrará axustarse ao novo contexto.

2.3. A diáspora galega en Alemaña: perspectiva histórica e actual

Co fin de establecer unha análise dos procesos de adaptación da poboación emigrante galega, tómase Alemaña como espazo de análise. Como xa se viu anteriormente grazas as tendencias amosadas polo INE, Alemaña é (xunto con Suíza) o país ao que máis

galegos e galegas emigraron durante o último terzo do século pasado. En base a isto, o contexto xermánico preséntase como un dos marcos comparativos e de análise máis acertados para o traballo. A través de dita comparativa entre a Xeración 60/70 e a Xeración Actual, a recompilación teórica presentada a continuación ten por obxectivo o de entender o contexto xermánico de cada tempo. Obsérvanse deste xeito as actuacións do país de acollida e as do país de orixe, así como a reacción e adaptación da poboación emigrante galega aos distintos eventos e situacións ás que se enfronta na súa estadía no estranxeiro.

2.3.1. Emigrantes de onte: perspectiva histórica da diáspora galega en Alemaña

Contexto da época

A emigración masiva de poboación galega cara Alemaña comeza en 1959, aproveitando os cambios que a nivel migratorio se comezaron a percibir en todo o mundo. Tal e como sinala Álvarez (1995), o que historicamente fora unha emigración de carácter intercontinental (con destino latinoamericano), converteuse pouco a pouco nun éxodo intracontinental. Se nas épocas anteriores os movementos migratorios eran concibidos como un xeito de poboar territorios, neste punto pasan a entenderse como un aproveitamento do migrante visto como man de obra.

De forma concreta, é entre os anos 1945 e 1975 cando se vive un cambio na dirección dos fluxos migratorios que desembocará nunha absorción de poboación por parte dos países máis industrializados do continente europeo. Así, países tradicionalmente emigrantes como Alemaña ou Reino Unido pasan a ser territorios eminentemente inmigrantes (Vilar, 2000). Dentro da etapa mencionada, cómpre salientar o período 1960-1973, a coñecida como “etapa de desenvolvemento pleno” e cénit da absorción de poboación laboral. Durante estes trece anos, 15.000.000 de persoas mobilizáronse por medios terrestres². Deste xeito, países continentais como os dous mencionados anteriormente viron medrar o seu PIB en valores próximos ao 5% anual (Vilar, 2000).

O crecemento económico que estes Estados receptores de migrantes experimentaron nesta época foi debido á recuperación que viviron tras o remate da Segunda Guerra Mundial. O reasentamento da poboación anteriormente dispersa polo conflito bélico e o

² A diferenza da emigración transoceánica de décadas anteriores, a emigración continental caracterizábase polo emprego de medios de transporte terrestre, no lugar dos medios marítimos empregados noutro tempo.

novo impulso vivido polas economías europeas permitiron que estes países foran vistos como un espazo perfecto ao que emigrar. Ademais, cómpre ter en conta a escasa man de obra que existía nestes países, agravada pola baixa natalidade, así como o fenómeno inverso vivido nos países exportadores de emigrantes: baixa capacidade produtiva, forte presión demográfica e excedente de man de obra (Vilar, 2000). Mentres que as principais democracias europeas desfrutaban da “milagre económica³” da posguerra, a España de Franco, illada e excluída do Plan Marshall, non conseguía reflotar a súa. Foi pouco a pouco, coa progresiva modernización do país, que as vías migratorias permitiron o transvase de poboación da Península ao resto de Europa (Farraco et al, 2013).

Grazas a este contexto receptivo, á lixeira apertura política da España franquista, e á consecución de convenios laborais con outros países, comeza a producirse o éxodo de poboación galega. Como xa se mencionou, de entre todos os países europeos, na acollida de galegos destacan dous: Alemaña e Suíza (Álvarez, 1995). Centrándonos no país xermánico, entre 1955 e 1988 pasaron pola República Federal de Alemaña (RFA) un total de 800.000 migrantes con nacionalidade española (Estévez, 2018). Destes, un 20% era de orixe galega, constituíndose como o segundo grupo máis numeroso dentro do colectivo de nacionalidade española (Estévez, 2018). Para valorar mellor a importancia de Alemaña na recepción da migración galega, cómpre destacar que, no inicio do ciclo europeo, o país centroeuropeo absorbía o 88% da emigración galega (Álvarez, 1995).

Finalmente, en 1973, a causa da crise enerxética e económica, a chegada de traballadores cesou de forma importante (Venn, 2002). Por este motivo, o reagrupamento familiar estableceuse como a única forma de inmigración, a pesar de que a administración alemá tentou impedilo (Kreienbrink-Herrero, 2000). Debido á lexislación do país, a aquel inmigrante que decidise volver ao seu Estado de orixe non se lle permitiría volver a instalarse en territorio xermánico de novo. En consecuencia, era moita a xente emigrada que, debido á inestabilidade da España franquista, decidían

³ Denominado *Wirtschaftswunder* en alemán, fai referencia ao período vivido na Alemaña Occidental e en Austria logo da Segunda Guerra Mundial. Este, estivo marcado pola rápida reconstrucción e desenvolvemento das súas economías a consecuencia do Plan Marshall. Para ampliar: Sanz, G. (2015). Emigrantes industriais: los trabajadores españoles y el «milagro económico alemán», 1960-1985. *Revista de Historia Industrial*, 60, 173-216.

non arriscarse a voltar a ela. Este feito cambiaría en 1975, coa morte de Franco e a posterior e progresiva apertura do sistema (Kreienbrink-Herrero, 2000).

En canto ás motivacións, de acordo ao mencionado por Kreienbrink-Herrero (2000), os galegos e galegas que decidían coller as maletas rumbo a Europa Central facíanlo por temas laborais, alegando razóns económicas e, en moitos casos, buscando melloras na educación dos seus fillos. Segundo apuntan Farraco et al (2013), o seu obxectivo principal era quedar en Alemaña durante un ou dous anos, aforrar algún diñeiro e voltar á súa terra. Cómpre ter en conta que a emigración galega partía ao estranxeiro coa firme idea de volver nun período de tempo relativamente curto, polo que a miúdo aceptaban grandes cargas de traballo, co fin de conseguir grandes ingresos en pouco tempo (Gualda, 2001). Ademais, a estas motivacións uníase o descontento co réxime político imperante no Estado de orixe, que impulsaba a parte da poboación a abandonar a súa terra (Kreienbrink-Herrero, 2000).

En canto ao perfil da emigración galega na Alemaña da época, destaca a preponderancia masculina, representando un 80% do total para o período 1961-1980 (Álvarez, 1995). No referido á idade, o grupo comprendido entre os 15 e os 34 anos é o que nutre principalmente a emigración continental, supoñendo un 72% do total (Álvarez, 1995). Por último, a poboación emigrada caracterizábase pola súa baixa cualificación, sendo común o éxodo de individuos de clase baixa, ou traballadores de pescozo azul⁴ (Oviedo, 2017). A procedencia rexional condicionaba enormemente o nivel de formación e a experiencia profesional destes primeiros migrantes. Habitualmente procedentes das zonas máis atrasadas da Península (Andalucía e Galicia, especialmente), a maior parte da poboación emigrante española entrevistado por Delgado (1966) (citado en Farraco et al, 2013) a principios dos anos 60 procedían do sector agrícola antes de emigrar. En canto ao destino, nestes anos, as principais zonas poboadas polos emigrantes peninsulares eran as máis industrializadas de Alemaña (concretamente, Estados federais como Renania do Norte-Westfalia, Hessen ou Baden-Württemberg; e cidades como Frankfurt, Stuttgart, Düsseldorf, Darmstadt, Colonia, Hannover ou Hamburgo)⁵.

⁴ Termo que fai referencia a persoas de clase traballadora encargadas de labores principalmente manuais. Contraponse ao concepto de traballador ou traballadora de pescozo branco.

⁵ Delgado (1966), citado en Farraco et al. (2013).

Política e lexislación sobre a migración

Para entender o contexto alemán no que a poboación emigrante se asentaba, é preciso deterse a ver que condicións marcaban o contexto xermánico da segunda metade do século XX. A política inmigratoria da RFA estaba marcada pola filosofía do *Gastarbeierr*⁶, que entendían aos inmigrantes como traballadores invitados que non deberían de ficar máis dun par de anos no país. En consecuencia, dende Alemaña non se levaban a cabo políticas lingüísticas para a integración das comunidades inmigrantes (Estévez, 2018). Entrementres, dende a perspectiva da España franquista, a RFA era vista como o destino ideal para a emigración española, debido á inexistencia de organización republicana no exilio alemán (Estévez, 2018). Sen embargo, en experiencias anteriores como a emigración masiva a América, levárase a cabo unha importante labor de asociación. Boa proba disto é o asociacionismo levado a cabo na diáspora arxentina durante a primeira metade do século XX, de carácter político en moitos casos e de gran influencia entre a emigración da época (Farías, 2016). A influencia deste tipo de grupos e asociacións tiña a súa orixe, en ocasións, nas célebres figuras do exilio galego, como pode ser o caso de Castelao en Bos Aires (Monteagudo, 2016).

Dende os representantes do Goberno español na RFA incidíase continuamente na necesidade de construír escolas nacionais españolas, co obxectivo de que os nenos españois non se integrasen totalmente na sociedade alemá e nun futuro decidiran voltar ao seu país de orixe (Harms, 1980). Como consecuencia das dificultades que os migrantes se atopan no seu novo medio, xorden organizacións de inmigrantes, co fin de apoiar aos que paulatinamente van chegando. Estas redes informais que se van xerando encárganse de satisfacer necesidades básicas, como a adquisición de vivenda, tramitar documentos ou localizar servizos (Morán, 2004).

A emigración galega en Alemaña estaba condicionada polo seu marco xurídico. Supeditada aos acordos bilaterais firmados con outros países (Italia, España, Grecia Turquía, Marrocos, Portugal, Tunisia e Iugoslavia, ata 1968), a recepción de migrantes caracterizábase por estar altamente regulada (Farraco et al., 2016). Segundo contan

⁶ O termo *Gastarbeiter* (entendido en galego como “traballador invitado”) dálle nome aos traballadores de diversas nacionalidades que foron contratados durante a década de 1960 polas autoridades da República Federal de Alemaña. Véxase Gualda, E. (2001). *Los procesos de integración social de la primera generación de «Gastarbeiter» españoles en Alemania*. Huelva: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Huelva.

Babiano e Fernández (citado en Farraco et al., 2016), entre os sistemas de recrutamento dos países europeos destacaba a discrecionalidade das administracións especializadas do país de acollida e a restrición dos dereitos de cidadanía aos traballadores.

De forma concreta, no convenio firmado entre España e Alemaña existían diversas cláusulas restritivas que poñían impedimentos á reagrupación familiar, non proporcionándolle ningún tipo de axuda económica. O goberno alemán non estaba interesado no asentamento definitivo de inmigrantes, polo que tampouco destinaba fondos á ensinanza do idioma local nin ao aloxamento (Farraco et al., 2016). Vilar (citado en Farraco et al., 2016) sinala que o marco lexislativo alemán tiña un obxectivo claro: sacar o máximo rendemento do inmigrante, reducindo o número de dereitos que este podía chegar a adquirir e incitándoo así a voltar ao seu país nun período de tempo relativamente curto. A pesar de que o fin último era este, o efecto que se logrou foi o oposto. En moitos casos, a combinación dunha lexislación restritiva e unhas perspectivas de emprego nada favorables na España franquista levou a moitos emigrantes a tomar a decisión de establecerse definitivamente no país xermánico (Farraco et al., 2016).

Co paso dos anos, Alemaña foi desenvolvendo pouco a pouco políticas para mellorar a integración, iso si, combinándoas con medidas que incentivasen o retorno. Ademais, apostando por un sistema rotatorio baseado na figura dos *Gastarbeiter*, o goberno alemán emitía a clara mensaxe de que a inmigración española non era ben vista no país (Farraco et al., 2016).

Vida e adaptación da poboación emigrante

A vida na diáspora continental cómpre entendela dentro dos proxectos de vida que a propia emigración establecía. Noutras palabras, de acordo ao contado por Ruiz (2000), distínguense tres etapas neste tipo de emigración, dependendo da planificación que os individuos facían en torno ás súas vidas. A primeira delas estaba orientada cara o retorno a curto prazo. Alemaña era vista como un lugar de traballo a partir do cal gañar cartos e volver á casa. A segunda etapa iníciase cando parte daquela primeira emigración se propón continuar a vivir no país uns anos máis. Preocupados pola educación dos fillos e polo mantemento dunha certa estabilidade, comeza a nacer a preocupación por coñecer a contorna, conseguir unha mellor vivenda ou mellorar o idioma. Xa por último, a terceira etapa “vén dada polos anos de estancia no estranxeiro

e a madurez da persoa” (Ruiz, 2000: 25). Neste momento, é cando os individuos e familias da emigración deciden permanecer no estranxeiro ou retornar ao seu lugar de orixe.

En canto ás condicións de vida que a xente emigrante se atopaba en Alemaña, destacan diversos factores recollidos por Álvarez (1995) no seu estudo sobre a migración de retorno en Galicia. Mediante a realización de entrevistas a poboación galega emigrada a Europa Central (especialmente a Alemaña), logra extraer numerosas características sobre a realidade galega da diáspora dese período.

Como xa se comentou anteriormente, o fin último da inmigración en Alemaña era o de ser aproveitada como un factor máis do capital, non con fins repoboadores, como anteriormente ocorrera noutras experiencias. Segundo comenta Barrutieta (1976), esta primeira emigración de orixe español estaba marcada por un certo illamento, déficit de idioma, un ambiente social pechado, discriminatorio e, en resumo: dous mundos diferentes.

Entre os factores que marcaban o día a día dos galegos e galegas pódense destacar os seguintes: a vivenda, o traballo, o espazo, as relacións coa terra de orixe e a lingua. A raíz do tipo de relación da persoa emigrante con cada un deles, dábase pé a unha mellor ou peor adaptación ao contexto alemán da época (Álvarez, 1995).

O primeiro dos factores que cómpre destacar é o traballo. Como xa se vén comentado, a vida da persoa emigrada estaba supeditada ao aforro. O galego que facía as maletas cara Europa Central organizaba a súa marcha en función dun traballo determinado, a partir do cal, conseguir unha serie de ingresos que melloraran a súas condicións de vida nunha hipotética volta a Galicia. Comenta Álvarez (1995), que o paso de traballar no campo a facelo na fábrica non supuxo un gran cambio para a emigración. Por unha banda, non se trataban de traballos máis duros ou esixentes caos realizados no rural, máis ben ao contrario. Por outra, as posibles dificultades que os traballadores se puideran atopar na realización do traballo en cadea eran superadas mediante a intervención dos superiores, encargados de supervisar o apartado técnico. O día a día da poboación emigrante estaba estruturado en base á xornada de traballo. Segundo relata unha entrevistada, a clave dos maiores ingresos que se obtiñan en Alemaña, así como o posterior aforro que se levaba a cabo en base a eles, era grazas á gran cantidade de horas que se traballaba diariamente no país xermánico (Álvarez, 1995: 592).

En segundo lugar, obsérvase unha grande importancia no carácter das relacións co país do orixe. Se durante as migracións cara América os galegos e galegas vían dificultado o contacto cos achegados residentes en Galicia, na emigración cara Alemaña ocorre o contrario. Debido á proximidade dos países de Europa Central coa península, a posibilidade de regresar temporalmente á terra de orixe para visitar a familiares e amizades era unha opción real. Porén, a importancia do factor aforro no proxecto migratorio galego facía que a idea dunha visita se contrapuxera coa do futuro retorno. Noutras palabras, as familias que decidían investir periodicamente nunhas vacacións en Galicia arriscábanse a ter menos liquidez para poder levar a cabo un hipotético retorno no futuro (Álvarez, 1995).

Cando quen emigra non é simplemente un individuo, senón unha unidade familiar máis ampla, de varios membros, aumentan os tipos de separación que se poden levar a cabo. Mentres que nas migracións transoceánicas era habitual a viaxe dun só dos membros, no caso europeo foi habitual o transvase de parellas cara o estranxeiro. Desta maneira, o que se discutía era a posibilidade de levar consigo aos fillos e fillas (en caso de telos) ou non. En caso de levalos, a miúdo un dos dous cónxuxes víase obrigado a abandonar o seu traballo para ocuparse dos seus coidados. Por outro lado, neste caso, ao ter á familia completa na emigración, a motivación e proxecto de retornar á casa era menor. No caso contrario, había situacións nas que a descendencia quedaba no país de orixe, incentivando aos proxenitores a volver regularmente a velos, pero permitíndolle centrarse en maior medida nos seus respectivos traballos remunerados na emigración (Álvarez, 1995). Ademais, como xa se ten comentado, naquelas zonas amplamente habitadas por comunidades españolas, o goberno franquista promovía a creación de escolas “nacionais”, a través das cales somerxer aos descendentes de emigrantes na cultura española. Este feito cobraba especial importancia nas familias nas que, durante a experiencia migratoria, nacían nenos e nenas de segunda xeración que nunca entraran en contacto directo con España. Desta maneira, máis que mantelos ligados á cultura española, nestes casos o que se buscaba era inserir aos cativos nunha cultura que lles era practicamente allea.

Seguindo co exposto por Álvarez (1995), outra figura digna de salientar dentro do ámbito familiar é o da muller. Se ben se ten comentado como o papel do home variou coa experiencia migratoria, pasando de traballar no campo a facelo na industria, no caso feminino non se produciu da mesma maneira. No caso das mulleres viviuse unha

reproducción do seu rol, xa que tanto no seu país de orixe como no de acollida era habitual que quedara relegada ao traballo doméstico. No parágrafo anterior menciónase que, nos casos nos que a descendencia acompañaba aos proxenitores no proceso migratorio, un destes últimos renunciaba a traballar de forma remunerada para dedicarse ao coidado dos primeiros. Neste contexto, tal e como ocorría en Galicia, a muller era decote a “sacrificada”, a que quedaba relegada no fogar para atender ao resto da familia.

Por contra, había ocasións nos que a muller lograba atopar traballo remunerado que lle permitía aportar na misión do proxecto migratorio. Sen embargo, tal e como ocorría en todas as sociedades, os traballos que estas mulleres atopaban estaban baseados na realización de labores tipicamente feminizadas. Así, traballando de coidadoras ou limpadoras, as galegas emigradas pasaban de realizar no seu fogar os traballos que xa de por si lles son asignados socialmente a realizalos de forma remunerada fóra da súa casa (Álvarez, 1995).

Tal e como continúa explicando Álvarez (1995), un factor clave na adaptación a todo país e sociedade é o idioma. Para os galegos e galegas emigradas, o ter que desenvolverse nun idioma ata aquel entón estraño supoñía toda unha barreira no proceso de integración. Se en anteriores experiencias migratorias a países latinoamericanos o idioma non supoñía un gran cambio, a chegada a países europeos provocaba un impacto importante na adaptación dunha emigración de baixa formación e bilingüe en galego e español. Á baixa cualificación do galego medio, condición que dificultaba a adquisición de competencias lingüísticas, sumábaselle o illamento que sufría por causa das comunidades españolas que se creaban. De carácter pechado, estas pequenas comunidades impedían o contacto co idioma de acollida. Ademais, as esixentes xornadas laborais dos traballadores dificultaba a asistencia destes ás clases de alemán que se impartían en diversos centros. Por outro lado, aprender unha lingua require de esforzo e tempo, polo que aquelas persoas con proxectos migratorios curtos vían diminuídas as súas posibilidades de aprender o idioma xermano.

Aprender a lingua local representaba non só unha maior adaptación ao contexto social, senón que supoñía un mecanismo de ascenso social na medida na que o seu coñecemento abría portas laborais ata aquel momento pechadas. Sen embargo, a inoperancia dos Estados (tanto de orixe como de acollida) á hora de facilitar medios para aprender o idioma, así como a imposibilidade da poboación emigrante para

compatibilizar as súas situacións coas oportunidades de aprender alemán, dificultaron a súa adaptación (Álvarez, 1995).

Por último, cómpre mencionar a humildade dos aloxamentos. Segundo diversos relatos recollidos polo mencionado autor, era común que a vivenda na que se instalaban os expatriados e expatriadas fora de estilo sinxelo. Destacaba en moitos casos o seu carácter funcional e orientado ao eido laboral, sendo populares os bloques de vivendas reservadas para os traballadores, as cales se situaban ao carón das fábricas e contaban co equipamento xusto para levar a cabo necesidades básicas. O que demandaban os países europeos era man de obra, non unha poboación estable. Desta forma, enténdese que este tipo de vivendas estiveran orientadas a persoas solteiras, quedando as parellas e familias máis numerosas relegadas á busca de fogar por conta propia (Álvarez, 1995).

Nas relacións sociais coa poboación alemá, Álvarez (1995) destaca unha vez máis o illamento no que vivían os galegos da diáspora. As dificultades co idioma e a rutina diaria nunha comunidade concreta e pechada como a galega impedía o achegamento ás xentes locais. A emigración galega, máis concentrada no aforro de cartos que lle permitira retornar á casa nun futuro a curto-medio prazo, non se centraba nas relacións persoais coa poboación alemá.

Centrados máis nas relacións intragrupoais, dentro da comunidade galega destacaban as diferenzas de orixe das distintas xentes emigradas. Mentres que algunhas proviñan do ambiente urbano, outras eran orixinarias do rural, vivindo procesos de adaptación distintos. Se a xente de núcleos máis grandes tiña o proxecto migratorio planificado con anterioridade ao viaxe, a xente dos pequenos núcleos, illada no rural galego, non posuía apenas información acerca das posibilidades de desenvolver unha vida de progreso no estranxeiro, o que provocaba incertidume e dificultade para adaptarse unha vez alí (Álvarez, 1995). Nesta distinción rural-urbano tamén incidía a formación previa recibida, atopándose a xente de orixe urbana, polo xeral, máis e mellor cualificada cá do rural, séndolles máis doada a adaptación.

Como xa se comentou, en base á relación con todos estes factores, a poboación emigrante xeraba unha adaptación máis ou menos positiva. En moitos casos, a mala integración era producida por unha serie de discriminacións que a poboación emigrada sufría. Tal e como apunta a enquisa de Cáritas de 1979, a gran maioría das persoas enquisadas de orixe española afirmaba ter os mesmos dereitos laborais ca os alemáns,

pero sen embargo sentirse discriminados na súa condición de cidadáns (Farraco et al., 2016). Por contra, do estudo realizado por Amando de Miguel pola mesma época extráese que a poboación española era a máis discriminada do país xermánico, sendo no ámbito laboral onde maiores problemas se daban (Farraco et al., 2016).

Esta postura tamén é apoiada por Aragón (1986), o cal menciona que Alemaña (xunto con Suíza e Países Baixos) era o país europeo no que máis discriminación se sufriu por parte da poboación española. Esta discriminación era provocada especialmente polo ámbito educativo, no que os españois notaban desprezos polo descoñecemento do idioma e pola educación dos seus fillos. Tamén apunta o autor que, coñecido o “ambiente hostil” que se creaba en contra dos españois, estes, refuxiábanse na súa comunidade propia co fin de atopar un contexto máis cómodo. Deste xeito, a discriminación por parte da poboación alemá derivaba nun auto-illamento da propia comunidade española, acentuando así o seu carácter de gueto inadaptado en moitos aspectos.

2.3.2. Emigrantes de hoxe: perspectiva actual da diáspora galega en Alemaña

Contexto actual

Actualmente, a emigración lévase a cabo de forma distinta en relación a etapas anteriores. Se a emigración iniciada nos anos 60 se diferenciaba da anterior na dirección que esta levaba (paso de emigrar a América a facelo dentro de Europa), a emigración galega e internacional do século XXI presenta unhas características totalmente opostas. En palabras de Domingo e Sabater (2013):

A seña de identidade da emigración actual tanto de españois como de estranxeiros é o seu carácter global, afectando a un gran número de países e rexións, o que fai incrementar o grao de complexidade nas súas posibles repercusións futuras (p. 62).

Co estalido da crise en 2008 (Domingo & Sabater, 2013), comeza unha etapa de precariedade económica que incidiu directamente na poboación. Europa, que antes da crise tiña un crecemento medio do PIB do 3%, sufriu coa chegada da crise unha caída da produción do 4,3% e un aumento da taxa de paro do 10% (Oviedo, 2017). Concretamente, en España, o desemprego era superior ao europeo, alcanzando mesmo unha taxa do 18,8% en 2009. Este feito foi asociado dende diversos sectores á chegada

de inmigrantes chegados á península na última década (Oviedo, 2017). Para 2012, o éxodo de persoas novas por falta de oportunidades laborais convertérase nun fenómeno mediático⁷; máis aínda, cando se trataba de individuos con formación de nivel medio e alto. Cun paro crecente, que alcanzaba ao 27% da poboación de entre 25 e 35 anos no segundo trimestre de 2012 (Domingo & Sabater, 2013), a emigración comezaba a ser a única vía de escape para unha xeración que afogaba nun sistema marcado pola precariedade. Nacía así a bautizada como “xeración perdida”. Ante esta situación, os principais países europeos viron a oportunidade de reforzar o seu mercado laboral. En palabras dos autores mencionados:

Ese sacrificio humano no altar do mercado contaba coa aquiescencia tanto do propio goberno español, disposto a paralizar a entrada e crecemento do sistema I+D+I a modo de recorte ineludible⁸, como de gobernos estranxeiros, que viron nesta emigración dos países máis afectados polo axuste económico o soño de reactivar a mobilidade intraeuropea (Domingo & Sabater, 2013: 62)

Para o caso concreto galego, segundo datos do INE, para o período 2002-2017 un total de 3.180 galegos e galegas abandonaron a súa terra, sendo 1.915 os que o fixeron entre 2011 e 2017 (algo máis dun 60% do total). Se ben estas cifras son significativas e son útiles á hora de establecer tendencias, non son totalmente exactas. Isto débese a que os fluxos migratorios en España mídense en base ás altas e baixas no padrón, no cal os migrantes non sempre se alistan. En relación a isto, González (2011) explica o seguinte:


Todas as cifras españolas sobre fluxos migratorios baséanse directa ou indirectamente nas altas e baixas padronais. No caso dos estranxeiros, as baixas por caducidade e por inclusión permiten medir, aínda que sexa con certo retraso, a marcha de estranxeiros dende España a outros destinos [...]. En cambio, para os españois non hai baixas de oficio equivalentes. Por tanto, os datos oficiais sobre emigración española están baseados exclusivamente nas baixas padronais, que se producen só se os emigrados se dan de alta nos consulados de España e no exterior. E sabemos que esta inscrición moitas veces non chega a producirse aínda que a persoa pase anos vivindo fóra (p. 3).

⁷ O fenómeno da emigración a Alemaña foi tocado en diversas películas como *Vente a Alemaña, Pepe* (1971) ou *Perdiendo el Norte* (2015). Nelas, apréciase a realidade da emigración española para dous períodos significativos: a diáspora da segunda metade do século pasado e a actual.

⁸ El PP adelanta que el recorte en Investigación de cara a los próximos Presupuestos Generales será "relevante" (16 de marzo de 2012). Europa Press.

Seguindo esta idea, os datos consultados non se deben tomar como exactos, senón que deben ser interpretados como tendencias. Desta maneira, tal e como se pode observar no Gráfico 1, durante a etapa de estabilidade económica de comezos de século (2002-2007) vivíuse un descenso no número de inmigrantes, chegando a presentar cifras inferiores a 100 nalgún ano. Por contra, co estalido da crise económica de 2008, o número de emigrantes galegos con destino alemán volve sufrir un repunte.

Gráfico 1. Número de emigrantes galegos con destino Alemaña



Elaboración propia. Fonte: INE. Microdatos de "Estadística de Variacións Residenciais".

España pronto comezou a perder traballadores; tanto inmigrantes, que se vían obrigados a abandonar o país; como nacionais, que ante a falta de perspectivas de futuro decidían facer as maletas. Desta forma, a taxa de paro continuou aumentando ata o 21,52%⁹ (Oviedo, 2017). A principal afectada foi a poboación nova, a cal, máis formada ca calquera xeración anterior, viu como se lle cerraban as posibilidades de acceder a unha vivenda digna e a un traballo estable (Oviedo, 2017). Foi así como a opción de Alemaña volveu aparecer como un destino propicio para os galegos e galegas que buscaban esclarecer o seu futuro.

Ofrecendo unha reflexión acerca dos factores que marcan a diferenza á hora de decidir emigrar, Pellegrino (2000) explica que, no mundo globalizado do século XXI, o fácil acceso á información sobre niveis de vida e oportunidades de desenvolvemento persoal xera expectativas no potencial emigrante. Desta maneira, pretende explicar como os

⁹ Fonte: Informe EPA, terceiro trimestre de 2011.

individuos ven a emigración como un obxectivo, por un lado, accesible (o seu nivel educativo permítelles ampliar fronteiras) e, por outro, satisfactorio (o traballar noutro país permítelle ao individuo desenvolverse de acordo ás súas expectativas).

Outro concepto popularizado nos últimos anos é o de “fuga de cerebros”. Explican Rouco e Novo (2016) que, a diferenza de etapas anteriores da historia de Galicia, a poboación nova que decide emigrar faino cunha formación moito maior á dos seus antecesores. Desta maneira, sae do país motivada pola falta de oportunidades laborais, así como seducida polas ofertas laborais do exterior. A través deste novo grao de cualificación, a emigración actual perdeu o carácter dramático que tiña no pasado, debido, en gran parte, á maior competencia intelectual, ao apoio familiar e aos programas formativos (Alaminos & Santacreu, 2010). Ademais, a mobilidade previa en Europa é maior, a xuventude que emigra actualmente dende España posúe certa experiencia previa no relativo a viaxar polo continente, o contacto con idiomas foráneos e o desenvolvemento intercultural, facilitando a súa inserción socioeconómica e a súa adaptación a novos contextos (Alaminos & Santacreu, 2010).

De acordo ao sinalado por Peter Preisendörfer (2003) citado en Oviedo (2017), de entre os distintos perfís das persoas emigradas a Alemaña dende España, destacan no apartado ocupacional as profesións de carácter artístico. Isto é posiblemente debido á pouca demanda que deste campo existe na península. A man de obra que fai as maletas caracterízase pola alta formación que presenta, diferenciándose así da emigración das décadas dos 60 e 70 (Oviedo, 2017). En canto ao xénero, en contraposición á emigración principalmente masculina dos 60 e 70, na diáspora actual apréciase un progresivo equilibrio en canto ao xénero da persoa emigrada. Concretamente, é a partir de 2007 cando se comece a igualar o número de homes e de mulleres (Oviedo, 2017).

Por outro lado, segundo Oviedo (2017), cómpre entender a emigración española dentro do seu contexto europeo. Sinala a autora que, nesta época, o español que fai as maletas non é tanto un migrante, senón, ante todo, un cidadán europeo. No medio dun mercado globalizado, transnacional e multidimensional, o emigrante común non cumpre sempre o perfil de traballador de pescozo azul, como ocorría no pasado. Na actualidade, a mobilidade non só se limita ás clases baixas, senón que adoito é levada a cabo por elites altamente cualificadas, as cales rompen cos patróns clásicos da emigración.

Política e lexislación sobre a migración

A emigración a Alemaña, coma en calquera país, está fortemente marcada pola lexislación que existe ao respecto. Desta maneira, a poboación estranxeira que fixo as maletas cara Alemaña no presente século tivo que adaptarse á Lei de inmigración vixente. Aprobada o 1 de xaneiro de 2005, esta lei caracterízase pola súa orientación laboral. Entre as novas estruturas propostas, tendeu a simplificar os trámites administrativos, reducindo a dous as cinco diferentes clases de permisos de estancia/residencia existentes ata aquel momento (Kleiner, 2004). Así, os status residenciais quedan unicamente no permiso de tempo limitado (*Aufenthaltserlaubnis*) e o permiso de residencia permanente ou ilimitado (*Niederlassungserlaubnis*). Os permisos de residencia non serán pois, definidos, polos diferentes permisos, senón polos fins de estancia en Alemaña (formación, traballo, reagrupación familiar ou razóns humanitarias) (Kleiner, 2004).

Como xa se mencionou, a orientación cara o mercado laboral desta nova lei derivou nunha diferenciación de status entre os traballadores cualificados e o resto. Mentres que nas etapas anteriores era o común a adquisición de persoal non ou baixamente cualificado, coa chegada do novo século, o que se busca é o recrutamento de traballadores con alto nivel formativo (Kleiner, 2004). É así como aos inmigrantes altamente cualificados se lles concede automaticamente o permiso de residencia permanente. De igual forma, os membros da familia reagrupada terán o acceso ao mercado de traballo que a persoa que os fixo chegar ao país (Kleiner, 2004). No caso contrario, a Lei de 2005 mantivo a suspensión no recrutamento de todo aquel inmigrante que non estivera altamente cualificado. Así, a estes grupos non se lles outorgaba o permiso de residencia permanente, e o outorgarllo quedaba en mans da decisión arbitraria do Estado (Kleiner, 2004).

No referido á reagrupación familiar, a nova lei de inmigración propoñía a continuidade da normativa vixente. Esta, ditaba o seguinte:

O caso normal será que se poida reagrupar aos fillos menores de 16 anos. Aplicaranse criterios restritivos tomando en conta o benestar do neno e a situación familiar. Nalgúns casos reagrupábase aos fillos ata a idade de 18 anos: fillos de persoas que teñan o dereito de asilo, fillos de refuxiados segundo a Convención de Xenebra, fillos que chegaran en familia, sempre que dominen a

lingua alemá e que teñan un prognóstico positivo da «capacidade de integración» (Kleiner, 2004: 233).

De cara a facilitar a integración no país, actualmente, Alemaña propón axudas para a integración dos inmigrantes. A través da páxina web *Make it in Germany*, o Goberno Federal ofrece un curso de integración (*Integrationskurs*) no que se inclúe unha formación lingüística e un “curso de orientación” (*Orientierungskurs*), baseado na transmisión de coñecementos sobre o ordenamento xurídico, a historia e a cultura alemá. Esta formación está dirixida aos inmigrantes que chegan a Alemaña cun permiso de residencia válido. Sen embargo, nalgúns casos concretos, a Axencia Federal de Emprego ou a Autoridade de estranxeiría poden obrigar ás persoas a que participen neste tipo de cursos.

Tal e como deixaba claro Oviedo (2017), o galego que fai as maletas non é tanto un emigrante, senón un cidadán europeo. A través da adquisición deste status, o cidadán da Unión Europea (UE) posúe liberdade de circulación. Isto supón que se elimina para os cidadáns da mesma o trámite dos permisos de residencia, tendo como único deber o de inscribirse no rexistro (Kleiner, 2004).

Vida e adaptación da poboación emigrante

Para unha emigración moito máis global cás anteriores e que non afecta a unha clase social, establecer características xerais nos modos de vida e de adaptación resulta complicado. Porén, existen diversas fontes e estudos encargadas de amosar a realidade da diáspora galega na Alemaña actual.

No referido á adaptación da xente emigrada a Alemaña, poden extraerse diversas ideas a partir dos resultados do estudo sobre a emigración no contexto da crise (Cuenca et al., 2014). Froito dunha enquisa realizada a distintos emigrantes españois, mídese a través dunha escala do 1 ao 5 o grao de dificultade que para eles supuxo o adaptarse a unha serie de factores determinados. As variables en liza son: as “Dificultades económicas”, o “Clima”, a “Lingua”, a “Cultura/Costumes”, as “Dificultades para atopar traballo” e os “Impedimentos para realizar outros estudos”. A puntuación media das seis variables é de 2.56, o que permite entrever que os enquisados polo INXUVE non presentaron grandes dificultades para adaptarse. Sen embargo, cómpre mencionar que as persoas analizadas son emigrantes de países dispares, dende América Latina ao continente

Europeo. Por esta razón, as puntuacións das distintas variables son relativas, en tanto en canto o contexto do país de acollida sexa máis ou menos semellante ao de orixe. A pesar disto, o estudo conclúe que o clima [2.8], a lingua [2.7] e as dificultades económicas [2.7], dan orixe aos maiores problemas de adaptación.

Tendo en conta que o idioma é a segunda variable en presentar unha maior dificultade para se adaptar, nos últimos anos, a poboación española viu melloradas as súas competencias ao respecto, sendo actualmente o alemán a lingua de uso maioritario na vida diaria desta (Cuenca et al., 2014). Así mesmo, sinálase como estes se encontran mellor integrados ca outros colectivos no que a coñecementos idiomáticos se refire. Pola súa parte, a porcentaxe de españois que afirman empregar de forma predominante o castelán na súa vida social diaria quedou reducido ao 14,6%, mentres que o 59,6% usa sobre todo o alemán e o 25,8% ámbolos dous idiomas. No ámbito laboral, o 14,3% dos españois emprega o castelán na vida profesional e o 13,2% fala inglés (Cuenca et al., 2014).

Outra fonte de información importante é a do informe *Actualidad Internacional Sociolaboral* (2014). Falando en termos de inmigrante en xeral, sen entrar a diferenciar segundo nacionalidade, recóllense características acerca da integración de poboación estranxeira en Alemaña. Segundo se afirma, tres cuartas partes da inmigración chegada a Alemaña logo de 1995 ten contacto con persoas alemás, ou noutras palabras, xente que non ten unha orixe migratoria. Pola súa banda, contrasta estes datos cos correspondentes aos anos previos a 1995, nos que o 85% das persoas emigradas a Alemaña antes dese ano posuían contactos con poboación nativa. Por contra, engade que en 2014 unicamente o 25% da poboación alemá posúe contacto con xente de orixe migratorio.

No plano da discriminación, este informe asegura que máis da metade dos emigrantes enquisados se sentiron excluídos ou marxidados a causa da súa procedencia. Máis concretamente, as persoas coas que se tratou no estudo mencionan experiencias de discriminación á hora de buscar traballo ou ao trataren coas autoridades.

Un argumento que parece lóxico é o de que os inmigrantes que levan vivindo en Alemaña durante moito tempo, así como as persoas que decidiron naturalizarse, identifícanse máis co país. Comenta que “os inmigrantes que sufriron experiencias de discriminación identifícanse menos con Alemaña pero tampouco se pode dicir que se

identifiquen máis co seu país de orixe” (Ministerio de Empleo y Seguridad Social, 2014: 145). Así, o feito de non sentírense identificados co ambiente de acollida non acentúa nin fai que se recupere un sentimento de identificación co lugar de orixe. Proseguindo co exposto no informe *Actualidad Internacional Sociolaboral* (2014), realízase a seguinte reflexión no relativo á calidade de vida e á satisfacción persoal:

O concepto de calidade de vida que teñen os inmigrantes non difire do que teñen os alemáns; en ambos casos obsérvase unha dependencia de factores económicos e sociais. A satisfacción persoal dos inmigrantes que manteñen contactos sociais con persoas que non teñen orixe migratoria (que están máis integradas na sociedade alemá) é polo xeral máis alta, e menor nas persoas que tiveron experiencias de discriminación (Ministerio de Empleo y Seguridad Social, 2014:145).

Deste xeito, entre a comunidade emigrante actual apréciase unha menor diferenza coa poboación alemá no que se refire a calidade de vida. Se en décadas anteriores as diferenzas económicas entre as persoas residentes en Alemaña era importante, esta foise salvando coa maior formación dos individuos que fan as maletas. Así mesmo, tras esta revisión bibliográfica apréciase unha maior inmersión na cultura local por parte da emigración.

3. Hipóteses

En base a todo o exposto anteriormente, pódese dicir que a diáspora galega viviu unha importante evolución ao longo da historia. Concretamente, focalizados no contexto alemán, obsérvanse grandes diferenzas entre un proceso migratorio e outro. Se a Xeración 60/70 partía coa base de non coñecer o idioma e de non ter experimentado vivencias no estranxeiro con anterioridade, a Xeración Actual parte dunha cualificación e experiencia previa moito maior (Alaminos & Santacreu, 2010). En consecuencia, a súa adaptación ao país de acollida é moito máis sinxela, consolidándose a primeira das hipóteses: *a adaptación da poboación emigrante galega ao contexto alemán é máis doada na actualidade*, debido á maior e mellor cualificación dos individuos.

Se ben a cualificación e a capacidade de adaptación a novas culturas variou positivamente co pasar das décadas, de acordo ao exposto por diversos autores, os motivos polos cales a xente de Galicia decide iniciar proxectos migratorios non variou tanto. A este respecto, os motivos laborais continúan a ser a motivación principal para emprender estes procesos (Kreienbrink-Herrero, 2000; Rouco-Couzo & Novo Corti, 2016). A finalidade e motivo último sempre é mellorar as condicións económicas persoais e as do seu medio. Neste sentido, a elección do país ao que se emigra non se fai ao azar, senón que se emigra a países prósperos nos que existe unha gran probabilidade de acadar eses obxectivos. Baseándose nisto, a segunda hipótese establécese da seguinte maneira: *o proceso migratorio repercute positivamente na economía das persoas emigradas*.

Outro dos problemas principais aos que se enfrontan moitos emigrantes é a discriminación por parte da poboación local. A xenofobia é un fenómeno en boga na actualidade, pero ten notable percorrido ao longo da historia. A evolución cara unha sociedade máis globalizada e cosmopolita, deixa entrever a posibilidade de que no século XXI, certos prexuízos cara os estranxeiros se fosen esquecendo ou deixando a un lado. En base a esta idea, prognostícase que, *na Alemaña dos 60 e 70, existía unha maior presenza de xenofobia con respecto á poboación estranxeira*.

Tal e como se comenta en distintos artigos, o goberno franquista da segunda metade do s. XX instaba continuamente á construción de escolas nacionais españolas que socializaran á poboación emigrada na cultura institucionalizada do Estado (Harms, 1980). Desta maneira, era común que a emigración española non se integrara totalmente

na cultura xermánica, dando lugar á creación de pequenas comunidades interdependentes entre elas. Na actualidade, en cambio, a emigración a Alemaña non é tan masiva, polo que as comunidades de emigrantes atópanse máis dispersas e en menor contacto. Como consecuencia, a terceira hipótese sería a seguinte: Debido á inexistencia de escolas nacionais españolas en territorio alemán, así como pola derivada autonomía da poboación emigrante galega para adaptarse, *na Alemaña do s. XXI, existe unha menor cohesión no relativo ás relacións entre as galegas e galegos emigrados.*

En relación aos obxectivos propostos no primeiro epígrafe, pódese establecer unha relación entre estes e as hipóteses:

Táboa I. Obxectivos específicos da investigación e hipóteses asociadas a cada un

Obxectivos específicos	Hipóteses asociadas
Determinar a adaptación aos valores culturais do novo país.	A adaptación á cultura é máis doada agora ca no pasado.
Descubrir os cambios económicos experimentados a raíz do proceso migratorio.	O proceso migratorio repercute positivamente na economía das persoas emigradas.
Observar a presenza de discriminación ou xenofobia na relación da emigración co medio alemán.	Na Alemaña dos 60 e 70 existía unha maior presenza de xenofobia con respecto á poboación estranxeira.
Detectar os sentimentos de pertenza á comunidade de orixe, así como á comunidade de acollida.	Na actualidade, existe unha menor cohesión entre os galegos e galegas emigradas en Alemaña.

Fonte: elaboración propia.

4. Metodoloxía

Como xa se vén comentado en anteriores páxinas, o obxectivo deste traballo é coñecer os procesos de adaptación da poboación galega emigrante. Máis concretamente, establecer diferenzas entre os proceso migratorio a Alemaña dos anos 60 e o deste século. Ademais, establécense unha serie de obxectivos secundarios que buscan profundar na realidade dun colectivo a miúdo illado no estranxeiro.

Os mencionados obxectivos cómpre non entendedelos como feitos separados, senón como un punto de apoio a partir do cal refutar ou validar as hipóteses. Unha das mellores maneiras de abordar o fenómeno é a de estudalo dende a escoita e recollida do relato emigrante. É así como os testemuños dos e das protagonistas serán os que constituirán o factor diferencial do traballo. Desta maneira, debido ás súas características, a metodoloxía que se decide aplicar no presente traballo é cualitativa, sendo o contacto verbal mediante entrevista a mellor maneira de achegarse ao requirido polo tema de estudo.

Á hora de abordar o estudo dun determinado fenómeno, existen distintas estratexias a levar a cabo. Para este caso concreto, coñecido o formato de avaliación¹⁰ e o procedemento¹¹ que se establece para un Traballo de Fin de Grao, levouse a cabo a elaboración dunha primeira metodoloxía. Esta, buscaba o cumprimento dos obxectivos da maneira máis satisfactoria posible, empregando para este fin as ferramentas que mellor se adaptaran ás demandas da investigación. Porén, o xurdimento da pandemia por causa do COVID-19, así como as medidas que se tomaron para facerlle fronte, provocaron unha reformulación do traballo. Coa aprobación dun novo regulamento¹² e o condicionante de ter que levar a cabo o traballo no confinamento, propúxose unha segunda metodoloxía concreta adaptada á situación. Desta maneira, distínguense a metodoloxía ideal inicialmente formulada e as modificacións posteriormente levadas a cabo sobre esta.

¹⁰ *Procedemento para a avaliación dos Traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado* baseado Real decreto 1393/2007 (modificado polo RD 861/2010).

¹¹ *Procedemento do Traballo de Fin de Grao do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña*, aprobado en Xunta de Facultade o 5 de marzo de 2013 con posteriores modificacións, sendo a última do 5 de decembro de 2018.

¹² *Procedemento extraordinario do Traballo Fin de Grao do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña para situación de emerxencia polo COVID-19. curso 2019-2020*, aprobada o 30 de abril de 2020.

4.1. Metodoloxía ideal

Dende un primeiro momento, dado o sentido cualitativo do traballo, optouse pola entrevista como ferramenta clave para recadar a información. Profundando nos diferentes tipos que existen da mesma, seleccionouse a entrevista en profundidade. De acordo a Gaínza (2006), esta defínese da seguinte maneira:

A entrevista en profundidade pode definirse como unha técnica social que pon en relación de comunicación directa cara a cara a un investigador/entrevistador e a un individuo entrevistado co cal se establece unha relación peculiar de coñecemento que é dialóxica, espontánea, concentrada e de intensidade variable (Gaínza, 2006: 219-220).

A través da entrevista en profundidade, trátase de obter unha serie de conclusións para contrastar coas hipóteses e que tenten darlle resposta aos obxectivos anteriormente formulados.

Segundo explica Vallés (1999), existen catro tipos de entrevistas en profundidade: a entrevista *focalizada*, *estandarizada non programada*, *especializada* e *a elites*, así como outra serie de entrevistas como a *biográfica* ou a *intensiva*. Para o caso concreto desta investigación, a entrevista *focalizada* preséntase como a máis atinada para lograr os propósitos marcados. Acuñada por Merton en 1946, caracterízase pola exposición previa dos entrevistados a unha realidade concreta observada polo entrevistador; para este caso, o contexto emigratorio galego (Vallés, 1999). O segundo trazo característico deste tipo de entrevista é o estudo previo da situación polo entrevistador (Vallés, 1999), feito que aparece presente a través do marco teórico deste traballo. Así mesmo, tamén se formulan unha serie de hipóteses a partir das cales se crea o guión de entrevista. A través deste proceso, a entrevista *focalizada* busca comprobar se os efectos que se produciron sobre a persoa entrevistada contrastan ou non coas hipóteses, tal e como se formula a estrutura desta investigación (Vallés, 1999).

Dentro da entrevista en si, as preguntas son formuladas dun xeito semiestruturado, no que estas posúan un estímulo estruturado e unha resposta de carácter libre (Vallés, 1999). Ademais, a entrevista *focalizada* caracterízase por non estar dirixida, de forma que as respostas sexan o máis espontáneas e libres posibles (Vallés, 1999). Porén, explica o propio Vallés (1999) que se incita ao entrevistado a ser específico e concreto

nas respostas, en lugar de difuso ou xenérico. Por último, busca tamén indagar na amplitude e na profundidade das vivencias e dos contextos (Vallés, 1999).

Con este tipo de entrevista, o que se busca é personalizar o escenario do encontro, animando á persoa entrevistada a centrarse na súa experiencia persoal e non tanto na experiencia colectiva que se podería lograr a través dun grupo de discusión. Así mesmo, a escolla da entrevista en profundidade provoca que o entrevistado sexa libre para responder con detalle e sinceridade a preguntas que, noutro contexto, non se vería animado a responder. Ademais, como explica Vallés (1999), o feito de empregar unha entrevista en profundidade de preguntas semiestruturadas permite que o encontro se guíe por si mesmo, atopando co transcorrer da conversa novos puntos de interese que con outro método non quedarían abarcados ou pasarían desapercibidos.

Boa proba de que a entrevista en profundidade é o máis atinado para unha investigación destas características é o traballo de Álvarez (1995). Este autor, na súa tese doutoral sobre a migración galega de retorno, emprega esta metodoloxía co fin de obter unha información de primeira man que permita entender como se producen as migracións (Vallés, 1995). En palabras do autor:

Os relatos de vida permiten comprender as migracións como un proceso que ten lugar na vida dos que a protagonizan. A narración que elaboran os retornados sobre o porqué da súa emigración, a vida que levaban no estranxeiro e como decidiron regresar, amosan unha serie de aspectos que ata ese entón pasaban desapercibidos nos estudos sobre migracións (Álvarez, 1995: 7).

Outro caso que serve de exemplo é o estudo de Rodríguez & Entrenas (2017), no cal se realiza unha investigación sobre a adaptación da xuventude española emigrante no Reino Unido e en Chile entre 2010 e 2014. Para este caso, os autores levaron a cabo un total de dez entrevistas en profundidade “encamiñadas a obter os relatos de dez persoas novas residentes no Reino Unido e de once afincados en Chile” (Rodríguez & Entrenas, 2017: 47), sendo todos casos de xuventude emigrada dende España.

Pola súa parte, na tese doutoral de Rodríguez (2017) sobre os procesos migratorios da xuventude universitaria española, tamén se emprega a entrevista en profundidade para obter os testemuños das persoas informantes. Para este cometido, o autor cre que este tipo de metodoloxía cualitativa é a máis adecuada, pois permite a “emerxencia do libre discurso da xuventude migrante en torno ás súas experiencias vividas ao longo dos seus

proxectos migratorios” (Rodríguez, 2017: 186). O autor explica ademais que, para seleccionar aos diferentes informantes, empregouse a técnica da “saturación teórica”. Este concepto, incluído dentro da obra *The discovery of grounded theory* (1967), permite identificar os procesos sociais básicos (PSBs). Estes patróns de resposta repítense periodicamente nas entrevistas, deixando de aportar información nova ao investigador. Así, a comparación constante entre todas as fontes que debe levar a cabo o autor, permite conducir a investigación e indicarlle cando unha mostra está saturada e non se pode extraer nada novo dela (Cuñat, 2007). Esta técnica, que podería resultar de interese nun traballo de maiores magnitudes, queda relegado a un segundo plano neste traballo, xa que semella preferible determinar previamente e con exactitude o número de entrevistas a realizar.

A partir do recollido nas entrevistas, extraeranse unha serie de resultados que se contrastarán e poñerán en contexto con outras fontes de información. Por un lado, estableceranse paralelismos co marco teórico desenvolvido tras a exploración de diversos libros, artigos e demais escritos. Por outra banda, situaranse os relatos en cadanseu contexto histórico, fortemente marcado pola realidade política, social ou económica. Para este segundo propósito, recolleranse distintos datos cuantitativos (cifras demográficas, principalmente) que terán como fin situar e entender a realidade dende un punto de vista estatístico.

A pesar de que o ideal tería sido complementar a investigación cualitativa cunha fase cuantitativa, as limitacións de tempo, así como a dificultade para atopar mostras de poboación o suficientemente grandes e representativas, fan que isto non se presente como algo doado de realizar.

Debido ás características da poboación de estudo, propúxose nun primeiro momento a realización de 8 entrevistas (coa posibilidade de aumentar o volume se as circunstancias o permitían). Destas, 4 estarían dirixidas a persoas da Xeración 60/70, mentres que as outras 4 atoparíanse orientadas cara persoas emigradas neste mesmo século. Desta maneira, xurdiu a matriz de categorías inicial:

Táboa II. Matriz de categorías. Número de entrevistas segundo época e sexo

Xeración 60/70		Xeración Actual	
Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2	2	2	2

Fonte: Elaboración propia

Co obxectivo de conseguir a maior información posible, delimítanse un total de tres bloques de preguntas segundo as características das mesmas. Cada un deles correspóndese con cada un dos obxectivos formulados. En primeiro lugar, atópase o Bloque 1, orientado a coñecer a adaptación aos valores culturais do novo país. Neste apartado trátase de coñecer en que maneira se achegou a persoa emigrante á cultura alemá, incluíndo neste eido a lingua local, as costumes ou os valores culturais da poboación xermana. En segundo lugar está o Bloque 2, que busca coñecer o impacto económico que o proceso migratorio tivo na diáspora galega en Alemaña. Nesta sección tocarase o tema laboral como punto inicial, para logo entrar nas posibles ganancias conseguidas durante o proceso. En terceiro e último lugar atópase o Bloque 3, presentado co obxectivo de percibir a posible xenofobia vivida no estranxeiro. Neste apartado aparecen preguntas que buscan incidir no trato que a poboación alemá emprega para cos inmigrantes chegados de Galicia. Xa para rematar, e en certa relación co anterior, aparece o Bloque 4, no que se pretende incidir nas relacións do emigrante coas distintas comunidades. Máis concretamente, búscase medir o nivel de contacto coa comunidade de acollida, así como coa comunidade de orixe. Deste xeito, preténdese por un lado valorar o grao de contacto con persoas do seu mesmo orixe e do seu novo contexto; por outro, e a modo de síntese, tamén se quere establecer unha comparativa entre ambos contextos e realizar así unha valoración final do proceso.

Tendo que conta que a emigración é un fenómeno cambiante e extenso, o ideal tería sido unha entrevista moito máis longa cá que se propón a continuación. Porén, as limitacións de tempo, así como a intención de querer levar a cabo entrevistas amenas con preguntas concretas que dean resposta aos obxectivos marcados, levan á preparación do guión da entrevista (Anexos).

Unha vez obtidos os testemuños da poboación emigrante, procédese a analizar os seus relatos en profundidade, facendo especial fincapé na análise dos discursos. Segundo Conde (2009) o discurso social trátase dun reflexo das condicións nas que este se produce. Así, quedan nel manifestadas condicións de nivel micro, como as interaccións e dinámicas durante as entrevistas, e de nivel máis macro, como as influencias sociais e históricas. Seguindo esta liña, á hora de analizar os distintos discursos, empregárase a análise temática sobre os mesmos, diferenciando e clasificando o contido das entrevistas segundo o seu carácter, a súa orientación ou o seu tema.

Braun e Clarke (2006), definen a análise temática como un método que “permite identificar, organizar, analizar en detalle e proporcionar patróns ou temas a partir dunha coidadosa lectura e relectura da información recollida e así inferir resultados que propicien a adecuada comprensión/interpretación do fenómeno en estudo” (p. 6). Ademais, diferencian 5 fases a través das cales levar a cabo o proceso: Familiarización cos datos, xeración de códigos iniciais, busca de temas, definición e denominación dos temas e preparación do informe. Posto que os temas xa estaban predefinidos de antemán e que a información obtida non se representa en formato mapa, o que se realiza neste traballo é unha adaptación desta metodoloxía. O resultado son unha serie de configuracións narrativas, presentadas en diagramas que corresponden a cada un dos obxectivos marcados.

4.2. Modificacións da metodoloxía

Como xa se comentou anteriormente, a aparición da pandemia derivou nunha pequena modificación da metodoloxía. Se ben o traballo mantivo o seu carácter cualitativo, así como o estilo e guión de entrevista anteriormente definido, o contacto e a cantidade cos informantes viuse condicionado.

Debido ao extraordinario da situación, o número de entrevistas viuse reducido de 8 a 5, debido á dificultade para contactar coas persoas informantes. Nun inicio, a estratexia a seguir foi contactar con diversas asociacións e centros de emigrantes (con sede tanto en Galicia como en Alemaña), a fin de contactar con persoas da Xeración 60/70, máis asiduas a estas entidades. Así mesmo, tratouse de atopar mediante Internet en xeral, e redes sociais en particular, casos pertencentes á Xeración Actual. Mentres que si que se logrou contactar con algunha asociación que ofreceu a posibilidade de realizar as

entrevistas en persoa, a busca de emigrantes actuais obtivo menos éxito nun principio, debido á maior dispersión destes.

Coa chegada da pandemia e o seu conseguente confinamento, o concertar encontros viuse dificultado, debido a que realizar as entrevistas de forma presencial deixou de ser unha opción viable. A fin de encontrar unha solución, contactouse mediante redes sociais coa plataforma *Embaixada.gal*, organismo encargado do apoio e axuda á emigración galega do século XXI. Mediante esta, logrouse non só contactar con numerosas persoas da Xeración Actual, senón que se levou a cabo un achegamento a persoas da Xeración 60/70. A través dunha das dirixentes da plataforma (posteriormente E5), púxose en marcha a técnica de *bóla de neve*, a través da cal se foron logrando contactos con distintas persoas dispostas a ser entrevistadas. Esta técnica metodolóxica permitiu, a partir dunha informante inicial (E5), acceder ás demais persoas mediante unha pequena rede de contactos. Desta maneira, quedou configurada unha nova táboa tipolóxica (especificada no seguinte epígrafe), conformada por un total de 5 entrevistas: 1 a informantes referentes á Xeración 60/70 e 4 a informantes pertencentes á Xeración Actual.

As distintas entrevistas leváronse a cabo de forma telemática, empregando para iso todas as ferramentas a disposición. Foi así común o uso de aplicacións informáticas como Whatsapp ou Skype, así como correo electrónico ou chamadas telefónicas. Neste plano, é importante destacar a presenza de problemas de carácter técnico que dificultaron a recollida da información. Durante a posta en marcha da metodoloxía vivíuse un retraso na chegada da información, así como a recollida de arquivos de audio e vídeo de mala calidade. Estes feitos dificultaron a interpretación da información, así como a súa transcripción¹³.

En canto ás persoas entrevistadas, cómpre salientar que non era condición indispensable que estiveran emigradas no momento da entrevista, senón que tiveran vivido con anterioridade experiencias migratorias en Alemaña nos períodos sinalados. Sen embargo, o que si que era condición previa antes de comezar o traballo era o feito de que todas as persoas informantes viviran dita experiencia en primeira persoa. A este respecto, a dificultade para atopar persoas da Xeración 60/70 dispostas a conceder

¹³ Debido a un erro de índole informática, a Entrevista 5 (E5) non foi gardada con éxito tras a súa realización. En consecuencia, non se atopa transcrita na sección de anexos. A información relativa a ela exposta durante o presente traballo provén das anotacións realizadas manualmente durante o encontro por videochamada.

entrevistas no contexto que se vivía derivou na busca de fontes de información secundaria. Xorde así a presenza de informantes como E1, fillo das primeiras xeracións de emigrantes, que desenvolveu a maior parte da súa vida na emigración.

En consecuencia a todo o anterior, a metodoloxía finalmente aplicada mantén o groso da súa estrutura inicial. O tipo de entrevista escollida foi levado a cabo sen dificultades, seguindo o guiión definido e recollendo a información necesaria. Posteriormente, a análise do contido foi levada a cabo segundo a metodoloxía prevista no anterior epígrafe.

A gran diferenza entre a metodoloxía ideal e a real reside no número de persoas entrevistadas e nos medios empregados para facelo. A pesar de que nun escenario ideal o número de informantes tería sido superior, as circunstancias obrigaron a reducir o volume. Así mesmo, se ben a cantidade se viu reducida, a calidade da información mantívose, logrando testemuños de gran valor. Grazas a isto último, a consecución dos obxectivos propostos foi posible.

4.3. Táboas tipolóxicas

Táboa III. Persoas entrevistadas da Xeración 60/70

Código do/a entrevistado/a	Sexo	Idade	Anos emigrado/a	Emigrado/a en	Lugar de orixe
E1	Home	51	1969-1971 1980-Actualidade	Hannover	Fene

Elaboración propia.


Táboa IIV. Persoas entrevistadas da Xeración Actual

Código do/a entrevistado/a	Sexo	Idade	Período de emigración en Alemaña	Emigrado/a en	Lugar de orixe
E2	Home	35	2013-Actualidade	Mörfelden-Walldorf	As Pontes
E3	Muller	35	2011-2014	Berlín	Santiago de Compostela
E4	Home	33	2015-Actualidade	Hamburgo	Comarca de Betanzos
E5	Muller	45	2008-Actualidade	Frankfurt	Cabana de Bergantiños

Elaboración propia.

Elaboradas as táboas tipolóxicas para cada xeración, a continuación preséntase un mapa (Figura 1) coa localización das persoas entrevistadas, sinalando o lugar no que se atopan emigradas, a idade e o sexo.

Figura 1. Localización xeográfica das persoas entrevistadas



Elaboración propia.

5. Resultados

A continuación, procederáse a realizar a análise de resultados. Estes, xorden da revisión do discurso das persoas entrevistadas, de forma que, para cada un dos obxectivos formulados, se estableza unha comparativa entre o relato emigrante dos anos 60/70 e o da época actual.

Analizados individualmente, cada obxectivo será analizado en profundidade e en base ás configuracións narrativas presentadas nel, sempre e cando sexa posible. Como resultado disto, ofreceráse unha pequena conclusión para cada un, na cal se comprobará a validez das correspondentes hipóteses.

Obxectivo 1: Determinar a adaptación aos valores culturais e lingüísticos do novo país

Para este primeiro obxectivo pretendíase valorar o nivel de adaptación á cultura alemá por parte da emigración galega. Concretamente, as preguntas que se formulaban ían enfocadas sobre o relativo ao idioma, así como ás costumes e modos de vida xermánicos. No primeiro caso, buscábase coñecer as nocións de alemán previas a emigrar, o grao de importancia desta lingua á hora de integrarse na sociedade ou coñecemento as facilidades que o Estado ofrecía para aprendelo. No segundo caso, orientado sobre a cultura no seu sentido máis amplo, intentábase ver como de cómoda se sinte a diáspora galega ante un contexto novidoso, con horarios distintos, unha gastronomía diferente ou un xeito de relacionarse socialmente alternativo.

Para o caso da Xeración 60/70, E1 comenta, en relación ao idioma, que as xentes emigradas nos 60 e 70 non dominaban o alemán, tendo unicamente coñecemento do galego oral que se falaba e do castelán no que aprendían a ler e a escribir. Ante un sistema que non fomentaba a aprendizaxe de idiomas de fóra do país, os galegos e galegas chegaban sen ningunha ferramenta de comunicación a un Estado alemán que tampouco ofrecía axudas. Isto, segundo o relatado por Farraco et al. (2016), debíase á idea da inmigración como un feito temporal, non destinado a quedar en Alemaña por moito tempo. En relación a isto, e á importancia do idioma no día a día, o E1 comenta o seguinte:

“Buscábanse a vida. [...] A xente veu para un certo tempo. Entonces, non querían perder tempo en aprender alemán nin nada deso. Entonces, o de

aprender alemán... si que houbo unha que outra persoa, pero xa che digo, son excepcións que... é dicir, o alemán que aprenderon a xente que emigrou foi o de día a día. Entón, o que sabían falar, chapurrear do día a día era o que falaban. Obligados pa poder ir mercar, pa poder defenderse e tal” (E1, Hannover).

“A ver, podían ir tirando, porque sempre houbo o Ministerio de Asuntos Exteriores... ti tiñas un consulado cerca, tiñas unha asesoría laboral cerca, había xente que che sabía falar o castelán e o alemán e, bueno, eso facilitoulle moitas veces de coller unha carta e ir hasta alí e “oye, que pon? que teño que facer?” (E1, Hannover).

Por outra banda, con respecto á cultura en xeral, destácase o impacto que para a emigración dos anos 60 e 70 supuxo a chegada a un novo país. A través desta viaxe ao estranxeiro, a poboación galega daquela época pasaba en moitos casos de vivir en ambientes rurais a facelo en contextos urbanos (Álvarez, 1995). Este cambio non era fácil, xa que os horarios de traballo non eran os mesmos e, en consecuencia, as horas para comer e as rutinas do día a día cambiaban notablemente. Así mesmo, ao non manexarse no idioma local, as interaccións coa poboación local levábanse a cabo a través de xestos e indicacións básicas. Esta xeración, cómpre mencionar que non viviu unha inmersión completa na cultura alemá, senón que viviu máis illada dentro das comunidades galegas e españolas que se establecía (Barrutieta, 1976). Produto disto, o contacto coas costumes e a cultura local non era total, senón que unicamente se relacionaban cunha parte dela. En concordancia con este punto, e tal e como sinalaba Estévez (2018), tanto o Estado alemán como o Estado español daban pé a este illamento cultural da emigración, non dando facilidades para a inmersión no medio e provocando o nacemento de pequenos guetos ou comunidades pechadas.

Por parte da Xeración Actual, ao igual que sinala Cuenca et al. (2014), apréciase un maior coñecemento do idioma alemán entre a emigración entrevistada. Mentres no relato dos 60/70 o idioma alemán parecía algo inaccesible e un elemento de menor valor durante o seu periplo no estranxeiro, para esta nova xeración de emigrantes existiu nos 4 casos un contacto previo coa lingua. En relación con isto, salientan maioritariamente a súa importancia á hora de desenvolverse no día a día:

“Chegado o momento, necesitas falar alemán: para falar cos compañeiros de calquera conversación cotidiana, para ir ao súper, para falar co veciño, para ver a

tele... para todo fai falta o idioma. Penso que, se vas estar un, dous, tres, catro anos ao mellor non che fai falta, non te preocupas, pero se te queres establecer ben e vivir aquí plenamente disfrutando do país si que tes que saber o alemán ben” (E2, Mörfelden-Waldorf).


“Hai profesionais das novas tecnoloxías ou así... da xestión empresarial que manexan inglés. Pero a outro nivel si, fai falta o alemán, case pa calquera ámbito. Esencial” (E4, Hamburgo).

En canto á adaptación á cultura por parte da Xeración Actual, as catro persoas entrevistadas manifestaron ou adaptarse ben (E2, E4, e E5) ou non ter sentido o proceso de adaptación (E3). Neste último caso, a entrevistada manifestou que, ao ter vivido nunha cidade tan cosmopolita como Berlín, con gran cantidade de persoas estranxeiras, non percibiu un proceso de adaptación específico á cultura alemá, argumentando en varias ocasións que “Berlín non é ‘moi Alemaña”” (E3. Berlín). E4 argumenta a maiores que o clima supuxo certo impacto na súa chegada a Alemaña, feito que concorda co estudo sobre a emigración no contexto da crise (Cuenca et al, 2014), no cal se sinala o clima como o factor máis condicionante á hora de adaptarse. En canto aos tres que si manifestaron terse adaptado ben á cultura, E2 comenta que se adaptou ben debido á concordancia entre a maneira de traballar en Alemaña e a súa, así como pola presenza da comunidade española coa que se relacionou dende un primeiro momento. Pola súa parte, E4 e E5 mencionan as súas estadías previas na República Checa e Suíza, respectivamente. Estas, ao igual que mencionan Alaminos e Santacreu (2010), servíronlle de experiencia introdutoria á hora de adaptarse á cultura dos países de Europa Central.

Á hora de entender o proceso de adaptación dunha determinada comunidade a unha nova cultura é preciso analizar o grao de contacto con culturas foráneas que cada xeración experimentou antes de emigrar. En liñas xerais, a Xeración 60/70 experimentaba coa emigración a Alemaña o seu primeiro contacto co estranxeiro, xa que nunca antes saían de Galicia nin estudaran unha lingua que non fora o castelán (Álvarez, 1995). En cambio, a Xeración Actual posúe un maior contacto con outras culturas antes de levar a cabo a emigración; con algunhas estancias noutros países ou a aprendizaxe de idiomas como o inglés (de uso internacional) ou o propio alemán.

En canto aos discursos rexistrados en relación á adaptación á cultura e valores do novo país aprécianse múltiples variantes, dependendo de quen fale. Na Figura 2 amosada a continuación, crúzase o dominio do alemán (menor dominio/maior dominio) coa relación coas costumes e cultura locais (peor relación con elas/mellor relación con elas). Desta maneira, a maior parte da Xeración Actual, con gran dominio do idioma, sitúase no lado dereito do diagrama. Dentro dela, diferéncianse dous tipos de emigrante; por unha banda, os que, ademais de coñecer o idioma, se atopan cómodos coa cultura e o medio (Discurso do/a emigrante cómodo/a); por outra banda, aquelas persoas que, a pesar de coñecer o idioma, atópanse emigradas en Alemaña por circunstancias concretas ou profesionais que as levan a non conxeniarse tanto coa cultura local. O exemplo perfecto para este último caso é o de E5, a cal emigrou de Suíza e Alemaña por motivos familiares, pero que, en comparación co contexto suízo, non se atopa excesivamente próxima aos valores culturais imperantes no país xermánico.

Figura 2. Discursos da poboación emigrante segundo o tipo de adaptación aos valores culturais de Alemaña



Elaboración propia.

No caso contrario, na facción esquerda do diagrama, atópanse as persoas cun menor dominio do alemán. De forma xeneralizada, neste grupo estaría incluída a maior parte

da Xeración 60/70, habitualmente menos familiarizada co idioma local e que viviu un maior impacto cultural por parte do novo contexto. Froito disto, na marxe inferior esquerda do diagrama distínguese o denominado *Discurso do/a emigrante dependente*, debido á necesidade que estas persoas tiñan de intermediarios e outros mecanismos para relacionarse co medio lingüístico e cultural. No caso contrario atópase o caso illado e peculiar de E3, emigrada en Berlín. Segundo a informante relata, o feito de vivir na capital alemá derivou nunha adaptación con matices, xa que estaba “moi cómoda e entendía como funcionaba” (E3, Berlín), referíndose ao contexto da cidade. Sen embargo, menciona en numerosas ocasións que Berlín representa un caso paradigmático dentro de Alemaña, debido á presenza de múltiples culturas e á tendencia dos seus inmigrantes a empregar idiomas como o inglés. Desta maneira, E3 encádrase nun tipo de discurso no cal o individuo se atopa adaptado ao contexto cultural concreto de Berlín, pero non posúe unha gran fluidez no relativo ao idioma.

Nun sentido global, tanto nos testemuños acadados como na bibliografía recollida obsérvase unha predominancia do idioma á hora de adaptarse ben. Por un lado, Álvarez (1995) e Cuenca et al. (2014) destacan o idioma como un factor clave para a adaptación das primeiras xeracións e das actuais, respectivamente. Por outro, e en relación ao relato recollido das persoas entrevistadas, o idioma é mencionado en todos os encontros como un factor fundamental e diferencial á hora de adaptarse ao novo contexto, sendo clave na comunicación entre individuos.

Tendo en conta esta serie de experiencias, dentro do complicado que resulta adaptarse a unha nova cultura, poderíase dicir que ás xeracións actuais teñen maior capacidade para adaptarse a novos contextos. Desta maneira e en base aos testemuños recollidos, a Hipótese 1 (*A adaptación á cultura é máis doada agora ca no pasado*) quedaría validada.

Obxectivo 2: Descubrir os cambios económicos experimentados a raíz do proceso migratorio

Para este segundo obxectivo, buscábase coñecer os cambios económicos que a poboación galega na diáspora experimentou a raíz da experiencia migratoria. Desta

forma, as preguntas que se formularon ían encamiñadas a coñecer o seu currículo, as súas experiencias laborais ou as condicións nas que traballaban.

No caso da Xeración 60/70, E1 relata a través do exemplo concreto dos seus proxenitores como súa nai pasou de traballar “coidando vacas” a traballar na empresa Telefunken¹⁴, mentres que seu pai pasou de ser pintor en Galicia a selo en Alemaña. A pesar de que este último continuou a realizar o mesmo traballo unha vez emigrado, E1 explica que o normal era unha ruptura no que ao sector laboral de actividade se refire:

“Se había un mecánico de coches en Galicia non te ibas de mecánico de coches a Alemaña. O que primeiro era mecánico de coches en Galicia xa non emigraba dun sitio, porque, ademais, a xente que emigrou, foi con 18-20 anos, non era xente con 25-30 anos que xa tiñan un... xa fixeran algo. [...] Eu coñecín moita xente de aquí daquela que traballaban no campo ou no mar e o metían nunha banda a traballar na cadea de montaxe e punto, cádralle así. Pero non facía falta o idioma... ‘mira, tes que facer esto e punto’. Sen moito... en fin” (E1, Hannover).

Desta maneira, o relatado por E1 coincide co exposto por autores como Oviedo (2017), o cal sinala que a emigración procedía principalmente dos estamentos máis baixos da sociedade, sendo polo xeral traballadores e traballadoras de pescozo azul. As xentes emigradas dende Galicia tiñan unha escasa formación escolar, sendo xente que rapidamente abandonara os estudos para adicarse, no caso rural, á realización das labores de autoconsumo familiar. Co paso da emigración, vivían un cambio de rutina, ao enrolarse en traballos industriais, remunerados e que lles proporcionaban unha mellora na súa calidade de vida. Ao respecto das condicións laborais, cómpre destacar que a firma do contrato de traballo era requisito indispensable para emigrar, non sendo posible facelo sen este.

A raíz desta mellora a nivel económico, moitos galegos comezaban a planificar a súa vida futura. Cos cartos que se permitían ir aforrando, mercaban pisos ou construían

¹⁴ Empresa alemá encargada da fabricación de televisores e aparellos de radio. Fundada en 1903 como un proxecto comercial das empresas Siemens e AEG, fusionouse co esta última en 1967, pasando a denominarse AEG-Telefunken. Dende 1987, e tras a compra de AEG por parte de DaimlerChrysler, a marca Telefunken foi eliminada. Non obstante, a marca comercial Telefunken segue a ser utilizada pola propia empresa automobilística.

casas en Galicia, xa que mercar ou alugar inmobles, non lle estaba permitido ao inmigrante da Alemaña dos anos 60 e 70.

No caso da Xeración Actual, tal e como mencionan Domingo & Sabater (2013), apréciase unha maior formación previa á emigración, xa non só no mencionado en relación ao idioma, senón no nivel de estudos acadado. Mentres que a Xeración 60/70 adoitaba emigrar cunha escolarización básica e pouco especializada, as catro persoas entrevistadas da Xeración Actual posúen estudos superiores (Formacións Profesionais, Carreiras Universitarias ou Mestrados). A maiores, as catro persoas entrevistadas da Xeración Actual, posuíran traballos remunerados antes da súa estancia en Alemaña, feito que, agás no caso do pai de E1, non se aprecia entre os testemuños do século pasado.

Ao igual que ocorría coa Xeración 60/70, a emigración actual fai as maletas con certa planificación no eido laboral. Entre as persoas entrevistadas, poderíase dicir que todas emigraron cun contrato laboral firmado (coma no caso de E2 coa empresa OPEL) ou, no seu defecto, cun proxecto formativo que garantía as futuras condicións laborais (coma no caso de E4 e as prácticas da FP mediante a que emigrou).

En liñas xerais, poderíase dicir que a emigración reportou unha mellora laboral e económica nas persoas emigradas na última década. Algo a destacar da emigración actual é a maior variedade dos traballos que se desenvolven, así como o maior rango empresarial que posúen con respecto ao pasado. En coincidencia co exposto por Rouco e Novo (2016) ou Oviedo (2017), a actual emigración é levada a cabo por individuos de maior cualificación e que a miúdo teñen unha posición social superior á das comunidades anteriores. No caso concreto das persoas entrevistadas para este traballo apréciase certa evolución. Por unha banda, o que antes era un transvasamento de man de obra con finalidade industrial, agora é unha emigración que distingue múltiples especialidades, coma no caso de E3 (traballadora nunha residencia de estudantes) ou E5 (xornalista). No caso de E3, ademais, o seu sector de actividade é o artístico, eido en auxe segundo o sinalado por Preisendörfer (2003) citado en Oviedo (2017). Por outra banda, nun sector de gran tradición en Alemaña como é o industrial, apréciase certo ascenso empresarial por parte dos galegos e galegas que alí traballan; mentres que antes se encargaban de tarefas máis manuais e en cadea (como indica E1), agora ocupan

postos de traballo máis importantes, coma no caso de E2, enxeñeiro do departamento de medioambiente da OPEL.

Algo a destacar da Xeración Actual é que, a pesar de que posúen en xeral unha maior cualificación, esta non sempre se traduce nun emprego directamente relacionado co estudado. A miúdo, emigrantes actuais acaban traballando en oficios para os que non se formaron de forma específica, como E3, estudante de Belas Artes empregada durante un tempo como coidadora de cativos e cativas. A pesar disto, en liñas xerais, tras o recollido nas entrevistas, percíbese un contento xeral cos traballos desenvolvidos, así como cas condicións dos mesmos:

“En condicións generales melloraba moitísimo. Pódoche dicir que salarialmente era como tres veces mellor ao que tiña anteriormente e, a nivel perspectiva de futuro, poder mellorar. Grazas a este traballo viaxei moito e valoránme moito máis os meus estudos e as miñas habilidades mellor ca anteriormente en España” (E2, Mörfelden-Walldorf).

“[...] Empecei a traballar coidando bebés, de nanny. A parte, a verdade é que as condicións eran moi boas, non era un traballo nada precario. Tiña contrato, cobraba case 12 pavos á hora limpos, cun bo seguro de saúde [...]. Realmente, era un traballo nada precario, como é en España, aínda que é algo moi considerado en España como un traballo máis ou menos precario” (E3, Berlín).

No relativo á análise temática de discursos, para o presente obxectivo observouse certa homoxeneidade nas respostas. Tanto a emigración pasada como a actual realizou o proceso mediante a firma previa dun contrato e en todos os casos dito proceso reportoulles aos individuos unha mellora das súas condicións materiais. Por este motivo, non é necesario trazar un diagrama con diferentes tipos de discursos.

Tras repasar as experiencias recollidas durante ás entrevistas, é posible definir a emigración cara Alemaña como un feito que repercute positivamente na diáspora galega. En base a unha boa adaptación laboral, tanto a Xeración 60/70 como a Xeración Actual experimentaron unha mellora nas condicións de traballo, destacando o plano económico entre os demais. Deste xeito, a hipótese 2 (*O proceso migratorio repercute positivamente na economía das persoas emigradas*) quedaría validada.

Obxectivo 3: Observar a presenza discriminación ou xenofobia na relación do emigrante co medio alemán

Para o terceiro obxectivo propoñíase analizar a posible xenofobia ou discriminación que os emigrantes sufriron durante a súa estancia no estranxeiro. Para este cometido, formuláronse preguntas relativas ao trato recibido por parte da poboación local, ao trato que se lle da ao inmigrante en Alemaña dependendo de onde vén este, así como as diferenzas de trato que o inmigrante recibe segundo a rexión de Alemaña na que se atope.

No referido á Xeración 60/70 o trato recibido non foi positivo. A diferenza entre os dous países provocou un choque cultural na relación entre a emigración galega e a poboación alemá. Para entender de mellor forma este feito, é preciso valorar o contexto social da época e os antecedentes históricos que precederon á chegada da diáspora galega á Alemaña dos 60.

A da segunda metade do século XX era unha Alemaña que vivía nunha progresiva reconstrución en todos os ámbitos, tras os sucesos que danaron o país durante a II Guerra Mundial. Nese contexto, certo sector da poboación alemá miraba á xente de certas nacionalidades con desconfianza:

“Ti imaxínate, ‘eu con 20 anos, soldado, ou tal, vivindo a guerra en Alemaña, morrendo todos os alemáns...’ todo eso, como alemán, no? E, de repente, ‘20 anos máis tarde, con cuarenta anos, vexo que vén emigración de Yugoslavia, emigración italiana, emigración española, portuguesa... que vén a Alemaña, do que eu estaba loitando 20 anos atrás, eh?’ Entón, claro, esa xente, era moi dura, moi cerrada, non aberta...” (E1, Hannover).

En relación á teoría consultada, autores como Farraco et al. (2016) falan de discriminación en canto á condición de cidadán, mentres que son entendidos por Aragón (1986) como un “recibimento hostil”. Porén, o que nun inicio podía ser unha xenreira cara certas comunidades de estranxeiros, mudou para os españois co pasar dos anos. A promoción do turismo por parte da España Franquista derivou nunha importante chegada de visitantes alemáns durante as estacións soleadas (Vallejo, 2015). Con esta chegada de turistas a opinión sobre do español comezou a mellorar en Europa, dando

inicio ao estereotipo e discriminación positiva que rodeará aos emigrantes galegos futuros:

“Os españoles tivemos a sorte de que houbo unha campaña moi grande nos 50, nos 60, nos 70... unha campaña moi grande no tema do turismo. Entón, claro, os alemáns iban de turismo a España e, entón claro, xa existía o emigrante de primeira e o emigrante de segunda... e o emigrante de terceira. Entón, os españoles sempre estiveron nos emigrantes de primeira, coma quen di.” (E1, Hannover).

En canto a episodios concretos de discriminación vividos polos galegos da Xeración 60/70, E1 destaca o plano social, concretamente as maneiras de relacionarse entre persoas:

“Ti pensa que a xente galega... claro, falamos en alto. Entón, estamos nun piso ou estás vivindo nun piso, timbraban na porta e ‘oiga, pare usted de falar tan alto’, ou estamos nun local, nun restaurante ou nun sitio e... ‘fale usted máis baixo, que parece que tá gritando’” (E1, Hannover).

En canto á Xeración Actual, tamén se aprecia certo grao de discriminación cara o estranxeiro. Se no caso da Xeración 60/70 era o pasado bélico o factor importante, para a Xeración Actual é o contexto de crise económica o que destaca. Concretamente, tanto E3 como E4 mencionan dificultades á hora de alugar pola súa orixe:

“[...] Á hora de alugar... a pesar de que xa é complicado en si, porque tes que facer entrevistas... había certo rechazo cos españois, porque eles entendían que viñamos dunha crisis e que igual non íbamos ter carto para pagar, aínda que lle enseñaras *tropecientos papeles*” (E3, Berlín).

“Polas informacións que leo, incluso á hora de ti buscares un cuarto para vivir, dependendo do teu apelido, tes máis posibilidades de que che digan que teñen unha praza ou que teñen libre ou non” (E4, Hamburgo).

De acordo ao sinalado polo informe *Actualidad Internacional Sociolaboral* (2014), máis da metade dos emigrantes españois enquisados afirman terse sentido discriminados. Se estas cifras se comparan cos datos recollidos nas entrevistas confírmase a tendencia, xa que tres das catro persoas entrevistadas afirman ter vivido algún tipo de episodio discriminatorio.

A parte de no relativo ao aluguer, e ao igual ca na Xeración 60/70, a emigración actual sofre un trato distinto no plano das relacións sociais coa poboación local, como E5, cuxo fillo sufriu de *bullying* na escola. De igual forma, no plano idiomático, E2 e E4 si que viviron distintas experiencias negativas:

“Nunca notei unha discriminación directa hacia min. A verdade é que nese sentido nunca tuven ningún problema, pero si que notas que non te tratan 100% coma se foras un alemán. [...] No tema do idioma moitas veces falan entre eles porque saben que non entendes ou porque saben que non dominas ese tema. Si que notas algo diferente, pero discriminación nunca cheguei a notar” (E2, Mörfelden-Walldorf).

“A ver, eu cando traballei no hotel... por non saberes ben alemán... si que che metían... metíanche caña. Hai un trato diferente. Ou na... se vas falar coa administración e non sabes falar ben alemán tamén non é o trato en si moi... ecuánime. Non se molestan moito en entender. É un trato agresivo-pasivo” (E4, Hamburgo).

Á hora de destacar algún trato xenófobo ou discriminatorio, parece que no plano económico-inmobiliario e no lingüístico existe un certo rexeitamento. Por un lado, mentres que nos 60 e 70 a lei alemá prohibía a inmigrantes alugar ou mercar pisos e casas, na actualidade, a pesar de que poden facelo, os galegos e galegas vense discriminados á hora de seren “seleccionados” para facerse cunha propiedade. Podería dicirse así que se pasou dunha discriminación directa e institucional a outra máis indirecta e social. Por outro lado, no ámbito lingüístico si que se nota certo distanciamento entre comunidades, quedando sinalado e marxinado aquel ou aquela que aínda non domina o alemán.


Trazouse un diagrama no que se dispoñen os distintos discursos segundo as súas características. Así, na Figura 3 amosada máis abaixo, establécense os catro cuadrantes, cruzando as dúas xeracións (Xeración 60/70 e Xeración Actual) co tipo de discriminación que viviron (positiva/negativa).

Partindo da idea de que todas as persoas entrevistadas viviron algún tipo de discriminación, xa sexa positiva ou negativa, cabe profundar nos tipos de discurso concretos que se apreciaron. Por parte da Xeración 60/70 percíbese unha discriminación positiva pola existencia da idea do inmigrante do sur de Europa como un bo traballador

(*Idea do inmigrante do sur como bo traballador*). Así mesmo, esta xeración tamén sufriu nos seus inicios certo trato despectivo pola poboación local. Este, debíase principalmente á corrente de odio que naqueles tempos se respiraba na sociedade alemá cara o inmigrante, visto como un antigo inimigo de guerra (*Idea do inmigrante como antigo inimigo*).

Pola súa parte, a Xeración Actual viviu certo tipo de experiencias discriminatorias. A través do expresado nas entrevistas, extráese un discurso baseado na *idea do inmigrante do sur como persoa de ocio*. Este tipo de discriminación positiva viuse alentada pola tradición turística que España iniciou na segunda metade do século XX, a cal mellorou positivamente a ollos doutros países. En cambio, no cuadrante da discriminación negativa cara o emigrante da Xeración Actual, percíbese a *idea do inmigrante do sur como persoa de poucos recursos*. Este estereotipo, como xa se vén comentado, vén apoiado pola situación de crise que se viviu no Estado español a partir de 2008, facendo ver aos seus habitantes como persoas precarias e incapaces de abordar certo tipo de gastos.

Figura 3: Discursos da poboación emigrante segundo presenza de discriminación ou xenofobia na súa relación co medio alemán



Elaboración propia

Dende un punto de vista comparativo, parece difícil sentenciar que xeración sufriu unha maior discriminación ou xenofobia pola súa condición de inmigrante. Mentres que por unha banda existen puntos en común (a maneira de relacionarse ou a lingua), cómpre tamén relativizar o trato recibido co seu respectivo contexto histórico. Para a poboación alemá, a idea de inmigrante dos 60-70 (antigo inimigo bélico) era diferente á actual (no caso de España, persoa precaria e de poucos recursos económicos). Por todo isto, e en base á representatividade dos relatos recollidos, a Hipótese 3 (*Na Alemaña dos 60 e 70 existía unha maior presenza de xenofobia con respecto á poboación estranxeira*) non pode validarse.

Obxectivo 4: Detectar os sentimentos de pertenza á comunidade de orixe e á comunidade de acollida

Para o cuarto e último obxectivo, a idea fundamental era analizar as relacións de cada persoa emigrante coas comunidades de orixe e de acollida. Con esta finalidade, preguntóuselles ás persoas entrevistadas que grao de relación estableceran con xente galega, española, alemá, doutras nacionalidades, etc. Ademais, tamén se prestou especial atención ao números de contactos que cada persoa estableceu con familia e amigos durante a súa estadía en Alemaña, así como de que forma.

Para falar das relacións comunitarias da Xeración 60/70 cómpre centrármonos nas características migratorias da época. Como xa se vén comentado ao longo do traballo, a migración continental galega da segunda metade do século XX trátase dunha migración masiva (Álvarez, 1995). Ao igual ca na emigración con destino americano, os países receptores de migrantes solicitaban ou acollían unha man de obra que chegaba de forma conxunta a través de experiencias comúns. A través desta modalidade, a Xeración 60/70 confórmase como un colectivo homoxéneo tanto na súa traxectoria migratoria como na traxectoria previa a esta.

Froito desa experiencia común, dende un primeiro momento, a emigración galega asentouse en ambientes concretos de cidades concretas. Tal e como menciona Álvarez (1995), E1 relata a aparición das residencias de inmigrantes (diferenciadas entre as de homes e mulleres), nas que creaban unha relación interna de comunidade. Ao vivir de forma conxunta nestas residencias, apoiábanse mutuamente para desenvolverse, o que,

sumado ao descoñecemento do idioma, provocaba unha inmersión leve na cultura e na sociedade alemá:

“Foron moi cómodos no sentido que estaban relacionados entre eles, entre a xeración que migrou, convivían entre eles, facían moito entre eles, se xuntaban nos Centros Galegos entre eles e, entón, claro, cando había unha cousa tal, ‘mira coñezo a fulanita, ou ao fillo de fulanita... a ver se me pode decir tal’” (E1. Hannover).

“A ver, no momento no que sabes un pouco o idioma... obviamente te abres un pouco máis. Porque eso é obvio, non? [...] Porque ti, ao principio, os amigos e as formas de contacto e de ocio era pois... simplemente galegos e españois, obviamente. Entón, mantíñaste cerrado nun teu círculo de galegos. Pero no momento no que a barrera do idioma cambia tamén empezas a ter contacto con compañeiros de traballo... ou son alemáns, ou son italianos... o idioma penso que é a base fundamental...” (E1. Hannover)

De forma paralela, as comunidades galegas mantiñan o contacto coa familia e cos seres queridos. Habitualmente, a xente da emigración volvía unha vez ao ano á casa “en principio, entre catro e seis semanas” (E1. Hannover, 2020). A relativa proximidade, segundo Álvarez (1995) era un dos factores claves á hora de se relacionar co lugar de orixe, ao existir a posibilidade de empregar o coche para realizar desprazamentos. Cando non volvían á casa, mantiñan o contacto coa familia e seres querido a través de carta e, sobre todo, por teléfono:

“Despois xa, nos anos 80 pois xa tal... tiñas un piso, tiñas un teléfono no teu piso. Un teléfono desos antigos, de roda... típico daquela... e era por teléfono. As chamadas eran caras e por eso non chamaban todos os días. Podías chamar unha vez ao mes ou unha vez á semana, depende da forma de tratar coa familia” (E1. Hannover).

Pola súa parte, a Xeración Actual viviu un proceso notablemente diferente á da Xeración 60/70. Mentres que estes vivían a adaptación de forma colectiva, a emigración actual leva a cabo a experiencia de forma individual e globalizada (Oviedo, 2017). A diáspora actual xa non é masiva, senón máis dispersa, polo que unha vez chega a Alemaña, cada individuo decide en que contexto moverse e con quen relacionarse.

A pesar de non chegar a Alemaña nun transvase masivo de poboación, a Xeración Actual participante neste traballo non presenta especial contacto con ningunha das dúas comunidades de referencia. De forma máis concreta, ningunha das catro persoas entrevistadas afirma pasar a maior parte do día con poboación alemá, senón que comentan pasar, ou ben máis tempo con xente de orixe español (E2) ou ben máis tempo con persoas doutras nacionalidades (E3 e E4). Sen embargo, mentres que do informe sobre *Actualidad Internacional Sociolaboral* (2014) se extrae un alto gran de contacto coa poboación local (un 75% afirma ter contacto con poboación alemá), das entrevistas non se aprecia un gran achegamento á poboación nativa por parte da emigrante.

No trato coa poboación local, os individuos entrevistados comentan a dificultade para relacionarse con ela, destacando unha maneira de ser oposta a súa que impide entrar en confianza e establecer unha relación duradeira no tempo. Ao respecto das súas relacións, comentan o seguinte:

“É unha relación laboral, profesional... ao mellor con un ou dous si que falamos máis de maneira privada. Ao mellor eu estuven na súa casa coa miña muller e a miña filla cos seus fillos e a súa muller... ou ben veu el coa súa muller e os seus fillos aquí á miña casa... temos un pouco máis de contacto... Algunhas amigas da miña muller, que son alemanas, pois si que temos contacto con elas. Falamos, levámonos e tal... pero son poucas personas” (E2, Mörfelden Walldorf).


“Si que son como moi ‘almidonados’. [...] O sea, porque son moi cordiales, pero logo hai unha membrana que é moi difícil de rebasar... ou incluso pode que nós, a nosa forma de falar, ou linguaxe corporal... ou pode que incluso o contacto físico ao falar... a eles é como que lle fai cortocircuito e... ‘a ver, por que me tocas un brazo se estamos falando?’” (E3, Berlín).

Este tipo de testemuños vense apoiados polo aportado polo informe de *Actualidad Internacional Sociolaboral* (2014), o cal explica que aqueles emigrantes que levan xa certo tempo en Alemaña tendan a identificarse co país. Este, pode ser o caso e informantes como E2, o cal se sente cómodo coa maneira de traballar e vivir do país. Por contra, de acordo ao sinalado no estudo, aquelas persoas emigrantes que viviron máis episodios de discriminación, tenden a sentírense menos ligadas ao medio, tal e como se pode ver nos casos de E3 e E5.

Xa no referente ao contacto co lugar de orixe, a Xeración Actual presenta unha continuidade con respecto á Xeración 60/70 no que a visitas á familia se refire. Se E1 relatava como os galegos e galegas volvían a Galicia unha vez ao ano ao redor a 4 ou 6 semanas, os individuos da Xeración Actual afirman volver unhas poucas semanas entre 1 e 2 veces ao ano. Por contra, son os familiares destes os que visitan indo a Alemaña. Pola súa parte, á hora de establecer contacto dende o estranxeiro cos seus achegados na península, as catro persoas entrevistadas destacan a presenza de Internet. En especial, mencionan as aplicacións Whatsapp e Skype, que empregan con frecuencia.

No relativo á análise de discursos, para este cuarto obxectivo elaborouse un novo diagrama de catro cuadrantes. Nel, as variables cruzadas son as dúas xeracións (Xeración 60/70 e Xeración Actual) co seu grao de contacto (Maior/Menor) coa comunidade de orixe. O resultado son un total de tres discursos: 1 relativo a Xeración 60/70 e 2 relativos á Xeración Actual.

Figura 4. Discursos da poboación emigrante segundo o grao de contacto coa comunidade galega/española



Elaboración propia.

En ámbalas dúas xeracións percíbense casos de emigrantes cun alto grao de contacto coa comunidade de orixe. No caso da Xeración 60/70, o contacto é diario, debido ás

comunidades que se estableceron en terra xermánica, nas que convivían e se apoiaban mutuamente. Nace así un discurso de emigrante illado na súa propia comunidade e con pouco contacto regular coa poboación local (*Emigrante do gueto galego na emigración*). Por parte da Xeración Actual, o contacto non é tan involuntario, senón que é a persoa emigrante a que decide establecer relación coas súas raíces, tal e como se extrae do contado por E2 (*Emigrante en contacto coas raíces culturais*).

En relación ao baixo nivel de contacto coa comunidade de orixe aprécianse menos testemuños ao respecto. Mentres que no caso actual si que existen emigrantes que afirman non ter apenas contacto con persoas de Galicia ou España (E3, E4 e E5), no caso da Xeración 60/70 non se aprecian escenarios deste tipo. O motivo parece ser a imposibilidade que cada individuo tiña para desligarse da súa comunidade. O carácter masivo do proceso migratorio, así como a escaseza de ferramentas para desenvolverse de forma independente, derivaba nunha inquebrantable ligazón entre a persoa e a súa comunidade de orixe. A marxe inferior queda composta así polo discurso *Emigrante en contacto con outras nacionalidades* e por un oco en branco no referente aos casos de membros da Xeración 60/70 desligados da súa comunidade.

Á hora de comparar unha xeración con outra, pódese confirmar que a Xeración 60/70 estaba mellor cohesionada entre ela, establecendo unha comunidade nacida nas residencias de emigrantes e consolidada nos Centros e Asociacións Culturais co paso dos anos (Álvarez, 1995). Por contra, e tras o observado nas entrevistas, a Xeración Actual non se integra especialmente en ningunha comunidade (xa sexa de orixe galega, española ou alemá), senón que cada individuo establece relacións de acordo á súa traxectoria particular. Entendendo así o tipo de relacións que se estableceron e establecen entre as comunidades e os individuos na diáspora, a Hipótese 4 (*Na Alemaña do s. XXI, existe unha menor cohesión no relativo ás relacións entre as galegas e galegos emigrados*) queda validada.

6. Conclusións

O presente traballo xurdía co obxectivo de analizar os procesos de adaptación da comunidade galega a Alemaña, centrándose na comparativa entre as denominadas Xeración 60/70 e Xeración Actual. Para levar a cabo este fin, propuxéronse unha serie de obxectivos secundarios, a través dos cales orientar a investigación e coñecer en profundidade diversos eidos da realidade emigrante. Unha vez rematado o traballo, pódense sacar pois unha serie de conclusións.

Nun plano xeral, pódese sentenciar que se lograron acadar con éxito os obxectivos marcados. Tanto a comparativa xeral dos procesos migratorios como a análise concreta dos planos cultural, económico, discriminatorio e comunitario foron posibles debido ao traballo de campo realizado. Se ben este estaba planificado dende unha metodoloxía inicial que non se puido levar a cabo por mor da crise sanitaria, a metodoloxía posteriormente aplicada permitiu sacalo adiante a pesar das dificultades.

Do recollido nas entrevistas pódese extraer, en primeiro lugar, que a adaptación cultural da diáspora galega é notablemente máis doada actualmente ca nos anos 60 e 70. Tal e como se extrae tanto do estudo de Alaminos e Santacreu (2010) como das entrevistas realizadas, debido á maior familiaridade das novas xeracións coas culturas alleas á súa, o impacto recibido ao chegar a un novo medio é menor. Nace así o *discurso do/a emigrante cómodo/a*, principal desta Xeración Actual e caracterizado pola gran adaptación tanto aos valores culturais como ao idioma local. Así mesmo, tamén xorden outros discursos máis particulares, como o *discurso do/a emigrante en Berlín* e o *discurso do/a emigrante circunstancial*, marcados por unha adaptación cultural parcial. Pola súa banda, a Xeración 60/70 presenta neste primeiro obxectivo unha leve adaptación aos valores e costumes do contexto e un baixo dominio do alemán. Predomina desta maneira o *discurso do/a emigrante dependente*.

Dende o punto de vista económico-laboral, observouse en ámbalas dúas xeracións unha gran adaptación. En tódolos casos, o proceso migratorio foi levado a cabo tras a firma dun contrato laboral ou, no seu defecto, a aclaración das condicións de vida que a persoa se atoparía en Alemaña (casos de persoas emigradas a través de becas ou disciplinas formativas). A pesar de que o carácter dos empregos variou moito e as traxectorias laborais son hoxe máis personalizadas ca hai décadas, non se atoparon

variables suficientes para encontrar discursos caracterizables. Por outro lado, a pesar de que resulta complicado discernir que xeración se adaptou mellor ao ambiente laboral, si que é posible concluír que en ambos casos houbo unha boa adaptación e unha repercusión positiva dende o punto de vista económico.

No ámbito discriminatorio apreciáronse numerosas peculiaridades entre os relatos obtidos. Por unha banda, cómpre diferenciar a discriminación de carácter positivo que tanto no século pasado como no actual deu lugar a discursos relacionados coa *idea do/a inmigrante do sur como bo/a traballador/a* e coa *idea do/a emigrante do sur como persoa de ocio*, procedente da popularización do turismo peninsular (Vallejo, 2015). A través destas ideas positivas a emigración galega nunca se atopou no chanzo máis baixo da escala social. Sen embargo, este feito nunca librou á comunidade de certos estereotipos negativos e tratos xenófobos (Ministerio de Empleo e Seguridade Social, 2014), dando lugar a discursos relacionados coa *idea do/a inmigrante do sur como antigo/a inimigo* e coa *idea do/a inmigrante do sur como persoa de poucos recursos*. A raíz destes tratos distintivos, a emigración galega viuse notablemente condicionada no seu día, sendo difícil, a pesar disto, sinalar a un grupo como máis discriminado ca o outro.

En canto á adaptación comunitaria e de relacións co lugar de orixe, a emigración galega experimentou camiños diferentes en ámbalas dúas xeracións, tal e como sinalan Álvarez (1995) e Oviedo (2017). Mentres que as persoas que fixeron as maletas nos anos 60 e 70 asentáronse en comunidades moito máis pechadas, a Xeración Actual viviu un proceso moito máis individualizado e máis encamiñado a un menor contacto coas comunidades de orixe. Así, xurdiu un discurso principal en cada xeración: a *idea do/a emigrante do gueto galego na emigración* para a Xeración 60/70 e a *idea do/a emigrante en contacto con outras nacionalidades* para a Xeración Actual. Para este cuarto e último obxectivo a conclusión destacada é a de que a emigración actual amosa, polo xeral, un menor contacto coa comunidade de orixe e unha maior capacidade para relacionarse con persoas doutras nacionalidades.

En liñas xerais, pódese concluír que a Xeración Actual é un grupo moito máis preparado para adaptarse á emigración do que era a Xeración 60/70. Dentro dun proceso tan radical como é o cambio de residencia dun país a outro, as xeracións galegas actuais posúen maiores ferramentas para sufrir un menor impacto ao emigrar. Por unha banda,

son individuos máis afeitos ao trato con outras culturas, con maior dominio de lingua e un currículo máis amplo e personalizado. Grazas a estes factores, a diáspora actual ten a posibilidade de dirixir a súa traxectoria en certa maneira. Ademais, o feito de levar a cabo o proceso de forma individualizada, potencia a idea de “saír da zona de confort”, forzando unha inmersión cultural que, a longo prazo, pode derivar nunha maior adaptación en todos os sentidos. Por outra banda, se ben a formación persoal e profesional reporta beneficios á hora de adaptarse en certos eidos, non semella clave para impedir certos problemas relacionados co medio. As capacidades individuais de cada emigrante definen o ben ou o mal que se adaptará a ámbitos culturais ou comunitarios. Porén, unha maior experiencia previa no estranxeiro ou un maior currículo non impiden sufrir xenofobia ou trato discriminatorio por parte do país de acollida. Noutras palabras: as capacidades da persoa emigrante poden modificar en parte a súa traxectoria, pero en ningún caso poden modificar o contexto ao que chega, nin impedir que este condicione o seu día a día. Esta idea emparéllase en certa maneira co explicado por Gallino (2001) cando fala das dúas maneiras que unha colectividade emprega para adaptarse ao medio. Mentres que o autor italiano comenta que os grupos tenden a modificarse interna e externamente, no caso da emigración, a comunidade galega tende a modificarse a si mesma. Así, ante a imposibilidade de modificar o novo contexto cultural, cada emigrante opta por modificar o seu modo de vida ou as súas pautas de actuación co fin de lograr unha mellor adaptación.

Tal e como se puido comprobar ao longo das páxinas deste traballo, a emigración variou ao longo das décadas. O que antes era un proxecto masivo e orientado exclusivamente ao traballo manual, agora é un proceso individual orientado pola formación do individuo. Nun proceso tan complicado como é a emigración, a capacidade de adaptación das actuais xeracións é cada vez maior: posúen maiores capacidades e experiencias, así como a vantaxe de avanzar por un carreiro que 60 anos atrás os primeiros galegos e galegas comezaron a abrir.

7. Fortalezas e debilidades do traballo

Chegados ao punto e final do traballo, pódense extraer diversas reflexións sobre a investigación en si e o proceso que permitiu levala a cabo. Desta forma, é necesario botar a vista atrás e analizar os puntos fortes e débiles existentes.

Dende un primeiro momento, a idea deste estudo descansou sobre dous piares fundamentais: abordar unha investigación dentro do marco galego e tratar un fenómeno fortemente ligado á idiosincrasia deste. Dentro deste campo, decidiuse optar por un plano comparativo, optando polo estudo de dúas xeracións separadas polo tempo e polas características do seu proceso migratorio. Máis adiante, tras delimitar o eido de estudo na emigración con destino alemán, foi cando se comezou a delimitar a metodoloxía.

No apartado metodolóxico optouse por un enfoque cualitativo fundamentado na entrevista focalizada, a partir da cal recoller os relatos de 4 emigrantes de cada xeración. As entrevistas resultantes serían analizadas en profundidade por un lado, así como enfocadas e clasificadas segundo a temática do seu discurso. Este plan inicial viuse afectado pola pandemia mundial xa mencionada, obrigando a modificar a metodoloxía. É neste punto onde xorden as primeiras dificultades, que posteriormente se traducirán nas distintas debilidades do traballo; por unha banda, atópanse as debilidades intrínsecas que pode ter o traballo de por si; por outro lado, existen unha serie de debilidades extrínsecas xurdidas por mor do contexto global.

No caso das debilidades intrínsecas, pódese destacar o número de persoas entrevistadas. Debido a que contar con 8 informantes foi unha decisión arbitraria, pode considerarse que o número era demasiado pequeno como para obter uns resultados significativos. Como solución a este posible déficit, mantívose na recámara a posibilidade de aumentar o número de encontros se a situación así o permitía. De igual forma, ao traballo poderíasele esixir un maior apoio cuantitativo. Se ben a idea fundamental do traballo era recoller testemuños subxectivos e relatos persoais dos distintos individuos, unha maior presenza de datos ou enfoques cuantitativos outorgaríanlle maior consistencia ao traballo. Neste aspecto cabe mencionar as estatísticas ofrecidas, as cales representan tendencias e non o número exacto de migrantes para cada fluxo, a pesar de que isto último sería o ideal.

Pola súa parte, o COVID-19 xerou unha serie de dificultades engadidas que, á larga, derivaron nunha serie de debilidades extrínsecas do traballo. O caso máis salientable foi

o das entrevistas, as cales se viron modificadas en número e forma: de 8 entrevistas pasouse a un total de 5 (4 para a Xeración Actual e 1 para a Xeración 60/70), mentres que da posibilidade de facelas de xeito presencial pasouse á obriga de realizalas de forma telemática. Ademais das dificultades¹⁵ que supuxo contactar con informantes da Xeración 60/70, aqueles e aquelas que aceptaron realizar a entrevista non sempre se atoparon dispoñibles¹⁶.

As circunstancias globais derivaron nunha serie de debilidades extrínsecas que se poderían solucionar noutro contexto, así como debilidades intrínsecas que se poderían tomar como aportes en futuras liñas de investigación. Sen embargo, o traballo tamén conta con fortalezas que cabe destacar. En primeiro lugar, e baseándonos na bibliografía consultada, o enfoque comparativo do que se dotou ao traballo non é común en traballos de migracións. A este respecto, o comparar dúas épocas tan opostas entre si permite ver as dúas caras da emigración galega: unha pasada, máis masiva e homoxénea; outra actual, máis individual e heteroxénea. De igual forma, a análise temática de discursos non se percibiu demasiado aplicada ao discurso emigrante, polo que en certa medida resulta un enfoque novidoso. En segundo lugar, a pesar das dificultades as entrevistas presentadas son o suficientemente profundas como para dar resposta aos obxectivos marcados, así como para validar as hipóteses correspondentes. En terceiro lugar, e ante a redución do número de entrevistas, decidiuse reforzar o marco teórico e a metodoloxía. Con isto non se busca substituír a falta de informantes mencionada, senón que se pretende compensar e reforzar o traballo en todas as súas partes, na busca dunha investigación final da mellor calidade posible.

O presente traballo posúe puntos fortes e puntos débiles. Estes, poderían ser potenciados e compensados, respectivamente, en futuras liñas de investigación. Ao mencionado ao longo destas páxinas poderían engadírselle novos enfoques e perspectivas (xénero ou a adaptación ao retorno, por exemplo), tendo en conta que un fenómeno tan amplo como a emigración sempre deixa camiños que transitar.

¹⁵ Á hora de contactar con informantes da Xeración 60/70 atopáronse varias barreiras: primeiro, á hora de localizalas e comunicarse con elas, debido ao baixo uso que as persoas de terceira idade fan das novas tecnoloxías; segundo, debido á desconfianza que en moitas ocasións posúen as persoas maiores no relativo a tratar con descoñecidos; e terceiro, debido á desconfianza que a situación provocaba nestas persoas, presentando en moitos casos certo nerviosismo e rexeitamento a establecer contacto con estímulos do exterior.

¹⁶ Neste apartado cabe destacar a que ía ser segunda entrevista da Xeración 60/70. Tras insistir en varias ocasións, a entrevista foise retrasando ata tal punto que non foi posible abordala nun prazo que permitira incluíla no traballo. Desta maneira, o número de entrevistas viuse reducido de 6 a 5 chegado o momento.

8. Bibliografía

Alaminos, A. & Santacreu, O. (2010). La emigración cualificada española en Francia y Alemania, *Universidad de Alicante. Instituto Universitario de Desarrollo Social y Paz* 95, 201-211.

Álvarez, G. (1995). *La migración de retorno en Galicia (1970-1995)*. (Tese doutoral). Universidad Complutense de Madrid, Madrid.

Barrutieta, A. (1976). *La emigración española: el timo del subdesarrollo*. Madrid: Editorial Cuadernos para el Diálogo.

Beltrán, J. (2003). Diáspora y comunidades asiáticas en España. *Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*, 7(134).

Braun, V. & Clarke, V. (2006). Using thematic analysis in psychology. *Qualitative Research in Psychology*, 3(2).

Conde, F. (2009). *Análisis sociológico del sistema de discursos*. Madrid: Centro de Investigaciones.

Cuenca, C., Díaz, C., Díaz, L., Flores, P., Gentile, A., Zúñiga, R. & Navarrete, L. (2014). *La emigración de los jóvenes españoles en el contexto de la crisis. Análisis y datos de un fenómeno difícil de cuantificar*. (Informe técnico). INXUVE, Madrid.

Cuñat, R. (2007). Aplicación de la Teoría Fundamentada (Grounded Theory) al estudio de procesos de creación de empresas. *Decisiones basadas en el conocimiento y en el papel social de la empresa: XX Congreso anual de AEDEM*, 2, 44.

Domingo, A. & Sabater, A. (2013). Crisis económica y emigración: la perspectiva demográfica. *Anuario CIDOB de la inmigración. N° 2013*, 59-88.

El PP adelanta que el recorte en Investigación de cara a los próximos Presupuestos Generales será "relevante". (16 de marzo de 2012). *Europa Press*.

Estévez, M. (2018). *A migración galega en Alemaña: unha análise dende a Lingüística Migratoria e a Glotopolítica*. Hannover: Leibniz Universität Hannover.

Escrivá, V. (produtor) & Lazaga, P. (director). (1971). *Vente a Alemania, Pepe* [Película]. España: Aspa Producciones Cinematográficas S.A & Filmayer S.A.

- Farraco, C., Castillo, E., Krausslach, M. & Montero, M. (2013). Aproximación a la situación de la ciudadanía española en Alemania. *Colectivo de Estudios e Intervención Social (CEIS). Informe 1ª fase.*
- Farías, R. (2016). Fuentes para la Historia de la “quinta provincia”: el Archivo de la Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina. *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*. 20(Esp.), 87-90.
- Gáinza, A. (2006). La entrevista en profundidad individual. En Canales, M., *Metodologías de Investigación Social* (219-263), Santiago: LOM Ediciones.
- Gallino, L. (2001). *Diccionario de Sociología*. México DF, México: Siglo XXI.
- García, I. (director). (2015). *Perdiendo el norte* [Película]. España: Antena 3.
- Girola, L. (2010). Talcott Parsons. A propósito de la evolución social. *Sociológica*, 72, pp. 169-183.
- Glaser, B., Straus, A. (1967). *The discovery of grounded theory: strategies for qualitative research*. New Brunswick, Canadá: Aldine Transaction.
- Gobierno Federal de Alemania. (2019). Asesoramiento para la inmigración. Recuperado de <https://www.make-it-in-germany.com/es/vivir-en-alemania/integracion/asesoramiento/>
- González-Ferrer, A. (2013). La nueva emigración española. Lo que sabemos y lo que no. *Zoom Político*.
- Gualda, E. (2001). *Los procesos de integración social de la primera generación de «Gastarbeiter» españoles en Alemania*. Huelva: Servicio de Publicaciones da Universidad de Huelva.
- Harms, H. (1980). *La emigración española a Alemania*. Wuppertal: Instituto de Política Social Preventiva.
- International Organization for Migration. (2019). *Glossary on Migration*, 34, 130.
- Kleiner, D. (2004). La nueva ley de inmigración alemana: historia y detalles. *Migraciones*, 16, 227-236.
- Koinova, M. (2010). Diasporas and international politics: Utilising the universalistic creed of liberalism for particularistic and nationalist purposes. En Koinova, M.,

Diaspora and Transnationalism (pp. 149-165), Amsterdam: Amsterdam University Press.

Kreienbrink-Herrero, A. (2000). Aspectos da inmigración española, portuguesa e iberoamericana en Alemania. *Estudios migratorios*, 10, 109-129.

Ministerio de Empleo y Seguridad Social. (2014). *Actualidad Internacional Sociolaboral*, (184).

Monteagudo, H. (2016). Castelao en Buenos Aires, 1940-1950. *Olivar: revista de literatura y cultura españolas*. 17(25).

Morán, L. (2004). Las organizaciones de migrantes, su impacto y evolución en la recepción de personas y el envío de recursos. En Delgado, R. & Favela, D. M., *Nuevas tendencias y desafíos de la migración internacional*, 37-45. Zacatecas: Colección Alternativas.

Oviedo, M. (2017). *La Inmigración española en Berlín (2008-2013): los nuevos Gastarbeiter*. (Tese doutoral). Universidad Complutense de Madrid, Madrid.

Pellegrino, Adela (2000). *El perfil de los uruguayos censados en la Argentina en 1991*. Organización Internacional para las Migraciones, Buenos Aires.

Rouco-Couzo, M. & Novo-Corti, I. (2016). *A migración laboral actual: expatriación empresarial ou fuga de cerebros?*, 7, 171-201. A Coruña: Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña.

Rodríguez, R. (2017). *La emigración de jóvenes universitarios españoles en el actual contexto de crisis: procesos y factores migratorios*. (Tese doutoral). Universidad de Granada, Granada.

Ruiz, F. (2000). “Cuando éramos emigrantes” La emigración española en Alemania. *Magazin. Revista de Germanística Intercultural*, 8, 22-30.

Sanz, G. (2015). Emigrantes industriales: los trabajadores españoles y el «milagro económico alemán», 1960-1985. *Revista de Historia Industrial*, 60, 173-216.

Gallino, L. (2001). *Diccionario de Sociología*. México DF, México: Siglo XXI.

Vallejo, R. (2015). *¿Bendición del cielo o plaga? El turismo en la España franquista, 1939-1975*. Universidade de Vigo.

Vallés, M. (1999). *Técnicas cualitativas de investigación social*. Madrid, España: Editorial Síntesis.

Venn, F. (2002). A Decade of Crisis: 1973 and 1979. En Venn, F., *The Oil Crisis* (7-29), Nova York: Routledge.

Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías. (29 de outubro de 2007). Procedemento para a avaliación dos Traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado. Recuperado de https://moodle.udc.es/pluginfile.php/1356266/mod_resource/content/1/Procedemento_TFG_TFM_Reitor%C3%ADa.pdf

Vilar, J. (2000). Las emigraciones españolas a Europa en el siglo XX. Algunas cuestiones a debatir. *Migraciones & Exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos. I.* 131-159.

Xunta de Facultade. (5 de decembro de 2018). Procedemento do Traballo de Fin de Grao do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña. Recuperado de https://moodle.udc.es/pluginfile.php/1356257/mod_resource/content/1/Procedemento%20do%20TFG%20no%20grao%20de%20sociolox%C3%ADa.pdf

Xunta de Facultade. (30 de abril de 2020). Procedemento extraordinario do Traballo de Fin de Grao do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña para a situación de emerxencia polo COVID-19. Curso 2019-2020. Recuperado de https://moodle.udc.es/pluginfile.php/1466756/mod_resource/content/1/Procedimiento%20extraordinario%20TFG%20%28COVID%2019%29.pdf

9. Anexos

Guión de entrevista

<p style="text-align: center;"><u>BLOQUE 1</u></p> <p style="text-align: center;">Determinar a adaptación aos valores culturais do novo país.</p>	<ul style="list-style-type: none">- Tivera algún contacto co estranxeiro antes? E co país en cuestión?- Coñecía a lingua do país?- O Estado ofreceulle axuda para aprender/mellorar as súas competencias ao respecto?- Foille sinxelo adaptarse ás costumes e valores culturais do país de destino? (relacións sociais, horarios, gastronomía, etc.)
<p style="text-align: center;"><u>BLOQUE 2</u></p> <p style="text-align: center;">Descubrir os cambios económicos experimentados a raíz do proceso migratorio.</p>	<ul style="list-style-type: none">- De que traballou durante a súa estadía no estranxeiro?- Emigrou cun contrato de traballo garantido ou buscou emprego unha vez establecido alí?- Traballara previamente antes de emigrar?- Dito emprego ofrecíalle mellores condicións ca os que tivera antes de emigrar?- O Estado (tanto o de orixe como o de acollida) outorgoulle algún tipo de axuda económica?

<p style="text-align: center;"><u>BLOQUE 3</u></p> <p>Observar a presenza de discriminación ou xenofobia na relación da emigración co medio alemán.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Como valora o trato cos inmigrantes por parte da poboación local? - Observa que a poboación nativa ten un trato diferente cos inmigrantes dependendo do seu país de orixe? - Observa que o inmigrante recibe un trato distinto dependendo de en que parte do país de acollida resida? - Viviu algún episodio de discriminación por ser inmigrante?
<p style="text-align: center;"><u>BLOQUE 4</u></p> <p>Detectar os sentimentos de pertenza á comunidade de orixe, así como á comunidade de acollida.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Durante a súa estadía no país de acollida, estableceu relación con poboación nativa? - Durante a súa estadía no país de acollida, estableceu relación con poboación emigrante do seu país de orixe? (Centros galegos, centros españois...) - Ao longo do día, con quen convive máis tempo? - Volveu ao seu país de orixe durante o tempo que estivo emigrado/a? - Mantiña relación cos seres queridos durante a súa estadía no estranxeiro? - Que é o mellor do país de acollida en relación co país de orixe?

Fonte: elaboración propia.

Entrevista 1 (E1)*

Datos do entrevistado

Código da entrevista	E1
Medio empregado para a entrevista	Chamada telefónica
Sexo	Home
Idade	51
Anos emigrado	1969-1971 1980-Actualidade
Emigrado en	Hannover
Lugar de procedencia	Fene

Elaboración propia.

*A presente entrevista foi realizada a E1, fillo de emigrantes da Xeración 60/70 e persoa en contacto con numerosos Centros Galegos na emigración alemá. En consecuencia, as respostas están fundamentadas no seu coñecemento acerca da temática, así como orientadas en referencia á poboación da mencionada xeración.

S: Coñecían o alemán antes de emigrar?

E: Nadie. Nadie sabía o alemán antes de emigrar. Nunca hubo na escola nin nunca hubo... eso.

S: Alí, o Estado alemán, ofrecíalle algún tipo de axuda pa mellorar as competencias en alemán ou tíñase que buscar un pouco a vida?

E: No. Buscábanse a vida, porque daquela, o que era man de obra é coma se fora “Hannover obra”. A ver como che podo decir... daquela, neses momentos, xa che comentei, a xente veu para un certo tempo, entón non querían perder tempo en aprender alemán nin nada deso. Entón, o de aprender alemán... si que houbo unha que outra persoa, pero xa che digo, son excepciónes que... é dicir, o alemán que aprenderon a xente que emigrou foi o de día a día. Entón, o que sabían falar, chapurrear do día a día era o que falaban. Obligados pa poder ir mercar, pa poder defenderse e tal. E, moitas veces, os fillos tiñan que traducirlle moitas veces as cartas.

S: E era pa eles moi importante saber falar alemán pa desenvolverse no día a día ou, máis ou menos, podían ir tirando sen saber o idioma 100%?

E: A ver, podían ir tirando porque sempre houbo o Ministerio de Asuntos Exteriores... ti tiñas un consulado cerca, tiñas unha asesoría laboral cerca, había xente que che sabía falar o castelán e o alemán e, bueno, eso facilitoulle moitas veces de coller unha carta e ir hasta alí e “oye, que pon? que teño que facer?”... e, vouche decir unha anécdota. Eu traballo moitos anos na Volkswagen de Hannover e tuven que facer de tradutor, incluso, nos recursos humanos, tuven que facerlle de tradutor á xente que levaba 35 anos traballando na empresa... galega, eh, xente galega... e terlle que decir “pero como non sabes o que che están decindo, hombre!”... “Martín, que pon?”... “pois che están decindo que levas unha semana de máis traballando, que te quedes na casa, xa terminaches de traballar aquí, é decir, xa es pensionista, prexubilado!”. Deso hubo moito, eh. Eso é unha anécdota, 35 anos traballando na Volkswagen, no? É decir, foron moi cómodos no sentido que estaban relacionados entre eles, entre a xeración que migrou, convivían entre eles, facían moito entre eles, se xuntaban nos Centros Galegos entre eles e, entonces, claro, cando había unha cousa tal, “mira coñezo a fulanito, ou ao fillo de fulanito... a ver se me pode decir tal”. E eso creo que tamén cho puido ter comentado moita xente que foi así.

S: E despois, xa a nivel cultural, pero máis general, foilles fácil adaptarse a Alemaña? Desde relacións coa xente, horarios, gastronomía... nese sentido, foille fácil?

E: No. Non foi fácil, porque non lle quedaba máis remedio. Daquela, cando chegaron aquí, estaban en residencias... e, bueno, o típico, ti sabías dunha residencia na que había mozas, se sabías que había mozas e tiñas 19 anos e tiñas un amigo que traballaba de fontanero e “veña, collemos tal día e imos”, e chegan alí á portería e decíanlle “son o fontanero”... e entraban pa dentro, na residencia de mulleres, e xa o levaban no furgón un dos rapaces que tiña alí unha das mozas, pa poderse ver e tal. É decir, o que é levantarte ás tantas da mañán, desayunar a tal hora, comer a comida do mediodía ás doce do mediodía, o de comer ás catro da tarde naqueles tempos... comían, ceaban con bocadillos. E claro, ti viñas de España, desayunar a tal hora, comer forte ao mediodía, ás dúas do mediodía, cear ás nove da noite, cear forte... naqueles tempos, era un cambio moi, moi grande. E despois, tamén tiñan que levantarse ás 4-5 da mañán para ir a

traballar. Tiñan que comprar, cando iban a comprar... e facer xestos e movementos a ver como conseguían falar cos dependentes e todo eso. Non foi tan fácil, non foi tan fácil porque a cultura alemana tamén cambiou moito. É dicir, os alemáns de hoxe en día non son os que había nos anos 60 e 70, porque aquela xente que había alí vivira a guerra. Aquí, no ano 82, deron na televisión alemana, porque daquela había solo dous canais, a primeira e a segunda... deron un programa... no, un programa no, foron tres capítulos de unha película alemana da Guerra Mundial. Chamábase Holocaust, non sei se o escoitaches eso. Pero, deuse naqueles tempos, unha polémica, no ano 82. Unha polémica moi grande, porque, claro, tamén se poñía en duda a forma da xente en Alemaña de permitir todo o que pasou na Segunda Guerra Mundial, os xudíos e todo eso. Que pasa? Que aínda houbo moita polémica porque eses tres capítulos xa nunca máis se emitiron porque había moita xente que convivira a guerra. Obviamente, que había vivido a Guerra dos anos 40-45... entón, a xente, cando vía... ti imaxínate, “eu con 20 anos, soldado, ou tal, vivindo a guerra en Alemaña, morrendo todos os alemáns... todo eso, como alemán, no? E, de repente, 20 anos máis tarde, con cuarenta anos, vexo que vén emigración de Yugoslavia, emigración italiana, emigración española, portuguesa... que vén a Alemaña, do que eu estaba loitando 20 anos atrás, eh?” Entón, claro, esa xente, era moi dura, moi cerrada, non aberta... houbo moitas excepcións, porque tamén houbo moitos alemáns que foron abertos, que axudaron moito aos galegos... moito, eh, que axudaron a moitos galegos, a moitas familias. Pero, en principio, esa xente, era a que vivía daquela. Non eran os señores de 50 anos de hoxe en día, ou de 60, era xente que, daquela, viviu a Guerra baixo os escombros da Guerra, pasando fame. Esa xente foi a que recibiu á xente galega. Entonces, era unha bienvenida “porque nos fas falta, pero non podes mercar un piso, porque non che deixo”, é dicir, non foi tan fácil a primeira xeración... digo, os primeiros, cando viñeron aquí.

S: Claro. Entón, nesa situación, vivíase algún tipo de xenofobia ou de discriminación cara o estranxeiro?

E: Si. Habíao. Habíao, porque, a ver, ti pensa que a xente galega... claro, falamos en alto. Entón, estamos nun piso ou estás vivindo nun piso, timbraban na porta e “oiga, pare usted de falar tan alto”, ou estamos nun local, nun restaurante ou nun sitio e... “fale usted máis baixo, que parece que tá gritando”, porque os españois, os galegos neste caso, somos moito de falar en alto, o tema dos fillos igual... nós convivimos cos fillos... os alemáns aos 30 anos “veña! Búscate a vida”. Entendes? É diferente a forma de

convivencia. Entonces claro, eso si que hubo, hubo moito. Aproveitáronse moito dos galegos e aproveitáronse moito de moitas cousas.

S: E había distinto trato co inmigrante dependendo de onde viñera? O sea, dependendo se viña do su de Europa, do norte de Europa, de América... dependendo de onde viñera?

E: Si. Si. É dicir, aquí, hoxe en día, ti tamén o sabrás, os turcos non están moi ben vistos... os españoles tuvemos a sorte de que houbo unha campaña moi grande nos 50, nos 60, nos 70... unha campaña moi grande no tema do turismo. Entón, claro, os alemáns iban de turismo a España e, entón claro, xa existía o emigrante de primeira e o emigrante de segunda... e o emigrante de terceira. Entón, os españoles sempre estiveron nos emigrantes de primeira, coma quen di.

S: E había distinto trato, e isto coméntamo hoxe xente que está aínda alí... había distinto trato dependendo do lado de Alemaña que fora? O sea, antes, politicamente, había... había distinto trato no lado occidental e no oriental?

E: Si, si, porque, a ver, a ver, a ver como se pode dicir esto. A ver. Eu vivín a tirada do Muro de Berlín, eu estiven no outro... antes de desfacerse a outra Alemaña, como se dicía daquela. Eu estiven visitando Berlín oeste, visitando... é dicir, que eu fun varias veces co Centro Galego e excursións e todo eso, e tuvemos que ir co bus, cruzar a fronteira e todo eso. Os poucos, os poucos, poucos, poucos que foron a parar á “outra Alemaña”, como lle falábamos daquela, foron moi poucos, porque entrar entrabas, pero non salías aínda que foras español. Non era tan fácil. a migración galega que foi á outra Alemaña era moi, moi, moi escasa, por non dicir que apenas había. Entón claro, era máis ben xente que migraba por temas políticos, máis que nada. Berlín, Berlín Occidental ou... Berlín da Alemaña Occidental, é dicir, donde a capital era Bonn, non? Berlín, na zona esa, había moi poucos galegos. Había tan poucos galegos, que a única cousa pa os tres ou catro que había era a Prisión Católica de Berlín e foi a única capital europea donde nunca hubo centros galegos, porque non había galegos, non había migración. Hoxe hai moitísima xente nova, moitísima xente que emigrou dos anos 2008 e tal, entón si que hai moita xente nova e tal, pero o que é a migración dos anos 60 e principios dos 70, non. Moi contados.

S: No tema máis laboral... por exemplo, teus pais, de que traballaban en Galicia e de que traballaron despois en Alemaña? O sea, a nivel laboral, que cambio viviron co paso da migración?

E: Miña nai veu de coidar vacas. De Betanzos e só de coidar vacas, como digo eu. E meu pai xa veu con 21 anos. Entón, el estivo traballado con seu pai de pintor en Galicia. Foi contratado incluso por unha empresa alemana que buscaba xente de pintor, é dicir, el veu a Alemaña por seu oficio e daquela pois el tamén xogaba moito ao fútbol e xogaba no Deportivo da Coruña, nos juveniles e chegou a xogar o Teresa Herrera e, entón, tamén lle axudou, que puido xogar aquí en equipos tal, pero eso é anécdota namais. Pero, en principio, meu pai veu porque... miña nai e meu pai non se coñecían...

(Cúrtase a chamada)

S: Debiuse cortar outra vez...

E: Pois, o que che estaba decindo. Meus pais se coñeceron aquí, pero, a maioría da xente, en xeral, non? En xeral, os que emigraron daquela, pois... apenas tiñan estudos, apenas sabían escribir e ler como moito e axudaban nas aldeas onde estaban traballando, porque o que tiña o traballo alí en Galicia é que non grava... e os que emigraban eran os que non tiñan traballo... e a xente decía “bueno, vas ti, que eres o máis novo. Vas ti, en vez de ir este, que nos está axudando coas vacas. Vas ti e dentro dun ano mándanos cartos e, pois, dentro dun ano, xa nos vemos”. Entendes? Era o típico. Pero a maioría da xente que emigrou non era precisamente... a ver, hai xente, hai excepciónes. Houbo xente que fixo estudos en Galicia e despois emigraron a Alemaña pero por outros asuntos moi diferentes naqueles tempos, pero non se pode comparar. Eso foi excepciónes que...

S: Entonces, por exemplo, túa nai, coidaba vacas en Galicia e, despois, de que traballou en Alemaña?

E: En Telefunken. Na fábrica das televisións Telefunken.

S: E teu pai era pintor en Galicia e, unha vez en Alemaña, traballou tamén de pintor?

E: Traballou de pintor e despois chegou a traballar... bueno, meu pai, en principio traballou sempre de pintor, unha empresa donde... pero foi tamén excepción, porque raramente facías o que facía el, é decir, se había un mecánico de coches en Galicia non te ibas de mecánico de coches a Alemaña. O que primeiro era mecánico de coches en Galicia xa non emigraba dun sitio, porque, ademais, a xente que emigrou, foi con 18-20 anos, non era xente con 25-30 anos que xa tiñan un... xa fixeran algo. Era xente moi nova. E a maioría... eu coñecín moita xente de aquí daquela que traballaban no campo ou no mar e o metían nunha banda a traballar na cadea de montaxe e punto, cádralle así. Pero non facía falta o idioma... “mira, tes que facer esto e punto”, sen moito... en fin.

S: Entonces, pódese decir, no caso concreto de teus pais ou no da xeración de emigrantes galegos desa época melloraron moito a súa posición económica gracias a emigrar ou seguiron un pouco coa vida humilde que levaban antes?

E: No, no, no. En xeral, os que viñeron a traballar aquí en Alemaña... claro, a nivel económico e en todos os ámbitos pois claro melloraron todos moito. Eu conozco moita xente que bah, traballaban na Faubert que... compraban todos os anos un coche, iban todos os anos de viaxe unha vez, como mínimo, a Galicia... e despois, mercaban alí un piso. Claro, eso non o poderían haber feito se tuveran vivindo daquela en Galicia desa forma, naquela situación que tamén estaba España daquela.

S: E, entonces, esa xeración de teus pais, da xente que emigrou nos 60 e 70, con quen estaba máis en contacto no seu día a día: con xente alemana ou con xente da emigración?

E: Xente da emigración. Xente galega e española sobre todo.

S: Cada canto volvían a Galicia ou a España? Cada canto volvían á casa de visita, por exemplo?

E: En principio... en principio, todos os anos. Unha vez ao ano.

S: Canto tempo, máis ou menos?

E: En principio, entre catro e seis semanas.

S: E mentras estaba alí en Alemaña de que maneira tiñan relación coa xente de Galicia?

E: Por carta e, sobre todo, por teléfono. Despois xa, nos anos 80 pois xa tal... tiñas un piso, tiñas un teléfono no teu piso. Un teléfono desos antigüos, de roda... típico daquela... e era por teléfono. As chamadas eran costosas e por eso non chamaban todos os días. Podías chamar unha vez ao mes ou unha vez á semana, depende da forma de tratar coa familia.

S: E, unha cousa que tamén se me olvidou preguntarche... creo que xa me falaras antes un pouco deso, pero, a xente que emigraba iba con contrato ou era un pouco... chegar alí e buscarse a vida?

E: No, no, no. Naqueles tempos, a xente que viña a Alemaña solo podía salir... lle daban o permiso se tiñan contrato na mao. É decir, sen contrato de traballo non che daban permiso para salir de España e ir Alemaña e, se ibas, chegabas a Irún... daquela as fronteiras non son coma hoxe... podías vir aquí a visitar a teu fillo, a visitar un irmao ou calquer cousa e despois si, te quedabas aquí e... que eso tamén hubo. Xente que... “va, vou a visitar a meu irmao”, a Alemania, non? Entonces despois quedaban aquí se encontraban un traballo e tal. Pero, en principio, a primeira xeración foi xente que veu cun contrato na mao... que ao mellor viñan a *Braunsban* e paraban cun contrato a traballar nunha empresa e, despois, ao mellor, conseguían outro contrato aquí dentro de Alemaña e, ao mellor, iban traballar a outra empresa... moita xente que foi a Hamburgo foi despois a parar a Cuxhaven.

E, por exemplo, teus pais, concretamente, cantos anos tiveron emigrados? Emigraron no 66

E: Son do ano 44 e 45.

S: Ao cabo de todo ese tempo (período migratorio), tanto teus pais, como toda a súa xeración, poderíase dicir que remataron ben adaptados culturalmente a Alemaña? Decíasme antes que ao principio costaba...

E: Si, si... a ver, ao principio foi un choque de cultura, pero ao final si, porque había moitas cousas que adaptáronse. Obviamente, despois xa ceaban forte, xa non ceaban bocadillos. Había... eu me acordo que levaban comida da casa pa comer nas empresas e

levaban o que conocían eles de comida. Despois xa, nas cantinas compraban as comidas que tal, xa non levaban da.

S: Canto tempo dirías enton que lles levou adaptarse?

E: Ai eso... (suspira) moi relativo, moi relativo... adaptarse, adaptarse adaptarse... creo que tardaron bastante. E despois hai xente que tá tan... galegos que tán tan adaptados ao sistema alemán que, cando retornan... (sopra) chocan moito. xa chocan en Galicia con todo. Adaptarse de volta a Galicia non é tan fácil. Aínda que sea de retirado. Cóstalle a moita xente, porque están tan adaptados aquí ao seu sistema, tanto de pasear, tanto de ir, tanto de moverse... desto de coller un taxi, de coller o metro, coller o tal... eso cóstalle moito cando chegan alá. É un choque pa eles tamén.

S: E de cara a verse eles adaptados ou, certamente asentados alí en Alemaña, cal era o factor diferencial? Non sei, conocer un pouco o idioma, conseguir unha certa estabilidade laboral, conocer a certa xente...

E: Cando se adaptaron un pouco aquí? En Alemaña?

S: Si, cal era a clave pa que eles se adaptaran?

E: A ver, no momento no que sabes un pouco o idioma... obviamente te abres un pouco máis, porque eso é obvio, non? E no momento no que... porque ti, ao principio, os amigos e as formas de contacto e de ocio era pois... simplemente galegos e españois, obviamente. Entonces, mantíñaste cerrado nun teu círculo de galegos. Pero no momento no que a barrera do idioma cambia tamén empezas a ter contacto con compañeiros de traballo... ou son alemáns, ou son italianos... o idioma penso que é a base fundamental... despois, claro... “invitoume fulanito de tal á súa casa a facer unha barbacoa”. Entón, xa te empezas a relacionar tamén con outros alemáns e todo eso. Pero, en xeral, os galegos intentaron manterse sempre entre eles, non? En xeral... aquela xeración.

S: E tamén, algo bastante importante, a xeración esa, por exemplo, insisto, os teus pais, antes de emigrar a Alemaña, tiveran algunha experiencia previa no estranxeiro ou era a primeira vez que salían de Galicia?

E: Era a primeira vez. A maioría dos que viñeron a Alemaña era a primeira vez que viñan á emigración. Non, non... a ver, non era “vou a Suíza e volvo a Galicia de volta e

despois vou a Francia ou despois vou a...”. Non había os cartos nin había a forma. Hoxe podes viaxar por onde queiras por Europa, daquela non era tan fácil.

Entrevista 2 (E2)

Datos do entrevistado

Código da entrevista	E2
Medio empregado para a entrevista	Skype
Sexo	Home
Idade	35
Anos emigrado	2013-Actualidade
Emigrado en	Mörfelden-Walldorf
Lugar de procedencia	As Pontes

Elaboración propia.

S: Antes de emigrar, tiveras algún contacto co estranxeiro? Antes de emigrar a Alemania?

E2: Si, de feito, no ano 2007 vin a Alemaña a facer unhas prácticas en Dusseldorf, na empresa Heinkel dous meses. Daquela tiña eu 23 anos e non sabía nada de alemán, cero, e un pouco de inglés, o que aprendes de no instituto, no colexio... pero non o volves usar. E estiven dous meses, no verán de 2007, como digo. E despois, máis adiante, no 2008, en Irlanda, 3 semanas, aprendendo inglés, mellorando o inglés, vivindo cunha familia irlandesa. E despois, diferentes estancias de 3-4 días no estranxeiro... porque eu estiven na USC traballando dous anos e, entón, pois, tiven algún congreso, algunha ponencia ou exhibición de pósteres, etc. Todo eso en Hungría, en Austria... pero nada, tres-catro días. E esas son as miñas experiencias previas no estranxeiro.

S: Por aí iban un pouco os tiros, por se estiveras en Alemaña e por se coñecías a lingua do país...

E2: Nada. Cero. A primeira vez, cando viñen en 2007, non sabía nada de alemán. Cero. Despois, en 2012, cando me vin definitivamente para quedarme aquí, si que sabía algo porque estivera un ano e pouco aprendendo alemán en Galicia. Estivera nunha

academia privada, cun profesor, e tamén estivera na EOI de Ferrol, indo dúas veces á semana ou así, aprendendo alemán. Algo aprendera, por suposto, pero o que pasa é que ao chegar aquí foi o shock, porque aínda que algo sabía gramaticalmente e tal... non me enteraba de nada, porque aquí a xente fala o idioma máis natural e... nada. Cero.

S: E, unha vez en Alemaña, o Estado ofreceuche axuda para aprender ou mellorar as competencias no idioma?

E2: A verdade é que non me molestei moito en buscar. Ao mellor, se houbera buscado, houbera habido certo tipo de axuda. Pero non me fixo falta, porque desde o primeiro día púxenme a falar alemán no traballo, co que eu sabía, co que eu podía e, co paso dos meses, mellorei moito e non me fixo falta esas axudas. A verdade é que, xa o propio traballo, estar oito horas ao día, con compañeiros falando en alemán ou escoitándoos a eles en alemán, foi a mellor clase que puideron ter e non me fixo falta ningún tipo de clase adicional, a verdade.

S: E ti, desde a túa perspectiva, cres que é moi importante aprender alemán? Ou é coma nalgúns países do norte, no que te podes desenvolver co inglés, porque a xente é case bilingüe?

E2: Eu penso que non. Penso que, aínda que moita xente fala inglés, (xente nova sobre todo, a xente maior menos) é imprescindible aprender o idioma para ter unha vida plena aquí. Está claro que se traballas para unha empresa como a miña, unha empresa internacional, donde se fala moito inglés... a verdade é que na miña empresa fálase case tanto inglés como alemán... para o que eu traballo, ao mellor non fai falta, falalo moi ben, moi perfecto, porque te podes desenvolver co inglés. Chegado o momento, necesitas falar alemán: para falar cos compañeiros de calquera conversación cotidiana, para ir ao súper, para falar co veciño, para ver a tele... para todo fai falta o idioma. Penso que, se vas estar un, dous, tres, catro anos ao mellor non che fai falta, non te preocupas, pero se te queres establecer ben e vivir aquí plenamente disfrutando do país si que tes que saber o alemán ben, porque a xente no día a día non fala inglés, a xente fala inglés... a xente nova. Pero tamén, fala inglés no traballo solo se lles fai falta e, aínda que ao mellor te entenden, tampouco é que se poñan a falar inglés contigo todo o tempo... entón, realmente, necesitas o alemán.

S: Xa no ámbito cultural, no sentido máis amplo que o entendas... Foi che sinxelo adaptarse ás costumes e valores culturais de Alemaña? (relacións sociais, horarios, gastronomía, etc.)

E2: Foime relativamente fácil. A verdade é que nunca tiven ningún problema de adaptación. Se ben é certo que no ámbito personal fixen moitas amizades españolas. Creo que nos pasa a todos os que vimos aquí, que nos aferramos ao noso, ao cercano. Entón, lévome moi ben cos meus compañeiros alemánes... cando conozco a alguén alemán por algún tipo de conexión, contacto con alguén, conoces a alguén alemán e lévome ben, non teño ningún tipo de problema, falamos de todo. Pero si é certo que se me fixo moito máis fácil a adaptación, porque, por sorte, a primeira semana que estiven aquí coñecín a xente que era española que, tamén, coma min unhas viñeran a traballar aquí, coma min; e outros xa naceron aquí, aínda que son de xeracións anteriores emigrantes. E entón fíxoseme moi fácil por eso, aínda que eu estaba en Alemaña sentíame, o que son os fines de semana, polas tardes... nun ámbito de españoles. Íbamos ver o fútbol español do meu equipo... íbamos tomar algo, eu que sei, íbamos tomar algo e falábamos en español... entón, realmente, non botei tanto de menos España grazas a iso. Despois, o tema da cultura é unha cousa ca que nunca tuven problema, sempre me gustou desde que cheguei aquí... pois, a cultura alemá, como son os alemánes... ás veces dinme incluso que son máis alemán que os alemánes pola miña forma de ser... entón, nese sentido, non tuven ningún tipo de adaptación.

S: Entrando xa no tema económico-laboral díxerame que traballabas de...?

E2: Traballo na OPEL. Son enxeñeiro químico industrial. Son tamén licenciado en química, teño as dúas carreiras. E a parte tamén másters en medio ambiente e en prevención de riscos laborais. Entón, empecei a traballar na OPEL, directamente, como enxeñeiro, no departamento de medio ambiente. Algo moi relacionado co que eu estudara, co cal, nese sentido, non teño ningunha queixa. Empecei a traballar nese posto desde que cheguei e, aínda que fun mellorando e cambiando o que son as tarefas e tal, sigo na mesmo departamento.

S: Emigraches xa con contrato de traballo?

E2: Emigrei cun contrato de traballo, o cal é un privilexio con respecto á xente que vén aquí, ao mellor, a buscar un traballo e tal. Entón, eu tuven esa circunstancia de que eu

non quería vir para aquí así “a lo loco”, como o solemos decir... se o tiña que facer, houbéseo feito tamén. A verdade é que eu quería marchar de España, porque vía que a situación en España era difícil en canto a atopar traballo e tal. Entón, antes de virme empecei a buscar traballo. Cando viu que tiña certo nivel de alemán para defenderme (o meu inglés xa era bon), dixen “pois agora, voume empezar a buscar traballo en Alemaña”. Dende a miña casa comecei a mandar currículums a empresas alemanas, por Internet e tal. Dinme de alta na Axencia Estatal de Traballo Alemana. Entón, empecei a buscar traballo e, en menos dun mes, xa tiña un par de entrevistas de traballo que me chamaron para facer a entrevista e, unha delas, pagábame a viaxe para facer a entrevista (a da OPEL). Pagáronme a viaxe, botei aquí dous ou tres días... creo que cheguei un martes pola noite e volvinme o viernes ou o sábado para España. Ese miércoles tiven a entrevista que foi aquí xa na OPEL. E aproveitei que estaba aquí para, o xoves, facer a entrevista noutra empresa, que me ofreceu facela por Skype pero como eu... xa que estaba, decidín facela en persoa. Na OPEL xa, de volta en España, chamáronme para decirme que me colleran. Entonces, mandáronme o contrato por PDF, imprimino, firmeino (risas), mandeino de volta e xa tiña o traballo feito. Entonces, despois, a finais dese mesmo mes, xa me volví para aquí para quedarme en Alemania.

S: E, antes de emigrar, xa traballaras previamente?

E2: Traballara 9 meses nunha empresa de biomasa en As Pontes. Anteriormente, había traballado previamente na USC, no campus de Lugo, dous anos nun laboratorio de química, como investigador.

S: O emprego que conseguiches en Alemaña, melloraba en que medida os empregos que tiveras antes de emigrar?

E2: En condicións xerais melloraba moitísimo. Pódoche dicir que salarialmente era como tres veces mellor ao que tiña anteriormente e, a nivel perspectiva de futuro, poder mellorar. Grazas a este traballo viaxei moito e valoránme moito máis os meus estudos e as miñas habilidades mellor ca anteriormente en España. A verdade é que esa é a realidade.

S: O Estado ofreceuche algún tipo de prestación económica pola túa condición de migrante?

E2: Non. Non, porque, aínda que viñen como migrante, viñen cunhas condicións que non se poden considerar de emigrante. Viña cun contrato de enxeñeiro, firmado cunha multinacional. Non tiña ningún tipo de prestación, non ma houbesen dado e tampouco me fíxo necesariamente falta.

S: En general, como valoras o trato cos inmigrantes por parte da poboación local?

E2: (Pensa) A ver, nunca notei unha discriminación directa hacia min. A verdade é que nese sentido nunca tuven ningún problema, pero si que notas que non te tratan 100% coma se foras un alemán. Tanto no traballo, como personalmente, eles vente como estranxeiro, tes outra cultura, outras ideas e non te tratan 100%. No tema do idioma moitas veces falan entre eles porque saben que non entendes ou porque sabes que non dominas ese tema. Si que notas algo diferente, pero discriminación nunca cheguei a notar. Ao mellor porque me movo nun ambiente de xente xente acostumbrada a traballar con estranxeiros. No noso departamento somos xente de todos os países. Aínda que aquí en Alemania estamos con alemanes, temos contacto con xente de distintos países e estamos acostumbrados a traballar con xente doutros países, polo que non notas tanto esa discriminación. E eu, no ámbito persoal, como che digo, o meu ámbito son todos españois, a verdade, a maioría, así que no notas moito.

S: Aquí en España existe un trato diferente dependendo de onde veña o inmigrante. Non se trata igual a un inmigrante que vén de África ca a un inmigrante que vén do norte de Europa, por exemplo. En Alemania, pasa ao mellor algo parecido?

E2: É posible. O que pasa é que teño a impresión de que os españois en Alemaña non estén especialmente mal vistos. Como ti ben dixeches, houbo moita inmigración española en Alemania e os alemanes saben que moitos españois son moi traballadores, que viñeron aquí a traballar. Viñeron xa fai moitos anos. entón, no é que estén mal vistos nin moito menos. Pero si que existen diferenzas. A verdade é que si que se es inglés, ou francés, ou italiano, ou doutro sitio, si que igual xa te ven diferente. Como español está ao mellor ese prexuízo español de que son un pouco *pasotas*, de que son impuntuales, etc. Pero eu sempre lles digo que non é o mesmo andaluz que galego, non é o mesmo... (risas) madrileño que asturiano... e que incluso en España somos moi diferentes. Comigo non viron problema porque me teñen dito que incluso son máis

alemán ca os alemanes (risas), pero si que dependendo do país do que veñas pode ser que te vexan un pouco diferente, eso si que é certo.

S: Por aí iban os tiros, porque aquí en España temos a idea do alemán como alguén sobrio, traballador... digo se observas un pouco ese canon de inmigrante europeo do sur, mediterráneo ou hispano.

E2: Si. Un pouco si, porque nós traballamos moito coas fábricas nosas de OPEL de España e entón din eso de “bah, eso pasa porque é unha fábrica española e tal...”. Entón, si que hai un certo *rintintín* de que son españoles, ou aos franceses tamén lle teñen un pouco de manía... pero a verdade é que eu no meu caso demostreille que son un alemán máis e que no teñen ningún tipo de problema ou discriminación por iso. Pero por iso, que eu tamén lles digo que, ao mellor, en Andalucía teñen máis fama de vagos ou *pasotas*, ou que chegan máis tarde aos sitios e, en certa medida, pode ser certo, pero haberá de todo. Haberá andaluces que serán puntuales e moi traballadores e haberá galegos que son unhos vagos tamén. É dicir, hai de todo, e por iso hai que ser aberto e non ter prexuizos, porque un non vai a ningún sitio.

S: Fai un tempo, falaba cun galego emigrado tamén en Alemania, e dicíame que o trato non era igual na Alemania historicamente occidental ca na Alemania historicamente oriental, que eran como distintas. Cres que se trata distinto ao inmigrante dependendo que zona de Alemania sexa?

E2: Creo que si, pero nunca o cheguei a vivir de cerca, pero si que o teño oído polos meus compañeiros. Eu vivo na zona oeste, cerca de Frankfurt. Entón, aquí, a xente é moito máis aberta e, mesmo se te vas á zona de Colonia ou de Dusseldorf, a xente é incluso máis aberta. Na zona este si que son máis cerrados e, mesmo nalgunhas cousas, máis anticuados. E si que teño escoitado polos meus compañeiros de aquí, da zona de aquí, que os do aló (risas), que os do este, que eran contra os estranxeiros máis cerrados, que si que tiñan máis prexuízo contra os estranxeiros, si que discriminaban un pouco máis aos estranxeiros. Non sei. Eu teño contacto con xente do este tamén, polo traballo, e si que é certo que son un pouco máis cerrados, que non son tan abertos, ao mellor, a falar comigo, prefiren falar con outros compañeiros alemanes antes que comigo. Non sei se por un tema de idioma, ou se porque confían máis nos alemanes que nos estranxeiros coma min. Xa che digo, non é unha cousa que che poda dar moitos exemplos, pero si

que o teño escoitado dos meus compañeiros de aquí, que din que os alemánes da zona do este son máis reacios a todo o que veña de fóra e todo o que veña do estranxeiro.

S: Si, claro, eu sempre che pregunto desde a túa perspectiva...

E2: Si, si. No, eu dígoche os exemplos que... o me comentan os meus compañeiros e tal, e o que che digo neste exemplo, pois da nosa planta dunha cidade que pertence ao leste, si que me dou conta que son máis cerrados e menos abertos a falar ao mellor comigo, a ter unha conversación comigo... e vaise máis ao tema... dos alemánes propios, porque ao mellor son un pouco máis cerrados ao de fóra. Xa che digo, moitos exemplos non che podo dar, pero teño escoitado moito polos meus compañeiros e si que o notei nalgúns situacións concretas nas que ao mellor comigo non tiñan... non querían saber moito pero, vamos, xa che digo, tampouco me preocupei moito porque teño bastante de que preocuparme sen darlle importancia a estas cousas.

S: Estableceches relación persoal con moita xente alemá desde que chegaches alí?

E2: Non. Por suposto, teño moi boa relación cos meus compañeiros de traballo, que son todos alemánes, os de aquí, onde traballo eu. Pero é unha relación laboral, profesional... ao mellor con un ou dous si que falamos máis de maneira privada. Ao mellor eu estiven na súa casa coa miña muller e a miña filla cos seus fillos e a súa muller... ou ben veu el coa súa muller e os seus fillos aquí á miña casa... temos un pouco máis de contacto... Algunhas amigas da miña muller, que son alemáns, pois si que temos contacto con elas. Falamos, levámonos e tal... pero son poucas persoas. Polo que che dixen, porque a maior parte da xente coa que tiveron relación aquí e coa que me xunto pa facer ceas ou comidas, a maioría, son españoles, ou, coma no caso da miña muller, son españoles nados aquí, que teñen a súa vida aquí, desde que naceron, e sempre estudaron aquí, foron ao colegio aquí, pero son españoles ou teñen como mínimo ao pai ou á nai española. Está a cultura española sempre detrás.

S: E estableceches relación con comunidades de emigrantes galegos ou españolas?

E2: Si. De feito, cando eu cheguei aquí coñecín a dúas persoas que eran españolas e, a partir de aí, pois ao mellor quedábase un fin de semana e viña outro español máis... e ao final acabei coñecendo xente dun club español aquí en Russelsheim, na cidade onde

eu vivín ao principio, onde eu traballo, que se fundou no ano 1967, 1968... un club español que se fundou daquela, con traballadores da OPEL, e fundouse daquela. É unha asociación que sempre fixo actuaciónes, xuntanzas... no verán facía unha paella, tamén facían o pulpo á feira, porque hai moitos galegos, por suposto... e entón xúntanse de vez en cando para facer eventos, coa xente, cos nenos e tal. E, xa che digo, coñecín moita xente, de feito, dende hai uns anos, somos socios dese club, porque, aínda que solo vaíamos un par de veces ao ano, pois xa nos compensa o que é a cuota de socio para pasar un bo rato e xuntarnos coa xente. E, de feito, desde haberá cousa dun ano, a miña muller está na directiva dese club. Porque ese club estaba a punto de cerrar. Ao mellor non a punto de cerrar, pero a directiva anterior que xa levaba moitos anos non quería continuar... entonces, un grupo de rapaces novos, a miña muller entre outros, e tres ou catro persoas máis, pois xuntáronse e dixeron “vamos sacar o club adiante...” e a miña muller é un membro máis da directiva dese club.

S: Entón, ao longo do día, con quen pasas máis tempo, coa xente nativa de Alemania ou coa comunidade española/galega emigrante alí?

E2: Bueno, ultimamente, con quen paso é, as oito horas de traballo, cos meus compañeiros alemanes e despois, na casa, coa miña muller e coa miña filla (Risas), porque desde que tes un neno pequeno acabouse todo o que é ir moito por aí... pero si que é certo que cando nos xuntamos os fins de semana ou, eu que sei... ao mellor unha tarde, se coincide... sempre, ou case sempre, con españoles.

S: Cres que é moi importante estar en Alemania coa túa comunidade de orixe ou cres que é máis importante infundirse...?

E2: Eu diría que a partes iguais. É moi importante adaptarse moi ben á cultura alemana, ter contactos alemanes cos que poder tamén aprender un pouco máis sobre a cultura, coñecer sitios, falar un pouco sobre as cousas que pasan en Alemania... eso é moi importante para adaptarte ben e sentirte ti adaptado ao país, pero tamén é moi importante non perder as túas raíces e, ao final, eu sempre o digo, non é casualidade que os meus amigos de aquí sexan españoles. Eso non é casualidade. Eso é que ao final buscámonos uns a outros porque nos gusta ter esa raíz, ese contacto. De feito, eu coñecín a varias persoas alemanas ao largo da miña trayectoria en Alemania e, podes botar anos con un mínimo de contacto con esa persoa, e é moi difícil que os vaias ver

como amigos amigos, porque aínda que te podes levar ben é unha cultura diferente. E, en cambio, se é unha persoa española e, non che digo máis, se é encima galega, pois vela dúas veces a esa persoa e xa a consideras amiga, porque podes falar un pouco máis de todo... de fútbol, do que pasa en España, de todas estas cousas... e, xa che digo, de feito, teño un par de colegas aquí, un par de amigos, que xa despois de vernos un par de veces é coma se nos conocéramos de toda a vida. En cambio, con alemánes, podes ter contacto con un, de velo durante anos e, aínda que te leves ben con el, nunca vai ser tan fuerte ese lazo, non? Esa é a miña opinión. Pero vamos, xa che digo, creo que por partes iguais; creo que é importante adaptarse aquí e ter amigos e xente conocida en Alemania como non perder o vínculo co teu país.

S: Durante a túa estancia en Alemania volveches ou volves ao teu lugar de orixe?

E2: Volvo en vacacións. Volví, antes de casarme, de ter a nena, ía dúas veces mínimo, sempre en verán e en Navidades... ao mellor algún fin de semana suelto, largo, pero senón, mínimo, un par de semanas no verán e dúas ou tres semanas no Navidades. Xa cando me casei e, sobre todo, o de casarme non foi o que máis cambiou ou tema, senón o de ter a nena... cambiou, porque xa cando tes que viaxar xa o planteas máis, porque, loxicamente, viaxar cun neno pequeno non é doado... hai que preparar todo... moito lío. Entón, dende que naceu a nena, fai ano e medio, fun algo menos. Fun o ano pasado unha vez e este ano outra vez. O que pasa é que agora veñen moito máis a miúdo meus pais. En vez de ir nós, veñen eles. O ano pasado estiveron aquí tres veces. O ano anterior que foi cando naceu a nena e nos casamos viñeron catro veces en todo o ano. Entón, cambiáronse un pouco as tornas e, agora, en vez de ir eu, veñen eles.

S: E durante o tempo que estuveches en Alemania, mantiñas contacto cos seres queridos (amigos, familia...)? De que forma?

E2: Manteño moito o contacto a través do móbil, por Whatsapp, ás veces por email, pero principalmente por Whatsapp, pero tamén nos chamamos de vez en cando, sobre todo agora co tema do Coronvirus, estamos todos máis na casa. Entón, ultimamente, falo de vez en cando cos meus amigos e coa miña familia; ou chamámonos, ou facemos videollamada por Whatsapp ou por Skype. Con meus pais falo por Skype practicamente todos os días, aínda que solo sea cinco minutos, para que vexan á nena... porque tamén lles fai ilusión e tamén porque a min gústame que a neta sepa quen son seus abuelos e

tal. Entón, por Skype falamos moito, pero a parte de Skype, xa che digo, por Whatsapp, por móbil, chamámonos... eu sempre mantuven a relación cos meus amigos e coa miña familia. De feito, cando vou aló, antes de ir, sempre os aviso para quedar con eles, para ir con eles, para ir comer, dar un paseo ou o que sea.

S: Agora xa, nunhas preguntas de carácter xeral, que cres que é o mellor/peor de Alemania con respecto ao teu lugar de orixe, e viceversa?

E2: A ver, eu vouche falar un pouco do que a min me veu ben, que é a situación laboral e económica en Alemania. Está claro que aquí hai moita mais industria, moitas máis empresas, valóranse tamén as habilidades dos traballadores. Se ti o fas ben, pois tes opcións de que te promocionen na empresa. Economicamente, non se pode comparar un país co outro, a nivel deso, do que se gana aquí co que se gana en España, das posibilidades de que che fagan aquí un contrato fijo con respecto a España. Nese sentido está moito mellor. Eu, ata agora, teño varios amigos que, ao mellor, perderon o traballo ou marcharon da empresa e dous días despois estaban traballando xa noutra empresa. Eso en España, normalmente, non é así, se ti deixas un traballo, igual pasan uns meses ata que atopas o seguinte e, en Alemania, xa che digo, nunca atopei a naide que non tivera traballo, as cousas como son. Sempre, ao mellor (teño que tocar madeira), agora, coa crisis que nos vén encima co Coronavirus, ao mellor, perdo o traballo eu e boto dous anos sen traballo, que non creo, pero nunca se sabe. Está a cousa moi negra, en xeral. O que vin eu ata agora é que as condicións laborales son moito mellores e aquí pódeste permitir preparar un pouco a vida para o futuro, non? Eu que sei... aforrar para poder comprarte algo o día de mañán para ti, que os teus fillos poidan estudar, etc., en mellores condicións que o que hasta agora vexo en España. Loxicamente, eu sempre digo que, se eu tivera un traballo como o que teño aquí e unha vida como a que teño aquí, en España, prefería estar en España, sobre todo se estás en Galicia e traballas nunha cidade tes o mar, que aquí se bota de menos.

S: Estás adaptado a Alemaña?

E2: Si, estou adaptado a Alemania. Gracias a que me acolleron ben españoles e grupos de españois e que eu tamén fixen por xuntarme con eles. Pero, aínda así, teño bo contacto e boa relación con alemanes, a nivel laboral vaime ben, a nivel persoal mellor ca nunca, cunha muller e unha nena... así que, pódese dicir que estou adaptado a

Alemania.

S: E canto tempo che levou adaptarte a Alemaña?

E2: Eu adapteime moi rápido. En seguida me atopei moi a gusto. Pero si que é certo que os primeiros seis meses... era todo por un tema do idioma. A min a cultura alemana non tiña ningún problema, a xente tamén ben, a comida ben, o clima ben... nese sentido adapteime a todo moi rápido. A maior dificultade foi o idioma. Eu chegaba cansado á casa de botar todo o día intentando entender algo, o que máis me fastidiaba era o idioma. Os meus compañeiros falaban comigo e eu non os entendía, a pesar de que eu teoricamente xa aprendera alemán na Escola de Idiomas. Pero foi chegar aquí... e un shock. Non entendía practicamente nada e pois era a frustración de “joder, hoxe non entendín nada do que me dixeron” e “como vou facer o meu traballo se non entendo á xente?”. E esa sensación foron tres, catro, cinco meses, medio ano, como moito, no que me din conta o que me falaban, “vou entendendo cada vez un pouquiño máis...” e chegou un punto no que entendía practicamente todo. Cando eu entendo practicamente todo é cando eu podo dicir todo o que penso ou o que quero, máis ou menos.

S: Cal foi o factor diferencial, falábasme do idioma como hándicap... eu pregúntoche agora polo factor diferencial de cara a adaptarte?

E2: Quizás dúas cousas. Unha, a miña personalidade, que me adapto facilmente a cousas novas... e eso pásame tamén no traballo, cando temos que cambiar de, eu que sei, de tarefa ou de dirección dunha cousa pois adáptome fácil aos cambios, non teño problema. Xa che digo, cando estiven en Dublín ou cando estiven en outros sitios foi moito menos tempo, pero a verdade é que en cousa de unhas dúas semanas estaba adaptado coma se estivera vivindo nese sitio desde facía xa anos. Nunca tuven ningún problema. Son unha persoa tamén, que como son tamén fillo único... penso que eso tamén me axudou. Ao ser fillo único tamén estás acostumbrado a estar moitas veces solo na casa... e iso axudoume, porque claro, hai xente que está acostumbrada a estar coa familia, ou cos irmáos, ou coa xente... e despois chega un momento no que se teñen que ir solos a un sitio, porque solo significa estar solo tamén moitas veces... e entón chega o momento no que non soportan eso de estar días e días solo, como me pasou a min cando cheguei aquí, que, de verdade, botas tempo que estás solo e dices “pois, agora que que fago?”. Eu nunca tuven ningún problema, eu podo botar días e días solo na casa ou tal, que non

teño esa necesidade de xuntarme con xente e tal. Entón, sempre me adaptei moi ben aos cambios e a novas situacións... eso por un lado. Despois, tamén creo que me axudou moito o que che decía antes, que me din que son máis alemán ca os alemánes. Entón, gústame todo moi estruturado, preparar as cousas ben, ser puntual, facer as cousas... eso, sin ser “a lo loco”. Facer os meus planes e despois levalo a cabo. É dicir, a miña forma de ser tamén moi estruturada, moi cuadrículada, así, como os alemánes, penso que me axudou a adaptarme a esta terra. Se eu teño que ir traballar a un país, a unha zona que van máis “a lo loco”, sen preparar as cousas, sen organización, sen nada... sería máis difícil, pero, por sorte, Alemania parecía a como son eu, ao que me gustaba. Entón, esas dúas cousas son as que me fixeron adaptarme máis facilmente.

Entrevista 3 (E3)

Datos da entrevistada

Código da entrevista	E3
Medio empregado para a entrevista	Skype
Sexo	Muller
Idade	35
Anos emigrada	2011-2014
Emigrada en	Berlín
Lugar de procedencia	Santiago de Compostela

Elaboración propia.

S: Tiveras, antes de emigrar, algún contacto co estranxeiro antes?

E3: Ociosoamente, pero nunca vivira fóra antes.

S: E en Alemaña, concretamente?

E3: No. Era a primeira vez que iba. O sea, a única relación eran amigos alemanes que tiña. Pero non, para min era a primeira vez.

S: Coñecías o idioma antes de emigrar?

E3: No. O sea... basiquísimo. No, que va, no, no... porque aínda despois tampouco tal... sabes? Pero bueno. O sea, cando fun aprendín o básico para sobrevivir, o mínimo.

S: E coñecías outro idioma que che permitirá desenvolverte alí en certa medida?

E3: Falaba inglés. É que eu cando fun solicitei unha beca. Entonces... xa tiña apañado para chegar e empezar a traballar. Bueno, que era unha beca, pero a beca tiña unha duración de seis meses e aí pois o mínimo, minimísimo de alemán... é que non se pode dicir falar alemán, eran... palabras. E sabía inglés. Entón, claro, como en Berlín todo o mundo fala inglés, pois me acomodeime bastante co inglés.

S: O Estado, neste caso o alemán, ofreceche algún tipo de axuda para mellorar o teu alemán? Ou tuvécheste que buscar a vida nese sentido?

E3: A ver, creo recordar que había unhas non gratuítas, pero si moi asequibles. O que pasa é que estaban, normalmente, moi petadas. Era bastante difícil meterse, con horarios bastante intensivos e tal... e eu si que me metín nunhas clases, creo que xa non me lembro moi ben, pero eran uns días á semana... (pensa) creo que eran tres días á semana... dúas horas ou tres horas, de seguido.

S: Seguindo un pouco falando do idioma, cres que é moi importante no caso de Alemaña, aprender alemán ou é un país no que te podes desenvolver con outro idioma?

E3: É que eu en Alemaña en general non o podo decir, pero en Berlín, concretamente, si. Sabes? Porque depende da zona de Alemania á que vaias. Se vas a un pueble moi pequeno pois será coma ir aquí a unha aldea... pero si que hai máis nivel de segunda lingua ca en España, eso seguro. E en Alemaña, de feito, eu falaba, inda cando marchei, falaba máis, pero non para ter unha conversa fluída cun alemán, nin de broma. Entón, é moi fácil, coma para case todos os emigrantes, falar inglés para practicamente todo.

S: Foi che fácil adaptarte ás costumes e valores culturais do país de destino? (relacións sociais, horarios, gastronomía, etc.)

E3: A ver, é verdade, e penso que é bastante remarcable, que Berlín non é “moi Alemaña”. Hai tantísima emigración que en realidade hai de todo. O sea, culturalmente é tan plural que o horario si que cambia moito, porque, sencillamente, as horas de luz son moi diferentes. entonces, culturalmente pois hai diferenzas. No inverno se fai de noite ás 4 e pois cambia moitísimo os hábitos. O clima? Pois facía moitísimo frío e iso impídeche facer algunhas cousas. Incluso, os rapaces eu vía que non podían xogar na rúa hasta que chegara a primavera. Punto. Entón, tiñan que ir a *playgroups*, para xogar con outros rapaces. E os adultos pois ían aos bares... no, se, culturalmente, hai moitísima oferta e moi alternativa... entón, durante o inverno é moi activo aínda que moi *indoor*, dentro de locais do tipo que sean. Entón, a sensación de adaptarme á cultura alemana foi moi leve, porque en realidade, como eu amigos alemáns tiña moi poucos e a maioría eran doutros países e doutras culturas, era bastante batiburrillo. Si que é verdade que noutras zonas de Berlín nas que vivín eran como máis alemanas ca outras. Si que se notaba que meterse na cultura alemana era máis... bueno costaba un

pouco. Si que son como moi “almidonados”. Sabes? Sin embargo, e non me considero excesivamente prejuiciosa, pero si que é verdade, e a parte coicidía con amigas e con amigos, que no trato cos alemáns... (sopla) o sea... es que... “non sei que hostia teñen!”, o sea, porque son moi cordiales, pero logo hai unha membrana que é moi difícil de rebasar... ou incluso pode que nós, a nosa forma de falar, ou linguaxe corporal... ou pode que incluso o contacto físico ao falar... a eles é como que lle fai cortocircuito e... “a ver, por que me tocas un brazo se estamos falando?” Despois, é verdade, que á hora de alugar... a pesar de que xa é complicado en si, porque tes que facer entrevistas... había certo rechazo cos españois, porque eles entendían que víñamos dunha crisis e que igual non íbamos ter carto para pagar, aínda que lle enseñaras *tropecientos* papeles. Que eu, na miña puta vida tiven nunha carpeta tantos papeles como en Alemaña. Sabes? Que te piden... un sinsentido. Te piden un papel que di que estás empadronado nun sitio... pero para poder empadronarte tes que presentar un aluguer dun sitio no que estás empadronado. Entón... “esto non ten puto sentido”. O sea, hai que facer sempre unha *ñapa* inicial para conseguir ese papel. E despois, un papel que di que non tes débedas rexistradas en Alemaña. Entón, tes que presentar eso todo... e, aínda así, se hai un alemán para a entrevista do piso, ou un australiano, ou un suízo... teñen máis papeletas ca un español, por suposto. Eso, a través dunha axencia. Despois, cando son pisos de compartir con máis xente. Sabes? Que é sencillamente... arrendan unha habitación... aí, depende un pouco do rolo que lle des. Pero nas agencias... tá jodida a cousa.

S: Xa entrando nun tema máis económico-laboral... De que traballabas ou traballaches alí en Alemaña?

E3: Eu cando fun, fun con becas europeas. Entón, a primeira coa que fun foi unha beca Leonardo da Vinci, pola Universidade de Valencia. Bueno, eu estudiei en Salamanca e en Pontevedra pero esa era para ámbito nacional. Entón, tiña unha beca e estaba traballando nunha residencia de artistas, na organización, nas oficinas e tal; non como artista, pero na organización. E eso durou seis meses. Despois desa beca... bueno, que a beca eran... cerca de 1000 euros ao mes, que claro, en Berlín está bastante ben, porque para ser capital europea é moi barato. O sea, eu de habitación creo que pagaba 300 euros ou unha cousa así... habitación gigante, moi ben ubicada... Despois volví aquí para facer uns trámites uns meses e solicitei unha Erasmus para novos emprendedores. Volví para outra residencia de artistas. Outros seis meses. Despois deso, non quería volver... e non é doado atopar un traballo relacionado co teu de primeiras. É verdade que

o Estado te facilita a busca. Ti pódeste inscribir no que é a oficina de emprego de alí e eles búscanche un emprego relacionado co que ti estudiaches. Non che poden ofrecer de barrendeiro se estudaches ingeniería, entón o podes rechazar. Mentres que non te atopen ese traballo tes unha paga, sexas inmigrante ou non. O que pasa é que esa paga te impide saír do país máis de x veces ao ano. Podes salir 3 veces ao ano, pero non te podes ausentar porque se supón que estás buscando activamente traballo e dispoñible. Eu decidín non acceder a esa axuda, porque me parece que te ata mogollón... e bueno, eu nese momento comecei a traballar na casa escribindo libros infantís, as ilustracións e os textos... e empecei a traballar coidando bebés, de nanny. A parte, a verdade é que as condicións eran moi boas, non era un traballo nada precario. Tiña contrato, cobraba case 12 pavos á hora limpos, cun bo seguro de saúde; porque xa sabes, que aínda que é público son médicos privados e a min me puxeron un médico moi bo. Realmente, era un traballo nada precario, como é en España, aínda que é algo moi considerado en España como un traballo máis ou menos precario. E aí me quedei ata que me voltei, porque, como era moi compatible co meu traballo... e de pasta estaba ben, pois un ano e pico coidando nesa familia e traballando no meu taller en casa.

S: Creo que xa mo dixeches, que emigraras con becas. A pregunta iba un pouco se emigraras con contrato laboral... dixéchesme que non... o sea, que emigraches con becas, non?

E3: Propiamente non era un contrato laboral porque esto tiña unha fecha límite de 6 meses, porque era unha práctica, basicamente. Unha formación, digamos, pero non era... eso, un traballo.

S: E, antes de emigrar, traballaras previamente? Ou foi a túa primeira experiencia laboral?

E3: No. Xustamente antes de emigrar, estaba aquí en Santiago traballando nunha galería de artistas... bué, na galería de arte.

S: Os empregos que tuveches en Alemaña melloraban as condicións dos empregos que tuveches en España ou en Galicia?

E3: A ver... (pensa) as condicións como traballadora eran mellores as de Alemaña, pero o traballo en si non era tan gratificante. Sabes? (pétanlle na porta [pequena

interrupción]) Claro, o contido era diferente, sabes? (breve pausa) Eso, o sea, non sei se me expliquei ben. Sabes? Que as condicións como traballadora, si, pero, pois, que non era do meu. O sea, era un traballo que eu facía ben pero miña formación era obviamente outra.

S: E o Estado (tanto o de orixe como o de acollida) ofreciuche algún tipo de axuda económica pola túa condición de migrante?

E3: Pola condición en si non, pero si que había esta que te dixen, que era axuda por estar inscrita, digamos... no “paro alemán” á que podían acceder tanto os nacionais como os estranxeiros. E España, no, que va, por chegar alí, nada... O sea, as becas que me gestionei eu e nada máis.

S: Como valora o trato co inmigrante en Alemaña? O sea, que trato se lle da ao inmigrante?

E3: A ver, a miña experiencia... eu si que me sentín discriminada. O sea, nós temos un estigma, que á hora de buscar aluguer si que te notas das peores opcións para que te alquilen algo. Sabes? Estamos bastante estigmatizados. A xente, a min a sensación que me deu era... considera como que, como España entrou en crisis, os españois estamos en crisis. Entón, a pesar de que ti poidas probar que tes unha estabilidade económica hai dudas. Entonces, vai ser outra persoa antes ca ti. Esto, en cuanto a cousas... tipo de alugueres e tal. Despois, o día a día... eu diferenciaría. Cos alemáns, digamos máis maiores... aí non sentín tanta simpatía. É verdade que hai algúns que, digamos, son moi amables. Despois a xente nova... mellor. Si que hai... aínda que a xente nova... (chisca a lingua) os alemáns... sonche así. Sabes? É coma... “España... si, país de vacacións e lle vai mal economicamente”. Sin embargo, como despois hai moitísimas outras culturas, pois aí si que estás súper integrado. Sabes? O sea, entre nós... un trato moi familiar, a priori. Eso si. Con alemáns (dubida e chisca a lingua) xa... aí costa. Se é algo ocioso, guai, porque a parte o teñen moi asociado ao ocio cos españois... “ah! Qué divertidos! No se qué... tal”. No plano económico... dudoso. Son de non fiarse moito. Entonces, eu non me sentín, sinceramente, benvida en canto a eles.

S: Entón dime que igual te viches discriminada no plano económico... á hora de encontrar piso, etc. Pero que no plano social... aí non tanto, diríamos?

E3: No, non tanto. Non tanto en absoluto. Pero eu creo que hai ese prejuicio. Creo que eles siguen vendo en nós algo inestable. Sabes? Inestable en cuanto a “vés aquí porque alí está mal”, “vés aquí porque temos máis posibilidades...”, “vés aquí porque... bueno”, “vés aquí por unha carencia. Non vés para aportar máis que tanto como para beneficiarte desta situación”. Sabes? É triste, joder, pero a min... eu tuven esa sensación. O sea, eu aí si que sentín algo de racismo. Evidentemente, non estou na situación na que chegan millóns de migrantes a España. Non é comparable, pero si que... da que pensar. Que eu sabía que iba en condiciones que... becas e tal, que me iban a dar toda a estabilidade que precisaba e, despois, familiarmente, eu sabía que se eu tivera algún problema nalgún momento sería facer unha chamada, volver a casa e punto. Non é como... “hostiá, miña familia lle vai mal... eu non podoo...”. Eu iba... o sea, con moito reforzo. Non era como os inmigrantes que chegan aquí en situacións moi precarias e moi jodidas, que é o que me da que pensar. Pois decir, “hostia, a nós nos tratan así aquí... como tratamos nós a moita xente en España, non?”. (reflexiona uns segundos para si mesma) Si, si, o sea... no, a verdade é que ten tela, eh, sentirse así.

S: É que en España temos diferentes estereotipos dependendo do inmigrante. Non se trata igual a un inmigrante que chega da África subsahariana, ca a un alemán ou a un do norte de Europa. En Alemaña pasa un pouco igual, que hai distintos tratos dependendo de onde veña o inmigrante?

E3: Eso si. O sea, por suposto. Non é o mesmo unha persoa que veña de España, que un que veña de Suíza, que un veña de Canadá, que un que veña dos EEUU, que un que veña de Australia, que un que veña de Francia... O sea, te encasillan. Despois, obviamente, haberá diferentes categorías... pois polo teu Estado laboral. Se ti es español, pero es embaixador, vante tratar ben. Se es español e es becario te van a tratar doutra maneira. Se es español, e non es un becario, e non tes un traballo e vas a buscar traballo e aceptas practicamente o que sea... estás encasillado noutro sitio... se es ingeniero... hostia, que esto é moi *heavy*. Que eu tiña un amigo... bueno, o mozo dunha moi, moi, moi boa amiga miña, que levaban anos en Berlín... el era ingeniero e curraba nunha empresa na que unha das cláusulas do contrato era non poder falar das condicións do contrato de cada un... salariales. E claro, eso é coma... si, xa te da que desconfiar... pero se respeta porque, máis que nada, porque son alemanes e son bastante... están programados para non saltarse as normas entre eles despois... e el se fixo moi colega de outro despois... e a sorpresa foi que, facendo o mesmo traballo, no mesmo

departamento, cas mesmas responsabilidades... o meu colega español cobraba menos. O sea, cobraba menos, tío! Sabes? E el, flipaba... en plan “hostia tío”. Sabes? E o outro era alemán e el español, os dous ingenieros.

S: Cres que hai diferencias de trato cara o inmigrante dependendo de que parte de Alemaña sea? O sea, se hai diferente trato nunha gran ciudad, nun pobo pequeno... falaba con outros emigrantes das diferenzas que hai entre a Alemaña “occidental” e a “oriental”... hai diferenza dependendo que tipo de rexión sea?

E3: Eu penso que si que as debe haber, pero como eu non as vivín... non podoo dar tampouco a miña... sabes? Case toda a xente que coñezo estivo en Berlín. Entonces, as experiencias que puido haber foron bastante parecidas. Eu, evidentemente, creo que non é o mesmo ir a unha ciudad que está acostumbrao ao turismo, forzosamente ou no. O sea, á diversidade. Que ir a un sitio que no, ao mellor aí... a verdade que non sei. Por un lado pensaría que igual hai máis prexuízos ou igual te levas unha sorpresa e eres máis familiarmente acollido. Pero é que non podoo falar pola miña experiencia porque non a vivín. Só vivín a experiencia de Berlín.

S: Estableceches relación con poboación alemana?

E3: Moi pouca, tío. O sea, co tempo que botei alí foi... anecdótica. O sea, vivín con alemáns. A parte vivín ao chegar, compartín piso con tres alemáns. Desá experiencia... (sopra) foi un pouco desastrosa, a verdade. Era xente que si pero no. No, e eso que, joder, eu me considero de facer relacións bastante fortes. Sabes? Pero, hoxe por hoxe, as amizades que teño eu desá experiencia, excepto dúas persoas, o resto son todo xente doutros países. O sea, a experiencia en si cos alemáns en si... non (risas).

S: Entonce, cos alemáns pouca relación ou nada... e co resto... o sea, con emigrantes galegos, españoles...?

E3: Galegos si que había bastantes, pero eu intentei evitar facer un gueto de galegos ou de españoles, que é moi fácil. E eu, eu convivía con xente doutras... o sea, a parte eu sabía... sabíamolo todos, que os galegos, españois que estabamos alí... pois era eso. Que para non facer un gueto nos dosificábamos. Pero sabíamos que estabamos aí para calquer cousa. Era en plan, tíñamos pouco trato pero nos queríamos mogollón... e, pasa calquera cousa e... sempre. E quedábamos e tal... pero eu intentaba non estar... e que

senón parecía que estaba en Santiago, joder. Pero despois cos demais, con outras nacionalidades moi ben. Que eu por exemplo, con polacos súper ben, con italianos súper ben, con australianos súper ben, con irlandeses súper ben (sopra). Con outras nacionalidades súper ben. A que menos, era Alemaña, joder. E mira que eu iba sin ningún prejuicio. O sea, para min era todo novo, eu non tiña coñecementos previos tan cercanos. Sabes? O sea, que non iba pensando “non me vou a levar ben con eles”, senón “joder, todo ben”. Sabes? Si que me econtrei con un muro, eso si.

S: Ao longo do día, con quen pasabas máis tempo: con xente de Alemaña ou con xente do teu sitio de orixe?

E3: Pois nin unha nin a outra: con xente doutros países. O sea, con españois mantíñamos a distancia. Amistosa distancia. Sabes? Con alemanes, no. E a parte, como eu traballaba en residencias, eran residencias internacionais. O sea, había artistas de todas todas as partes do mundo. Entón, alemáns había e tal... dous, de vinte persoas traballando e residencias, pois igual un ou dous. Entón, a maior parte do tempo que pasaba era con outras nacionalidades: non españolas e non alemanas.

S: Durante o tempo que estuveches emigrada, volvías algunha vez á casa? Regularmente?

E3: No. regularmente no. Volvín moi pouco. De feito, pasei alí Navidades. Volvía... pouquiño, a verdade. Bueno, excepto esa vez que viñera para facer os trámites para pedir outra beca. Despois nada, viña un par de semanas. En plan, dúas veces ao ano.

S: E durante o teu tempo no estranxeiro, mantiñas contacto coa familia ou seres queridos?

E3: Si. Moito, moito. De feito, viñeron visitas. Si, si, moito contacto coa familia. A familia estaba moi pendente de todo, que tal ía a experiencia. Viñan de visita tamén... moitas visitas.

S: E de que forma? O sea, chamada telefónica, mediante Internet...

E3: Pois, Skype... coa familia por Skype. E bueno, despois alí, Whatsapp... eu cando o empecei a ter foi alí en Berlín. Básicamente Skype, alguna chamada por teléfono normal e nada máis. Despois visitas que viñan alí e tal.

S: Nos tres anos que pasaches alí chegaches a estar adaptada a Alemaña?

E3: Si. Estaba adaptada. Estaba adaptada como emigrante. Creo que non estaba adaptada como a un alemán lles gustaría que eu estivera adaptada. Non sei como explicalo. Eu estaba moi cómoda e entendía como funcionaba e me gustaba desenvolverme como funcionaba. Ahora, non sería capaz de adaptarme aos modelos que utilizan os alemánes en si. O sea, eu estaba adaptada pola diversidade que había. Eu me sentía amparada pola diversidade. Cas miñas diferencias e cos meus gustos, había cabida para todo. Eu non me iría a outra parte de Alemaña, non encajaría cos alemánes. En Berlín si porque non é Alemaña como... que te vas a Hamburgo. Eu aí no, eu aí creo que non me encontraría a gusto.

S: Canto tempo dirías que tardaches en adaptarte a Alemaña?

E3: Pois pouquiño en realidade, eh. Creo que foi o principal... cando atopas unha habitación, un piso no que “ahora xa está, xa desfago a maleta, estou aquí e agora teño que comezar a adaptarme ao entorno”. E eso pasaría pois nun mes, porque eu fun cunha habitación de prestado un mes e no momento no que atopei pois xa empecei a establecer relacións. Foi unha experiencia moi, moi boa. O sea, boísima, sin ningunha duda, incluíndo as partes que non coincidín tan ben, son partes do proceso. Son compatibles cunha boa experiencia.

S: E xa é a última, cal dirías que foi o factor clave para estar adaptada a Alemaña?

E3: Pois, sin ningunha duda, coñecer á xente que tamén se estaba adaptando. Sobre todo, porque ao final a sensación esta de “nos estamos adaptando”... eramos tantos en Berlín que era como unha comunidade de xente que vén de fóra e se está adaptando. Entón, esa sensación compartida de “estamos adaptándonos a un sitio novo”, coas nosas diferencias que tamén nos aportan... ese proceso en común te da unha sensación moi agradable de “estamos todos en esto”. Coas nosas diferencias, pero sempre moi positivo.

Entrevista 4 (E4)

Datos do entrevistado

Código da entrevista	E4
Medio empregado para a entrevista	Chamada por Whatsapp
Sexo	Home
Idade	33
Anos emigrado	2015-Actualidade
Emigrado en	Hamburgo
Lugar de procedencia	Comarca de Betanzos

Elaboración propia.

S: Antes de emigrar a Alemaña, tuveras algún contacto co estranxeiro previamente?

E4: Si. Antes de estar en Alemaña xa estivera vivindo na República Checa. Tamén tivera en París. Estas serían as experiencias principais no estranxeiro. Despois hai outras viaxes que fixen.

S: E en Alemaña tiveras previamente antes de emigrar?

E4: (Pensa) Si, si. En Berlín. Unha visita.

S: Antes de ir a Alemaña, coñecías o idioma?

E4: Si.

S: Tiñas bo nivel? Sabíaste desenvolver?

E4: Non... Bueno, iba... non. Para comezar si estaba ben, pero para o demais non.

S: E outro idioma que dominaras que che permitira desenvolverte no lugar? Non sei, hai sitios nos que te podes desenvolver en inglés. Non sei se era o caso.

E4: Si. Tamén sabía inglés.

S: O Estado alemán ofrece axuda para aprender/mellorar as súas competencias ao respecto?

E4: Si.

S: Cres que en Alemaña é moi importante aprender o idioma nativo ou, dependendo do ámbito pódese desenvolver noutro idioma que coñezas?

E4: En inglés si. Bueno... hai profesionais das novas tecnoloxías ou así... da xestión empresarial que manexan inglés. Pero a outro nivel si, fai falta o alemán, case pa calquera ámbito. Esencial. Aínda que hai moitos alemáns que si que saben inglés. Entón, para unha conversa non, pero á hora de traballar si.

S: Xa nun plano máis cultural, máis xeral foiche fácil adaptarte a Alemaña culturalmente? (relacións sociais, horarios, gastronomía, etc.)

E4: (Pensa) Si, porque xa tivera a experiencia na República Checa, que máis ou menos é... aí, nese aspecto, en horarios, comida é semellante. Non diría que notei... había influencias entre eles. Entre as dúas sociedades. Entón, non tiña esa sensación de estrañamento.

S: De que traballas ou de que traballaches durante túa estancia alí?

E4: Boa pregunta. Traballei... comecei unha FP en hostelería. Pero rematei nos primeiros 6 meses de proba que esixían, porque aquí as FPs son moito máis prácticas. O período de práctica na empresa é máis longo ca o da teoría na escola. Despois estiven nunha cafetería, un par de hoteis... despois uns traballos de almacén... traballos menores ata que atopei fai dous anos un traballo nunha empresa de microchips.

S: Á hora de emigrar, foches cun contrato, un documento firmado ou foches, aínda que non sexa correcto decilo así... “a velas vir”, o sea, chegar e empezar a buscar todo?

E4: No. este programa de FP era especial... ofrecíao o goberno alemán para os países do sur... unha oportunidade de traballo. Había, digamos, unha escola de idiomas que nos deu clase na Coruña e despois tamén alá había unhas que nos daban clase de alemán, tiñamos un titor que nos axudaba cos trámites bancarios e a buscar o aloxamento e este

tipo de cousas. Xa sabíamos o que cobraríamos... (dubida) bueno, en calquera caso, estaba todo estipulado, canto cobraríamos e nas condicións nas que estaríamos.

S: Antes de emigrar traballaras previamente noutras cousas?

E4: Si. Xa estivera, como dixera, na República Checa traballando e estudando, tamén.

S: E os traballos que tiñas ou tiveches en Alemaña melloraban os que tiveras aquí en Galicia?

E4: Si. En todo caso, tampouco tivera moita experiencia laboral.

S: O Estado alemán ofreciuche algún tipo de axuda económica pola túa condición de migrante?

E4: Si. Se estás... é dicir, se tes... ou se tiñas, non sei se cambiaron agora a lei, uns meses traballados, non sei se medio ano ou así, sendo cidadán da UE si che permiten unha axuda básica para alugueiro, e para comida e todo esto. Dan o que eles entenden de mínimo de pobreza, que serían 800 euros ao mes, ou unha cousa así. Tamén che ofrecen cursos, por exemplo se estás no paro, por exemplo un curso de alemán. Principalmente de alemán se non tes moi bo nivel. E despois o que eles chaman cursos de integración. Despois tamén, se estás no paro ofrécenche, para recoñecer o teu diploma... bué, que en moitos casos non é verdade. Bué, o caso é que a o diploma pode salirche gratis con esta axuda que che ofrece o Estado. Despois, por exemplo, tamén hai axudas para... bueno, axudas. Hai asociacións que che ofrecen, se estás no paro, que che ofrecen unha axuda que viría sendo coma o Risga, o equivalente ao Risga... e ofrécenche entradas gratis a eventos culturais.

S: No plano máis social, como valoras o trato aos inmigrantes por parte da poboación local?

E4: (suspira) Mimá...

S: Opinión subxectiva, tampouco... o que ti creas, va, o que ti observaches...

E4: A ver, eu cando traballei no hotel... por non saberes ben alemán... si que che metían... metíanche caña. Hai un trato diferente. Ou na... se vas falar coa administración e non sabes falar ben alemán tamén non é o trato en si moi... ecuánime. Non se molestan

moito en entender. É un trato agresivo-pasivo. Ou sexa, non intentaban... “a ver, esta persoa acaba de chegar...”. Non era esa mentalidade, era sacarche o máximo rendimento: “veña a traballar rápido e ao carallo”. En si, despois... non sei, unha vez que sabes máis alemán creo que xa es... cando te podes defender xa é un pouco diferente, porque o que si hai distintos niveis de xenofobia ou racismo... entón a min non me tocou tanto porque como son europeo, español... entón, nese sentido... claro, imaxínate que fose árabe ou... turco... aí si que sería outro tipo de situacións. Pero claro, como son europeo...

S: Aquí en Galicia temos, por exemplo, unha idea do... non se trata igual a un inmigrante que vén de África cá un inmigrante que vén do centro de Europa. Alí, en Alemaña, hai coma un certo estereotipo de Europeo do Sur? Trátase diferente ao inmigrante dependendo de onde veña?

E4: (Pensa) Eu creo que si. Eu, polas informacións que leo, incluso á hora de ti buscares un cuarto para vivir, dependendo do teu apelido, tes máis posibilidades de que che digan que teñen unha praza ou que teñen libre ou non. Tamén pasa un pouco na administración. É un pouco sutil pero si que pasa. E, pois, vendo os resultados da extrema dereita... non tanto en Hamburgo, máis ben no leste, pero si que é unha sociedade alemana... (reflexiona) aínda quedan eses restos de...

S: Por aí iba un pouco a pregunta. Falei con outros emigrantes e algún comentábame que hai como, historicamente, moita diferenza entre o que é a Alemaña do leste e a do oeste polas diferencias políticas que houbo historicamente. Ti non sei se viches... non sei se estiveches en contacto con ambos lados, ambas caras entre comillas... pero, en xeral, valoras diferente o que é o trato ao inmigrante dependendo do sitio de Alemaña que sea? Se é unha cidade grande, unha cidade pequena, se é máis ao oeste, máis ao leste...

E4: Eu tiven contacto con alemáns do leste e máis do oeste e eu penso que aquí a cuestión é máis... co proceso de reunificación, a Alemaña do leste sufriu unha especie de... bueno unha especie non, é unha colonización económica... é dicir, todas as industrias pecharon, ou se venderon, ou se comezaron a administrar ao xeito occidental e, despois, eso, culturalmente, hai moitas... como un desprezo e estereotipos nos alemáns do leste no sentido de “bah, esoque vós fixestes aquí... esto non vale nada...”. Tamén, no tema do racismo hai un certo estereotipo no que se refire aos alemáns do

leste no tema de culpar ao oeste de ter votado aos nazis... pero os alemáns do leste tamén son bastante individualistas, tamén hai certa xenofobia, certa... non é que nunha banda... o que quero dicir é que, a Alemaña do leste, como resposta a unha situación crítica que xa levan 30 anos onde a situación económica non mellora... hai moitos sitios que non evolucionaron, moitos sitios que se quedan baleiros e van ao oeste, os salarios non son moi altos... pois, como resposta a esta problemática crónica, a sociedade xirou moito á dereita. E despois, eu creo que en todos os lados, tanto na Alemaña do oeste como na do leste, eu creo que nas aldeas e nos sitios pequenos... eso, eu creo que é un pouco... segundo testemuños que escoito de xente de España ou de Hispanoamérica que van a sitios máis pequenos de Alemaña hai como máis frialdade. Nas cidades es máis anónimo... tes a túa vida. Nas aldeas é como que se nota máis que a veciñanza che teñen... ou sexa, non son moi sociais coma no sur, é dicir, atópalos no traballo pero logo non fas nada máis fóra do traballo. Incluso, se estás nunha gardería hai grupos de mamás alemás. Hai esta cousa étnica. Son... diría eu que son este tipo de anécdotas... que non quere dicir que... a ver, a min o trato que me dan os compañeiros de traballo é correcto, cando vou a un sitio, cando vou comprar algo... eu que sei. Na miña vida diaria... agora non. Como digo, vivino ao principio. Polas cousas que eu vexo e pola historia de Alemaña, nunca houbo unha un esforzo, como che diría eu...? nunca houbo un esforzo moi grande en que a sociedade comprendese... é dicir, foi coma un lavado de cara. No tema de antisemitismo... foi máis ben un lavado de cara. Aínda hai moita xente que aínda xustifica o que sucedeu, o que pasa é que se ves os funcionarios que estaban ou as empresas que estaban... a maioría se librou de multas ou non sei que... pero a maioría conservaron as súas fortunas, os funcionarios seguiron nos seus postos, porque se non “ah, quen vai ocupar este posto agora...?”. Moitos crimes quedaron se xulgar, entón... si, houbo certa reparación. Moito máis que... claro, se o comparamos con España e cos franquistas moito máis. Pero, aínda así, non houbo un esforzo sincero... porque, por exemplo, se ti comparas os casos do... o caso dos xudeus e os africanos, non? Alemaña tivo colonias en África que aínda hoxe non recibiron reparacións correspondentes ao xenocidio que eles practicaron en 1804 en Namibia e máis en Zambia. Bueno, entón hai esa diferenza de trato, e se a nivel institucional non hai unha política, como digo, de reparación e de, polo menos, de perdón e de explicar as cousas nas escolas como... pois claro, a sociedade vai seguir...

S: Ti que me decías que traballaches bastante de cara ao público viviches algún trato discriminatorio? Algún episodio de discriminación por parte da poboación local? No hotel ou na túa vida privada, eh.

E4: No hotel a encargada era bastante... aínda ela sabendo... ela pretendía que eu soubese un alemán perfecto e non tiña... sabes? Era case un desprezo o que ela tiña porque eu non soubese o alemán. E despois, a nivel de clientela, nunca tiven... na administración si, non se adaptaban ao feito de que non soubeses ben alemán. De feito, sempre hai unha disposición que se ti non sabes ben alemán pois que vaias cun intérprete, e que eu poucas veces tiña a posibilidade de ir con un. Eu tiña que ir só e ás veces é un calvario entender o que querían de min. Despois, como teñen uns tópicos típicos sobre o que é español e che falan de... Mallorca... e as Canarias, e fiesta e tal... como son tópicos positivos non te tratan coma quen vén roubar o traballo.

S: Estableceches moita relación con poboación local? Con xente alemana?

E4: Si. Eu de amizades a verdade é que ou ben son alemáns fillos de emigrantes... así, case todos son. A maioría ou son emigrantes ou fillos de emigrantes. Tamén me relaciono con alemáns a nivel de política e todo esto.

S: Ao longo do día, ti con quen dirías que pasas máis tempo: con xente nativa, xente alemá, ou con xente do teu sitio de orixe?

E4: Con xente do meu sitio de orixe... nada... atopei galegos, pero non me relaciono habitualmente con eles. Non sei, a nivel laboral, sobre todo, con compañeiros alemáns sobre todo.

S: Por aí iba un pouco a pregunta, porque moita xente como que establece “guetos” ou cérrase moito na xente que Galicia, ou de España, e outros que se infunden máis na cultura? Non sei como era o teu caso. O sea, ao cabo do día pasabas máis tempo con xente alemana ou con xente galega, española, ou con outros emigrantes en xeral.

E4: Outros emigrantes en xeral.

S: Durante a túa estancia en Alemaña volveches a Galicia algunha vez ou volves regularmente? A facer visita ou o que sexa.

E4: Si, volvo unha vez ao ano.

S: Durante a túa estancia en Alemaña mantés contacto ou mantiveches contacto coa familia, seres queridos... co teu entorno aquí do local?

E4: Si, si, si. Víñanme visitar.

S: Por que medio? Como te comunicabas con eles?

E4: Polo Whatsapp, normalmente.

S: Facendo un balance xeral: que alorarías como o mellor de Alemaña en comparación ao teu lugar de orixe e, ao contrario, que valorarías como o mellor de aquí en relación a Alemaña?

E4: Pois, aquí valoro as condicións laborais, a posibilidade real de poder ter unha vida propia sen depender da familia economicamente. E valoro positivamente tamén o ambiente cultural que hai, aínda que Galicia tampouco desmerece tanto, desde logo... ao vivir nunha gran metrópole da a posibilidade de viaxar, que alí tamén o podería facer se tivera as condicións económicas axeitadas, pero xa que estou aquí...

S: E o que máis botas de menos aí en Alemaña?

E4: Pois, as paisaxes, a familia, a comida... aquí non se come... a comida aquí... non imos comentar máis... quizais a proximidade social... non sei, porque, tamén digo, alá tiña amizades, pero eran máis da infancia, da universidade... Pero non diría que alá a xente cando... por exemplo, o tema dos Erasmus... non vía moita proximidad da xente cara un Erasmus, sobre todo se non sabían castellano ou galego. Non vexo moita diferenza. Aquí as amizades que un ten tamén son das aficións, por exemplo as academias de idioma. Os contactos sociais que un vai creando... tampouco creei moitos pero si son estables no tempo. Pero tampouco vexo demasiadas diferenzas co que viría sendo a Galiza, así que aí non podo dicir...

S: Despois de todo este tempo, estás adaptado a Alemaña?

E4: Si. Eu creo que estou máis ligado con Galiza. Sempre hai que ter presente a emigración é un dilema constante, que non quere dicir que esteas agobiado todos os días, pero si que é unha ruptura entre o que eras antes e o que agora es... estás sempre

entre dous mundos. Pode crearche un dilema moral moi grande. Depende de moitas circunstancias... se te tratan ben onde estás vivindo... vaste adaptando. En todo caso, hoxe en día, coas novas tecnoloxías podes estar moi pendente do que pasa alá. Por moi lonxe que esteas, entérase do que pasa alá case ao minuto.

S: Canto tempo dirías que che levou adaptado a Alemaña?

E4: Creo que dous anos ou tres. Foi máis fácil sentirme agusto aquí que ter unha vez que conseguín certa estabilidade económica. Tampouco, como xa estivera en Europa Central, non me parecía tan estraño todo. A cidade de Hamburgo ten moitas posibilidades, entón, bueno, intentei coñecer todo o posible, non estar pechado na casa, saír... nese sentido, tomei unha actitude positiva de cara á cidade e á sociedade. Entón, adapteime máis rápido aos horarios, de mentalidade... que de encontrar unha estabilidade económica.

S: Xa a última: de todas estas preguntas, todos estes factores que levamos falado, cal foi pa ti o máis importante para adaptarme? O dominar ben o idioma, conseguir xa un bo traballo, conseguir unha vivenda fija, entre comillas... de todos estes, cal dirías que foi o máis clave, o máis importante?

E4: (Pensa varios segundos) Non sei. Non sei, porque... non sei. É unha pregunta difícil, porque se un... a ver, se un ten que desenvolverse día a día nun idioma... e ten que saber ler, saber expresarse nese idioma... eso é fundamental. Ou gústalle entender as cousas, poder ler formularios, poder ir ao cine, entender a película... pero ao mesmo tempo, vexo que hai moitos migrantes que sen saber moi ben alemán... pois están traballando. En teoría... son persoas ás que a extrema dereita critica porque non están integrados porque “ah! Non saben alemán ben... non sei que...”. Pero bueno, eles teñen a súa familia aquí, o seu traballo, os seus fillos... É o que che esixe o traballo, se traballas de cara ao público, o idioma é fundamental. Tamén unha vivenda é importante, un fogar estable tamén é fundamental... se coñeces o teu barrio, tes o teu lugar, sabes que tes... sabes que non tes que moverte, porque ao principio era un pouco caótico mudarse dun lugar a outro... non saber moi ben onde encontrar unha vivenda axeitada ao que eu quixera. Eu o que quería era que viñese a miña moza aquí a vivir, entón, tiña que ofrecer unha cousa máis... por exemplo, agora vivimos os dous sós nun piso... pero, claro non é

tarefa fácil. tamén é ese espazo que ti tes na túa casa... o ter que convivir con outras persoas...

Entrevista 5 (E5)

Datos da entrevistada

Código da entrevista	E5
Medio empregado para a entrevista	Vídeo chamada por Whatsapp
Sexo	Muller
Idade	45
Anos emigrada	2008-Actualidade
Emigrada en	Frankfurt
Lugar de procedencia	Cabana de Bergantiños

Elaboración propia.

Por motivos técnicos, a Entrevista 5 non se puido gravar con éxito. Por esta razón, a transcripción non se atopa dispoñible. As referencias a E5, así como a información exposta no presente traballo en relación á devandita entrevista son froito das anotacións recollidas a man durante o transcurso da mesma.